

[informe]cero

DO SECTOR DAS ONGDs EN GALICIA



Coordinadora Galega de ONGs
para o Desenvolvemento

Edita:

© Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento

Rúa dos Basquiños, 33-1ºA

15704 Santiago de Compostela

Tel./Fax: 981 585 189

Móbil: 618 626 627

coordinadora@galiciasolidaria.org

www.galiciasolidaria.org

Colaboran:

Dirección Xeral de Cooperación Exterior: Presidencia. Xunta de Galicia

Dirección Xeral de Política Lingüística: Presidencia. Xunta de Galicia

Deseño e maquetación: ekinocio comunicación

Imprime: Litor;

ISBN: 978-84-8181-227-5

Depósito legal:

[informe] **cero** DO SECTOR DAS ONGDs EN GALICIA



Coordinadora
Galega de ONGs para
o Desenvolvemento



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Dirección Xeral de Cooperación Exterior



cooperacióngalega



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

índice

9	1. Descrición e obxectivos do estudo
11	1.1 A demanda da Coordinadora Galega de ONGDs
11	1.2 A proposta da equipa técnica de Cidadanía
15	2. Metodoloxía
17	2.1 Descrición das ferramentas metodolóxicas
19	2.2 Técnicas de investigación
23	3. Evolución histórica, marco normativo e acción institucional
25	3.1 Introducción
31	3.2 A acción pública na cooperación internacional ao desenvolvemento
43	4. Ficha das organizacións
45	4.1 Datos descritivos
51	4.2 Estrutura organizativa
56	4.3 Funcionamento
64	4.4 Comunicación e participación na organización
68	4.5 Recursos financeiros
72	4.6 Proxecto e actividades
82	4.7 Intercooperación
84	4.8 A Coordinadora Galega de ONGDs
86	4.9 Administracións Públicas e outras entidades
91	5. Grupos de discusión e análise
93	5.1 Grupos de discusión
100	5.2 Grupos de análise
109	6. Entrevistas
111	6.1 Medios de comunicación
114	6.2 Administración e entidades de cooperación
121	7. Grupo de investigación acción participativa
129	8. A modo de reflexións
133	9. Material de traballo
169	10. Glosario, bibliografía e lexislación

Índice de Táboas

- 29 Táboa 1. Ano de constitución das ONGDs que operan en Galicia. Décadas 50-80
- 29 Táboa 2. Ano de constitución das ONGDs que operan en Galicia. Década dos 90
- 46 Táboa 3. ONGDs en Galicia. Distribución por concellos. Números absolutos e porcentaxes
- 49 Táboa 4. Grupos locais. Distribución xeográfica. Números absolutos
- 50 Táboa 5. Distribución dos grupos locais segundo organización, localidade e ano de constitución
- 51 Táboa 6. Estrutura organizativa. Datos segundo número de efectivos e media por entidade
- 54 Táboa 7. Expertos . Áreas de traballo. Datos en porcentaxes
- 60 Táboa 8. Grupos de traballo segundo áreas. Datos absolutos
- 61 Táboa 9. Órganos de funcionamento. Datos absolutos e media de participantes por entidade
- 62 Táboa 10. Participación das delegacións na estrutura estatal
- 65 Táboa 11. Recursos de comunicación. Grao de efectividade. Datos en medias
- 66 Táboa 12. Fórmulas de participación e valoración
- 66 Táboa 13. Sistemas de captación e grao de efectividade. Datos absolutos e en medias
- 67 Táboa 14. Mecanismos de mellora e tipo de xestión. Datos en porcentaxe
- 69 Táboa 15. Distribución dos ingresos. Datos en euros e porcentaxes
- 69 Táboa 16. Distribución dos ingresos segundo tipo de administración. Datos en euros
- 70 Táboa 17. Aportacións privadas. Datos en euros
- 71 Táboa 18. Doazóns en especies. Datos en porcentaxes
- 71 Táboa 19. Gastos. Distribución por capítulos. Datos en euros
- 73 Táboa 20. Tipos de actividades desenvoltas polas ONGDs. Datos absolutos
- 77 Táboa 21. Fondos executados polas ONGDs en proxectos de cooperación
- 83 Táboa 22. Cooperación entre entidades. Datos absolutos
- 88 Táboa 23. Proxectos con concellos e valoración do apoio prestado. Datos absolutos e en medias

Índice de Gráficas

- 30 Gráfica 1. Data de constitución de ONGDs que operan en Galicia. Números absolutos
- 40 Gráfica 2. Socios incorporados ao Fondo Galego. Datos segundo ano de incorporación
- 41 Gráfica 3. Evolución do número de socios incorporados ao Fondo Galego
- 45 Gráfica 4. Distribución da mostra segundo ano de constitución. Números absolutos
- 47 Gráfica 5. Entidades en Galicia segundo ámbito de actuación. Datos absolutos
- 47 Gráfica 6. Distribución da mostra segundo a localización das sedes centrais. Números absolutos
- 48 Gráfica 7. Distribución da mostra segundo a década de constitución dos grupos locais
- 52 Gráfica 8. Xornada laboral do persoal contratado. Datos en porcentaxes
- 53 Gráfica 9. Persoal contratado. Perfil segundo sexo e grupos de idade. Datos en números absolutos
- 54 Gráfica 10. Expertos. Distribución segundo grupos de idade e sexo. Datos en números absolutos
- 55 Gráfica 11. Voluntariado. Distribución segundo grupos de idade e sexo. Datos en números absolutos
- 56 Gráfica 12. Colectivo de socios e socias. Perfil segundo xénero. Datos en números absolutos
- 57 Gráfica 13. Forma xurídica das entidades. Datos en porcentaxes
- 58 Gráfica 14. Áreas de traballo. Datos en números absolutos
- 63 Gráfica 15. Grao de autonomía nas tarefas relacionadas coa xestión interna da entidade.
Valoración media
- 63 Gráfica 16. Grao de autonomía na elaboración de proxectos de cooperación e axuda humanitaria.
Valoración media
- 64 Gráfica 17. Grao de autonomía na elaboración de proxectos de sensibilización e educación ao desenvolvemento. Valoración media
- 67 Gráfica 18. Ferramentas de mellora. Datos absolutos
- 69 Gráfica 19. Ingresos públicos. Datos en porcentaxes
- 70 Gráfica 20. Aportacións privadas. Datos en porcentaxes
- 71 Gráfica 21. Distribución dos fondos. Datos en porcentaxes
- 74 Gráfica 22. Distribución accións por categorías de actividades. Datos en porcentaxes
- 74 Gráfica 23. Actividades realizadas polas ONGDs en 2004. Datos absolutos
Tipos das actividades desenvoltas polas ONGDs. Datos en porcentaxes
- 75 Gráfica 24. Número de ONGDs que desenvolveron algún tipo de actividade. Datos absolutos
- 76 Gráfica 25. Distribución dos proxectos por zonas xeográficas. Datos en porcentaxes
- 76 Gráfica 26. Distribución de fondos por zonas xeográficas. Datos en números absolutos
- 76 Gráfica 27. Distribución dos fondos por zonas xeográficas. Datos en porcentaxes
- 78 Gráfica 28. Distribución dos proxectos segundo actividades. Datos en números absolutos
- 79 Gráfica 29. Distribución dos proxectos por sectores de poboación. Datos en números absolutos
- 79 Gráfica 30. Destinatarios das accións dos proxectos de cooperación. Datos en porcentaxes
- 80 Gráfica 31. Destinatarios das accións de sensibilización e EPD. Datos en porcentaxes
- 80 Gráfica 32. Destinatarios das accións de sensibilización e EPD. Datos en números absolutos
- 80 Gráfica 33. Temáticas das accións de sensibilización. Números absolutos
- 81 Gráfica 34. Tipo de Financiación dos proxectos. Números absolutos
- 82 Gráfica 35. Tipo de Financiación dos proxectos. Datos en porcentaxes
- 84 Gráfica 36. Valoración das ONGD das áreas de traballo da Coordinadora Galega. Datos en medias
- 87 Gráfica 37. Valoración do apoio prestado polas Administracións e outras entidades.
Datos en medias

[1]

Descrición e obxectivos do estudo

Explicitamos o marco no que se inscribe este proxecto,
os trazos xerais sobre o seu desenvolvemento e
os obxectivos concretos que persegue

1.1 A demanda da Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento

O proxecto de elaboración do Informe Cero das ONGDs responde á demanda da Coordinadora Galega de ONGDs de contar cun diagnóstico do sector da cooperación ao desenvolvemento sobre o que basear a elaboración de futuras liñas de traballo.

A demanda, polo tanto, ten as súas raíces nun modelo de planificación que permita coñecer a realidade sobre a que intervir, para detectar as características relevantes dela, así como as problemáticas máis sentidas. Desta forma, a programación responderá ás necesidades das ONGDs galegas, aproveitando ou potenciando aquelas estruturas e condicións positivas que se dan no sector.

Non abordamos no estudo a situación da cooperación ao desenvolvemento en relación co ámbito empresarial galego, aínda que si entendemos a necesidade e interese de implicar ao sector dende a Coordinadora.

Inicialmente o diagnóstico ofrece unha descrición global da cooperación ao desenvolvemento, das características das ONGDs (estrutura organizativa, recursos financeiros, colaboración con entidades, etc.) e das súas problemáticas (organizativas, formativas, fortalecemento, etc). En concreto, a demanda puña fincapé na realización dunha análise cuantitativa e cualitativa contando en todo o proceso de elaboración coa implicación e participación dos axentes centrais do sector na nosa comunidade.

1.2 A proposta da equipa técnica de Cidadanía

• O enfoque cualitativo

Mentres a perspectiva cuantitativa ofrece a posibilidade de ordenar aos suxeitos da investigación en agregados e distribuíla en función de distintas variables, a perspectiva cualitativa de investigación social dá conta de estruturas, discursos, opinións, identidades e polo tanto ten unha potencia explicativa que vai permitirnos abordar as problemáticas que afectan ao sector da cooperación ao desenvolvemento con maior grao de profundidade analítica. Por outra banda, a partir da análise do discurso, poden establecerse as cuestións e as formulacións relevantes para o deseño de ferramentas cuantitativas, como é o caso da ficha dirixida ás entidades, polo que unha perspectiva potencia á outra.

• A metodoloxía participativa

As metodoloxías participativas de investigación, en estreita relación coa investigación-acción, poñen o acento no sentido da investigación: no seu *para que*.

Dunha parte, tómase en conta que na aprensión da realidade social sempre se acota o *que investigamos*, polo que se incorpora o criterio de ‘investiguemos aquilo que poida sernos útil para actuar’. Deste xeito, a investigación toma un sentido cara a acción. Isto é perfectamente coherente co tipo de diagnóstico necesario naquela secuencia de planificación.

Doutra parte, no sentido da investigación, no seu *para que*, está integrada tamén a cuestión do *para quen*. A acotación da investigación segue o criterio de ‘investiguemos aquilo que poida sernos útil para actuar’, pero a quen lle é útil?, quen debe actuar?.

Trátase polo tanto de seguir unha metodoloxía de investigación que recolla a participación das ONGDs desde a definición de ‘que queremos investigar’ ata a elaboración de resultados en forma de propostas de acción.

A incorporación desta perspectiva participativa foi recollida positivamente pola Coordinadora.

- **A participación da Coordinadora e das ONGDs na definición do proxecto**

Durante o que xa podemos considerar unha primeira fase da investigación, que se corresponde co primeiro achegamento ao campo, levouse adiante un traballo de difusión do proxecto ás entidades a través dunha xornada de presentación.

A maiores mantivemos contactos e entrevistas con representantes das administracións, de entidades e medios de comunicación, nas que, pola nosa parte, expuñámoslle en que consistía o estudo, con que fins se facía e cal era a metodoloxía de traballo. Da súa parte, recollimos a identificación das principais problemáticas que tiña sentido estudar.

Se a negociación entre a Coordinadora e a equipa de Cidadanía foi directa, a través de xuntanzas centradas no proxecto de investigación, a participación das ONGDs materializouse na constitución dun giap (grupo de investigación acción-participativa). Este grupo mantivo reunións periódicas ao longo de todo o proceso.

- **Confluencia na definición dos obxectivos do estudo**

Froito do proceso de negociación descrito, os obxectivos do estudo perfilanse como segue:

Desde o punto de vista do *para que* e *para quen*, o obxectivo é:

- Producir información útil que oriente o traballo da Coordinadora e da Administración Autonómica en materia de cooperación ao desenvolvemento.
- Producir información útil que oriente a realización de accións por parte das ONGDs.
- En definitiva, producir información útil para a acción encamiñada á mellora da cooperación ao desenvolvemento, tanto por parte da Coordinadora e da Xunta de Galicia, como por parte das propias entidades, perseguindo tamén o intercambio mutuo e a xeración de sinerxías entre uns e outros.

Desde o punto de vista concreto dos produtos resultantes do estudo, o obxectivo é:

- Acadar unha *descrición* cuantitativa das ONGDs en Galicia, que trace un mapa das súas características segundo tipoloxías, estrutura organizativa, recursos, perfil do persoal, etc.
- Acadar un coñecemento das opinións, perspectivas ou expectativas, necesidades sentidas, etc., das entidades a través dunha aproximación cualitativa.
- Afondar na explicación das principais problemáticas, tendencias e procesos de cambio, para identificar os campos máis sensibles á intervención e á incorporación de melloras.

Desde o punto de vista dos principais contidos nos que se centra o estudo, o obxectivo é:

- Trazar o **Mapa do Sector de ONGDs en Galicia**: Número de organizacións, actividades, socios, colaboradores e voluntarios, volume de emprego xerado, ubicación e ámbito xeográfico de actuación, etc.
- Coñecer a percepción do sector por parte da sociedade: da cidadanía en xeral, doutras organizacións sociais, de voluntarios e potenciais colaboradores, etc. Coñecer cal é o papel que se lle atribúe, as identificacións positivas ou negativas que suscita, o grao en que se diferencian tipos de ONGDs, etc.
- Promover a reflexión do propio sector en torno á súa situación:
 - A evolución histórica na nosa comunidade
 - A súa base social
 - A proxección social e a efectividade da súa acción
 - As súas relacións coa Administración Pública no desenvolvemento das súas campañas e actividades

- As súas relacións con outros axentes sociais (sector económico, sociedade civil organizada...)
 - As prácticas de intercooperación entre diferentes ONGDs
- Elaborar e debater os resultados anteriores en tanto que referencia para as liñas estratéxicas e as propostas de políticas públicas desde e cara o sector de ONGDs en Galicia. Identificar así mesmo as boas prácticas. Implicar neste debate ao conxunto de ONGDs activas na nosa comunidade, así como á propia Administración Autonómica.

[2]

Metodoloxía

Tres foron as principais ferramentas metodolóxicas utilizadas para incorporar as achegas dos distintos sectores sociais. Presentamos o funcionamento e o desenvolvemento concreto no proceso de cada unha delas.

2.1 Descrición das ferramentas metodolóxicas

- **Metodoloxía**

A metodoloxía que propoñemos baséase na complementariedade de tres perspectivas:

- Perspectiva **participativa**
- Perspectiva **cualitativa**
- Perspectiva **cuantitativa**

Cada unha delas adecúase á consecución de obxectivos distintos, así como á investigación de facetas da realidade diferentes. A articulación das tres permite acadar un grao de coñecemento e de orientación á acción adecuado aos obxectivos formulados.

Que dimensión da realidade nos permite abordar a **metodoloxía cuantitativa**, a través da técnica da ficha de organización?

Como técnica, a ficha de organización permite coñecer e sistematizar a presenza e distribución de determinadas variables que se circunscriben á categoría de 'elementos' cuantificables e que constitúen unha primeira descrición das organizacións. Estes elementos cuantificables deben ser idénticos a si mesmos, polo que son de carácter obxectivo ou suxeitos a convencións xerais.

Cara aos obxectivos formulados neste proxecto de investigación, a metodoloxía cuantitativa permitiríanos coñecer elementos como:

- **Ámbito xeográfico** de actuación. Recolleríanse circunstancias como o carácter local, autonómico, estatal ou internacional das organizacións, así como a ubicación das sedes en Galicia. Outras cuestións en relación ao ámbito xeográfico teñen que ver coa concentración de socios ou colaboradores nunha localidade ou o seu carácter máis amplo e/ou disperso; coas localidades onde desenvolven actividades e outras.
- Cuantificación do número de **socios**, de **colaboradores**, de **activistas**, de **asalariados**, de **voluntarios** e **cooperantes**, así coma os seus perfís socio-demográficos (idades, perfís profesionais, nivel de estudos, etc.).
- As **actividades** desenvoltas polas organizacións. A orientación da cooperación cara rexións concretas, o tipo de cooperación prestada, etc.

- Os **recursos financeiros**, a súa orixe, as fórmulas de xestión.
- Do mesmo modo, poden identificarse **evolucións destas variables** no tempo.

Que dimensión da realidade nos permite abordar a **metodoloxía cualitativa**, a través da técnica do grupo de discusión?

Como técnica, o grupo de discusión permite coñecer o discurso, a percepción subxectiva, as referencias simbólicas, as valoracións... da poboación. Aproxímanos á construción social do discurso, neste caso sobre as ONGDs.

Cara aos obxectivos formulados neste proxecto de investigación, a metodoloxía cualitativa permítenos coñecer os discursos e valoracións en torno aos seguintes temas:

- A **percepción** do papel das ONGDs na sociedade.
- A **identificación** positiva/negativa coas ONGDs presentes en Galicia e das súas actividades, así como as causas estruturais desta identificación (no nivel do discurso).
- A **valoración das relacións** entre o sector de ONGDs e outros axentes públicos, privados e da sociedade civil.
- A **identificación de tipoloxías diferenciadas** dentro do sector de ONGDs e a valoración e identificación con cada unha delas.

Que traballo de autodiagnose cara ás liñas de actuación nos permite abordar a **metodoloxía participativa**, a través da constitución dun grupo de i-a-p (investigación-acción participativa) e da implicación das propias ONGDs no informe cero?

A investigación-acción participativa inscríbese nunha perspectiva que supera a escisión entre obxecto e suxeito de investigación e orienta o coñecemento buscado e producido a liñas de actuación prácticas. No caso do estudo das ONGDs trátase de facer protagonistas da xeración de coñecemento ás persoas implicadas nas organizacións. As virtualidades desta perspectiva son:

- A participación tradúcese na **priorización** do estudo daqueles **elementos que poden ser claves** para as políticas de actuación desde e para o sector.

- A participación activa das organizacións no proceso de investigación garante non só a divulgación dos resultados da mesma, senón a tradución destes resultados en **liñas estratéxicas deseñadas e asumidas polo propio sector**.
- A relación co equipo de investigación é enriquecedora para o sector. Este equipo funciona como un facilitador do autoconecemento das ONGDs. A devolución constante da información, así como a articulación de espazos para o seu debate e a súa posta en clave propositiva, significan un **input de aprendizaxe para o sector de ONGDs**.

A participación do sector vehicúlase a través da convocatoria e presentación do proxecto de investigación ao conxunto das ONGDs con presenza na nosa comunidade.

A partir das disponibilidades e intereses manifestados, ordénanse distintas canles de participación que van desde o mantemento dun fluxo constante de información (de ida e volta, da organización ao equipo investigador e viceversa) ata a participación persoal no grupo de i-a-p.

Este grupo de i-a-p, constituído por persoas de distintas ONGDs, a) fai un seguimento e unha orientación continua sobre o traballo de investigación, b) formula preguntas de investigación, c) debate sobre as informacións acadadas, d) traça liñas estratéxicas...

2.2 Técnicas de investigación

- **Análise documental**

O obxectivo desta fase é facer unha prospección inicial do campo de estudo, a partir dos datos e documentación existente. Trátase de coñecer o mapa de entidades con presenza en Galicia, así como todos aqueles datos sobre elas que foran rexistrados ou estudados ata o momento.

- **Presentación e conformación do grupo de i-a-p**

Na primeira fase do estudo realizouse unha xornada de presentación do proxecto de estudo ao conxunto de entidades, convidando a participar en xeral e, en especial, a integrarse no grupo de i-a-p.

Coa primeira reunión consideramos que arranca a investigación. Nela discutíronse as preguntas de investigación inicial e recolléronse as propostas referidas aos obxectivos do estudo.

Durante todo o proceso o grupo de i-a-p mantivo cinco xuntanzas de traballo. As xuntanzas celebráronse en Santiago cunha periodicidade bimestral. De cara unha maior operativización e difusión do traballo do grupo, articuláronse fórmulas de coordinación: sistemas de actas a disposición do conxunto, sesións plenarias de posta en común, e a páxina web da Coordinadora.

- **Desenvolvemento da ficha de organización**

A **ficha de organización** é autocumplimentada por cada unha das ONGDs. Esta ficha reporta información de dúas naturezas. A) Dunha parte, ao recoller as variables xa formuladas no apartado de obxectivos, ofrece unha descrición cuantitativa do sector. B) Doutra parte, a ficha formula a posibilidade de incorporar preguntas abertas para a reflexión colectiva dentro de cada organización (afondando na dimensión participativa). Estas preguntas poden recoller as inquedanzas, expectativas ou demandas cara ao propio proceso de investigación, así como reflexións máis xenéricas sobre a situación e os retos do sector de ONGDs en Galicia.

A ficha foi enviado a máis das cen entidades que forman parte do Rexistro Galego de ONGDs da Xunta de Galicia. En total obtivemos resposta de corenta organizacións. O cuestionario foi remitido a Cidadanía para a súa posterior validación e análise dos datos.

- **Grupos de discusión e grupos de análise**

Os grupos de discusión están formados por persoas de fóra do ámbito das ONGDs. A mostraxe para a confección dos **grupos de discusión** é de carácter estrutural, baseada nas 'posicións sociais' máis que na representatividade numérica. Unha vez identificadas as 'variables posicionais' máis relevantes para o noso estudo (a idade, o sexo, o nivel de estudos, o ámbito territorial, a participación en organizacións sociais distintas das ONGDs, o nivel de renda...), faise un deseño dos perfís de cada un dos grupos. Organizáronse un total de **3 grupos de discusión nas cidades de Ferrol, Lugo e Vigo**. O contido do discurso de cada un é transcrito e analizado, buscando as respostas aos temas de investigación formulados para esta fase.

Para incorporar a visión de voluntarios, cooperantes, socios e colaboradores, fórmulase a realización doutras técnicas grupais máis flexibles, tamén de carácter cualitativo e que buscan as súas valoracións á vez que as reflexións máis cualificadas sobre a situación do sector. Organízanse un total de **3 grupos de análise nas cidades de A Coruña, Santiago e Vigo**.

Como complemento aos grupos, realizaranse tamén, dentro desta perspectiva cualitativa, **entrevistas en profundidade** a axentes clave identificados polo grupo de i-a-p. Realizáronse un total de doce entrevistas.

- **Elaboración de informes parciais**

Neles recóllense os resultados de cada unha das **fases**. Serven así como material de traballo para o grupo de i-a-p. Ademais do propio debate e da aproximación ao diagnóstico, estes documentos poden dar lugar a novas preguntas de investigación que, na medida do posible, son reincorporadas polo equipo de investigación ao proceso.

- **Elaboración do informe final e debate sobre liñas de actuación**

Unha vez rematada a investigación propiamente dita, elaborárase un informe final. Este será presentado inicialmente ao grupo de i-a-p. Xunto con este grupo, concíbese a presentación do informe ao conxunto das ONGDs, nunha sesión onde se recolla o debate sobre os resultados e o acordo sobre liñas de traballo. A sesión contempla o traballo en plenario e traballo en talleres de tamaño máis reducido que faciliten a participación de todos/as os/as presentes, así como unha maior operatividade no traballo.

- **Cronograma**

Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9
Análise documental	■								
Grupo de i-a-p	■		■		■		■		■
Fluxo información		■		■		■		■	
Ficha de organización		■	■	■					
Grupos de discusión				■	■	■			
Grupos e entrevistas					■	■	■		
Informes parciais		■			■	■	■		
Informe final								■	■
Debate liñas de actuación									■

[3]

Evolución histórica, marco normativo e acción institucional

Neste capítulo damos conta do sector da cooperación ao desenvolvemento en Galicia no que respecta á traxectoria na acción pública da administración así como da estrutura e normativa que rexe na nosa comunidade

3.1 Introducción

O actual sistema galego de cooperación internacional para o desenvolvemento é o resultado dun longo proceso evolutivo que se manifesta en diferentes dimensións (organizativa, na identidade e os valores, nas relacións entre os diferentes actores,...) e que afecta tanto aos actores da sociedade civil implicados, nomeadamente ás ONGDs, como ás distintas administracións públicas que desenvolven políticas no campo da cooperación internacional.

No seguinte apartado imos describir as principais liñas da evolución histórica do sector de ONGDs no contexto internacional, estatal e galego. O obxectivo non é dar conta dunha descrición cronolóxica lineal dos principais acontecementos, senón destacar a influencia desta evolución na configuración presente do sector de ONGDs en Galicia. Alén do papel desenvolto polas ONGDs, o estado actual da cooperación internacional para o desenvolvemento en Galicia está modelado de maneira importante nos últimos anos pola acción das administracións públicas, fundamentalmente a autonómica e, en menor medida a local. A interrelación desta acción institucional co labor desempeñado polos distintos actores da sociedade civil é un dos piares do sistema galego de cooperación internacional ao desenvolvemento. Imos pois, describir como se foron configurando e desenvolvendo as políticas públicas na materia e cal é o panorama actual das mesmas.

- **Evolución histórica do sector. As ONGDs en España**

O fenómeno das ONGDs nace no mundo occidental despois da II Guerra Mundial. Un dos acontecementos históricos co que aparece estreitamente relacionado é o proceso de descolonización: créanse as primeiras ONGDs de axuda aos países do Sur e os Estados ricos comezan a desenvolver as súas primeiras políticas de axuda oficial ao desenvolvemento. Nestes primeiros anos asistimos á emerxencia dun concepto de solidariedade no que predomina a visión asistencialista, e iso explícase en boa medida pola influencia das concepcións da tradicional labor solidaria e caritativa dunha Igrexa Católica que ten neste sector un enorme peso nas súas primeiras décadas de existencia.

Non será ata os anos sesenta, ao ritmo dos importantes acontecementos históricos da época, cando poidamos falar da emerxencia de novas concepcións da solidariedade ao constatar a presenza de organizacións, agora laicas e/ou vinculadas a grupos profesionais, que poñen a énfase non só na transferencia de fondos e persoas, senón na organización dos receptores dos recursos para o seu propio autodesenvolvemento. Non só se diversifican os actores impulsores

do desenvolvemento, con eles mudan tamén as concepcións da solidariedade que agora tratan de facer protagonistas aos propios receptores da axuda mediante proxectos de desenvolvemento integrais e a medio-longo prazo.

Se analizamos a evolución do sector en España, podemos observar unha coincidencia con respecto ao apuntado no parágrafo anterior, se ben o peso dunha solidariedade estreitamente ligada á óptica confesional e a visión asistencial e misioneira da igrexa católica é aínda maior (nesta liña se encadrará a fundación en 1942 de Cáritas Diocesana). Por outra parte, as transformacións cualitativas ás que antes nos referíamos terán lugar cun certo desfacemento cronolóxico. Así, predominou unha visión asistencialista da solidariedade e, en consecuencia, caracterizada polo envío de axuda humanitaria e de persoal das organizacións, na maioría dos casos persoal reglar.

Nos anos sesenta vai xurdir un novo enfoque na axuda, nacemento novas organizacións ligadas á igrexa católica pero que abandonan a lóxica misioneira e evanxelizadora, é o caso de Misión y Desarrollo, logo Intermon (1956), e Mans Unidas (1960) (De Felipe, Rodríguez De Rivas, 1995). Pero pouco a pouco en España tamén comezan a xurdir ONGDs laicas ou vinculadas a grupos profesionais, moitas delas como filiais estatais de importantes ONGDs internacionais, e mesmo movementos de solidariedade e cooperación vinculados a correntes de simpatía e apoio a movementos políticos e procesos revolucionarios en América Latina; un bo exemplo deste tipo de solidariedade e que ademais nos é próximo, é a fundación de COSAL (Comité de Solidariedade con América Latina) en 1979 co obxectivo de apoiar o proceso revolucionario despois da vitoria sandinista en Nicaragua ese mesmo ano. Os referentes, as motivacións e problemáticas que impulsan o nacemento de novas ONGDs e a emerxencia de novas concepcións da solidariedade e o desenvolvemento, diversifícanse e fundamentan a pluralidade interna dun sector que experimenta un importante auxe na década dos oitenta: se entre 1947 e 1979 fundanse en España 38 ONGDs, entre 1981 e 1990 fundáronse 51 (De Felipe, Rodríguez De Rivas, 1995).

Como apuntabamos anteriormente, España presenta un desfacemento cronolóxico en relación cos países da súa contorna no que se refire a cooperación para o desenvolvemento, algo que se pode explicar se temos en conta que a democracia non comeza a consolidarse ata finais dos setenta e que ata 1981 o Banco Mundial consideraba a España un país en vías de desenvolvemento (De Felipe, Rodríguez Rivas, 1995). Na década dos oitenta a situación comeza a

homologarse cos países da Europa Occidental; podemos afirmar que se consolidan elementos presentes noutros países: institucionalízase a Axuda Oficial ao Desenvolvemento, implántanse en España as ONGDs internacionais (Axuda en Acción en 1980, Paz e Cooperación en 1982), créase a SECIPI en 1985 (Secretaría de Estado para la Cooperación Internacional y para Iberoamerica) e a AEI en 1988 (Agencia Española de Cooperación Internacional), créase a Coordinadora española de ONGDs en 1986, aumenta o número de organizacións, os medios de comunicación prestanlle máis atención,...

Os estudos realizados sobre a evolución do sector sinalan como factores que están detrás desta consolidación: a instauración da democracia e a recuperación das liberdades políticas e civís, o ingreso na CEE e a posibilidade de acceso a recursos para o desenvolvemento, o crecemento económico e a reactivación da sociedade civil e o asociacionismo (De Felipe, Rodríguez Rivas, 1995; Martínez Sánchez, 1998).

Os anos 90 son os anos da explosión do sector en España; medra o voluntariado, o número de ONGs e de ONGDs, a solidariedade e colaboración da poboación, a atención dos medios de comunicación e das empresas privadas,... Así mesmo, as cuestións de solidariedade e desenvolvemento consolidan a súa presenza na axenda de goberno e en consecuencia os poderes públicos, en boa medida polas presións da cidadanía, préstanlle máis atención ás demandas das ONGDs. De novo os estudos sobre o sector indagan sobre os factores estruturais e conxunturais que están detrás desta explosión, tal e como sinalan De Felipe e Rodríguez De Rivas (1995):

- Percíbese un desencanto coas formas tradicionais de vinculación e compromiso político (partidos e sindicatos) especialmente na xuventude que canaliza o seu activismo político, os desexos de participar, o compromiso, cara novas formas e espazos de participación entre os que destacan as ONGDs e as ONGs.
- O aumento das necesidades sociais ante a crise do Estado de Benestar, leva a sociedade civil a organizarse e a participar na provisión e xestión do benestar.
- A reemerxencia de valores como a solidariedade e o compromiso.
- O crecemento económico é un elemento importante a ter en conta para comprender a crecente alza da cooperación e da colaboración dos cidadáns coas ONGDs.

- A existencia dunha importante franxa social con maior dispoñibilidade de tempo libre, pois os/as mozos/as incorpóranse cada vez máis tarde ao mercado de traballo e os/as activos/as retíranse antes do mercado laboral. Esta maior dispoñibilidade de tempo tamén se ve favorecida polo auxe das tecnoloxías da información.
- A confianza e a credibilidade que a sociedade ten nas ONGDs, algo ao que contribúe o papel dos medios de comunicación
- Factores conxunturais como o impacto das crises humanitarias, guerras, catástrofes naturais (xenocidio de Ruanda, guerra de Iugoslavia, furacán Micht,...), nas que os medios de comunicación xogan un papel clave á hora de mobilizar a solidariedade da sociedade.

Podemos constatar na actualidade un sector da solidariedade internacional e da cooperación para o desenvolvemento enormemente plural e diverso.

As dimensións, tanto cuantitativas como cualitativas, nas que se plasma esta heteroxeneidade son múltiples.

- **Evolución histórica do sector. As ONGDs en Galicia**

Galicia presenta un desfasamento cronolóxico con respecto ao conxunto do Estado no que se refire o auxe das ONGDs. Se ben algunhas organizacións especificamente galegas teñen a súa data de nacemento xa á finais dos setenta ou nos oitenta, o certo é que o *boom* que no Estado se produce a fins dos oitenta e a primeira metade dos noventa, en Galicia deberá agardar para amosarse na segunda metade da década. As seguintes táboas recollen os anos de constitución das ONGDs:

Táboa 1. Ano de constitución das ONGDs que operan en Galicia. Décadas 50-80.


Anos 50-60 e anterior	Anos 70	Anos 80
1876 Cruz Vermella Española	1979 Comités de Solidariedade con América Latina (COSAL)	1981 Axuda en Acción
1950 Federación Española de Religiosos Sociosanitarios (FERS)	-----	1985 Seminario Galego de Educación para a Paz
1956 Intermón Oxfam	-----	1987 Veterinarios sen Fronteiras-VETERMON
1960 Mans Unidas	-----	1988 Educación sen Fronteiras, Entrepobos
1965 Cáritas Diocesana de Santiago	-----	1989 Unicef, Natura Hispánica, Fundación para o Desenvolvemento da Enfermería

Fonte: elaboración propia

Táboa 2. Ano de constitución das ONGDs que operan en Galicia. Décadas dos 90-2000.

A expansión a partir dos 90	
1990	Bicis pola Paz
1991	Comité de Solidariedade con América Latina de Vigo "Oscar Romero", Farmacéuticos Mundi, Ecos do Sur, Paz y Desarrollo, IGADI
1992	Asociación de Solidariedade Salvador Allende; Solidariedade, Educación e Desenvolvemento
1993	Enxeñería sen Fronteiras, Compromiso e Misión
1994	Coopera, Amigos Escaes-Perú, Asociación Benéfica Hispanoamericana, Fundación Montecelo, Médicos sen Fronteiras, Voluntariado Social Rogas, Terra de Homes-España
1995	A Cova da Terra, Fundación CUME, Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María (FISC), Médicos do Mundo Galicia, Arquitectos sen Fronteiras Galicia, Inti
1996	AXUNICA, FUNDAL, Meniños, Proxecto Mundo, InteRed Galicia
1997	AIDA, Acción contra a Fame, Solidariedade Galega, Fundación Pro Mundo
1998	Ayuda y Desarrollo al Tercer Mundo, Implicadas/os no Desenvolvemento, Amigos da Terra-Xuventude, PROYDE (Promoción y Desarrollo), SOTERMUN Galicia
1999	Amarante, Solidariedade Internacional de Galicia, Entreculturas-Fe y Alegría, Anciáns do Mundo, Acción Social Néboa
2000-2003	Taller de Solidariedade, Huerfanos Misión Mishkishi, ONG Mi Perú, ADECO

Fonte: elaboración propia



Gráfica 1
Data de constitución das ONGDs que operan en Galicia. Números absolutos.

Fonte: elaboración propia


A comezos dos noventa o sector de ONGDs en Galicia era moi feble e estaba reducida a unhas poucas organizacións de carácter relixioso e pequenas ONGDs laicas con escasa presenza social e limitadas a algúns espazos urbanos. Foron estas pequenas ONGDs as que en 1991 sentaron as bases para a creación da Coordinadora Galega de ONGDs.

Na primeira metade da década, as ONGDs máis importantes a nivel estatal foron abrindo as súas delegacións en Galicia. Pero, como xa dixemos, foi na segunda metade, cando tivo lugar o auxe do sector en Galicia. No ano 2005, no Rexistro Galego de ONGDs estaban inscritas ao redor de 112 organizacións, das cales 39 están integradas na Coordinadora.

A Coordinadora estrutúrase en dous órganos: a Asemblea Xeral, na que se integran todas as ONGDs, e a Xunta Directiva electa pola Asemblea Xeral.

Cadro 1
Coordinadora Galega de ONGDs.
Estrutura orgánica.

Fonte: elaboración propia



Que razóns explican as pautas, dinámicas e ritmos da evolución histórica do sector e as diferenzas cualitativas e cuantitativas nas diferentes épocas en dita evolución?. Nas reflexións sobre a evolución histórica do sector que se levaron a cabo no giap, apuntáronse as seguintes opinións:

- A proliferación de ONGDs nos últimos anos está estreitamente ligada ao aumento da sensibilidade no seo da sociedade como reacción a unha determinada realidade social, pero tamén se cre que esta sensibilidade xa existía moito antes do crecemento do número de ONGDs aínda que este fenómeno permitiu consolidala.
- A eclosión de ONGDs en Galiza a mediados da década dos noventa explicaría-se non só polo aumento da sensibilidade no seo da sociedade, senón tamén por unha serie de acontecementos ligados a acción institucional: o incremento dos fondos públicos destinados a cooperación para o desenvolvemento e as esixencias legais de inscrición no rexistro de ONGDs da Xunta para o acceso a estes fondos.
- Moitos colectivos funcionaban antes, aínda que a súa alta se visibilice neste momento, precisamente por inscribirse no rexistro de ONGDs da Xunta e así poder acceder a uns fondos públicos en crecemento.
- Considérase que non existe unha relación unidireccional desde a Administración cara ás organizacións pois a actividade das ONGDs tamén estimulou o posicionamento e organización da Administración neste campo.
- Destácase a importancia de factores políticos como a consolidación da democracia en España. Coincídese na importancia deste factor, pero resáltase o feito de que moitos Estados europeos xa contaban con sistemas democráticos consolidados moito antes da proliferación de ONGDs, polo que debe relativizarse o potencial explicativo deste factor sen discutir a súa condición de factor necesario.

3.2 A acción pública na cooperación internacional ao desenvolvemento

• A Xunta de Galicia

A continuación recollemos os principais fitos desta política nos planos lexislativo, organizativo, de diálogo e colaboración cos demais actores da cooperación internacional e no referente aos instrumentos nos que se plasma a axuda. A

evolución experimentada en todos estes ámbitos configuran o marco no que se desenvolven a política actual da Xunta de Galicia en cooperación internacional para o desenvolvemento.


Foron as ONGDs galegas agrupadas na Coordinadora Galega de ONGDs as que a comezos dos noventa presionaron e esixiron ao goberno autonómico que dotase partidas orzamentarias para a cooperación ao desenvolvemento. En 1994 publicouse a primeira Orde de convocatoria para regular as axudas ás ONGDs.

Sen embargo, a orixe da política galega de cooperación situase no Convenio Marco asinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional e a Xunta de Galicia, en outubro de 1992. Neste convenio establecíase o compromiso de levar a cabo accións conxuntas no campo da cooperación ao desenvolvemento. Ademais, entre 1992 e 1993 a Xunta desenvolveu accións específicas nesta materia colaborando con algunha ONGD.

- A estrutura institucional

En paralelo ao desenvolvemento dos instrumentos da axuda, foise consolidando no seo da Xunta de Galicia unha estrutura institucional encargada de xestionar a política galega de cooperación internacional para o desenvolvemento. Desde as primeiras accións en 1992 ata 1998, a actuación en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento foi responsabilidade da Dirección Xeral de Relacións Institucionais. A raíz do Decreto 108/2000, que modificou a estrutura da Consellería de Presidencia e Administración Pública, esas competencias foron asumidas pola Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias dependente desa Consellería.

No 2001 creouse unha Dirección Xeral de Cooperación Exterior, no seo da Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, que asumía as tarefas de cooperación internacional. No 2003 modifícase de novo a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e suprímese a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, atribuíndose a outro órgano superior a execución das actividades: Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior que dependía funcionalmente da Presidencia da Xunta e organicamente da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. A responsabilidade directa da xestión exercea a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.



Cadro 2
Incardinación orgánica da cooperación internacional na Xunta de Galicia. 2003-2005

Fonte: elaboración propia con datos da Xunta de Galicia

Coa formación do novo goberno en Agosto de 2005 e a conseguinte reestruturación no organigrama da Xunta, crease a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, adscrita á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, é a encargada da dirección e coordinación das actuacións en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Cadro 3
Incardinación orgánica da cooperación internacional na Xunta de Galicia, desde Agosto 2005.

Fonte: Elaboración propia con datos da Xunta de Galicia



Por outra parte, créase en xuño de 2003 a Axencia Humanitaria de Galicia (declarada Fundación de interese galego en outubro de 2003) e dependente da Consellería de Emigración. O seu Padroado está formado por representantes dos departamentos da Xunta de Galicia con atribucións nas materias de relacións exteriores, cooperación ao desenvolvemento, protección civil, aseguramento e planificación sanitaria, acción social e voluntariado, ademais dun representante das comunidades galegas no exterior; co obxectivo de coordinar esforzos e concentrar recursos destinados a levar a cabo a prestación de axuda en caso de catástrofe humanitaria.

- O Marco normativo

Ata a aprobación da Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento, o marco normativo do sistema autonómico de axuda concretábase nas Ordes anuais que regulaban cada un dos seus instrumentos básicos. No ano 2002, a Xunta de Galicia elaborou un Anteproxecto de Lei de Cooperación ao Desenvolvemento para dotar dun marco xurídico unificado á cooperación galega para o desenvolvemento. Na elaboración do seu borrador participou activamente a Coordinadora Galega de ONGDs para o Desenvolvemento. En xuño de 2003, a Lei Galega de Cooperación para o Desenvolvemento foi finalmente aprobada por unanimidade no Parlamento Galego (Lei 3/2003). Esta Lei estruturábase en seis capítulos:

- No capítulo I regúlase o obxecto e ámbito de aplicación da Lei e sinaláanse os fins, obxectivos, principios e prioridades da política de cooperación galega ao desenvolvemento.
- No capítulo II fíxanse os mecanismos de planificación e coordinación e os instrumentos e as modalidades que adoptará a cooperación para o desenvolvemento.
- O capítulo III establece as institucións e os órganos de dirección, xestión e coordinación.
- O capítulo IV recolle os mecanismos de participación social e os axentes da cooperación nos que se inclúen a Xunta de Galicia, as organizacións non gobernamentais, as administracións locais, as universidades, as empresas e as súas organizacións e outros axentes.

- Os instrumentos da cooperación internacional

Os principais instrumentos dos que se dotou desde entón a política autonómica de cooperación internacional ao desenvolvemento foron:

- En 1994 mediante a Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 4 de abril, a Xunta de Galicia crea o Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Cooperación para o Desenvolvemento. Nese mesmo ano publicouse a primeira orde de convocatoria para regular a concesión de axudas a ONGDs. Desde entón, publícanse anualmente dúas ordes para financiar proxectos de cooperación ao desenvolvemento e actividades de formación e sensibilización promovidas por ONGDs.
- Os outros instrumentos da política autonómica foron: subvencións para a consolidación e fortalecemento de ONGDs con domicilio social en Galicia (a primeira orde foi publicada en 2004), e subvencións para proxectos

de cooperación ao desenvolvemento no exterior para as universidades, as empresas e organizacións empresariais, os sindicatos e as comunidades galegas no exterior (a primeira orde foi publicada en 2004).

- No 2002 publicáronse as primeiras ordes de concesión de bolsas de formación de técnicos/as en cooperación para realizar na propia Xunta, e nas Oficinas Técnicas de Cooperación de AECI.

Posteriormente, no ano 2004 convocáronse dúas ordes para bolsas de formación en cooperación internacional para titulados superiores: unha para a realización de prácticas na Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior, e outra para realizar en países con baixo índice de desenvolvemento humano, en colaboración coa AECI.

- Os órganos de coordinación e asesoramento

No desenvolvemento parcial da Lei, en xaneiro de 2005 publicouse o Decreto 326/2004, de 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento. Este regulamento permite a constitución da Comisión Interterritorial da Comisión Interdepartamental do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e da. O primeiro é o órgano de participación e consulta, da Xunta de Galicia coas Entidades Locais, a *Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento*, é o órgano técnico de coordinación entre os departamentos da Xunta que leven a cabo actuacións na materia, e o Consello Galego de Cooperación é o órgano de participación e consulta coa sociedade galega.

A *Comisión Interterritorial* estará composta polo Conselleiro competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, o titular do órgano superior ou centro directivo con competencias na materia, os titulares do departamentos da Xunta de Galicia en materia de facenda, administración local, pesca e medio ambiente, dous cargos locais electos nomeados pola FEGAMP e dous representantes do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

A composición da *Comisión Interdepartamental* será a seguinte:

- Presidente: o titular do centro directivo competente na materia.
- Vicepresidente: o director xeral competente na materia de administración pública.

- 1 vogal en representación de cada un dos restantes departamentos designados polos seus titulares, con rango de director xeral.
- 1 subdirector xeral da área de cooperación para o desenvolvemento, que actuará como secretario.

A primeira xuntanza do *Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento* tivo lugar en abril de 2005, contando coa seguinte composición:

- Presidente: o titular do centro directivo competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.
- Vicepresidente: electo entre os membros do Consello que representen aos axentes da cooperación, excluída a administración autonómica.
- 9 vogais en representación da Xunta: os titulares dos centros directivos dos Departamentos competentes en materia de facenda, sanidade, medio ambiente, pesca, voluntariado, educación, emigración e inmigración, asuntos sociais e administración local.
- 5 vogais das ONGDs propostos pola Coordinadora Galega de ONGDs.
- 1 vogal representante das empresas galegas proposto pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- 1 vogal representante das organizacións sindicais proposto polas tres centrais con maior representatividade na Comunidade Autónoma.
- 1 vogal representante das comunidades galegas no exterior proposto pola comisión delegada do Consello das Comunidades Galegas.
- 1 vogal representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- 1 representante das universidades galegas proposto polo Consello Galego de Universidades.
- 1 vogal representante das fundacións das caixas de aforros de Galicia.
- 2 expertos independentes nomeados por maioría cualificada dos representantes dos axentes de cooperación que integran o Consello.

- Os instrumentos de planificación

A Lei 3/2003 constitúe o mandato normativo para que o goberno galego desenvolva unha política pública na materia. Co obxectivo de ordenar esta política e de facelo mediante a colaboración cos actores da sociedade civil e outras administracións, elaboráronse o Plan Director 2005-2008 da Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (documento que non chegou a tramitarse no Parlamento debido á súa disolución pola convocatoria de eleccións autonómicas en xullo de 2005) e o Plan Anual 2005 que constitúen os instrumentos centrais da planificación da axuda.

O borrador do Plan Director 2005-2008 definía o marco estratéxico que orienta a acción da cooperación internacional e nel identifícanse os instrumentos da axuda, os actores, os propósitos e criterios xerais da axuda e os obxectivos e prioridades da cooperación internacional galega.

Criterios xerais da axuda:

1. O desenvolvemento pertencelle a cada pobo
2. A axuda debe basearse nun compromiso entre doador e receptor
3. A axuda debe promover a apropiación do desenvolvemento por parte do beneficiario
4. A axuda debe impulsar a participación social
5. A axuda debe fomentar a autonomía crecente do receptor a partir das súas capacidades
6. A axuda debe partir da coordinación e da complementariedade de actores
7. Debe perseguirse a coherencia das actuacións públicas cos obxectivos do desenvolvemento
8. A axuda debe ser transparente, eficiente e eficaz
9. A axuda respectará as liñas de acción exterior das Administracións galega e estatal
10. A axuda debe integrar o máximo de actores, respectando a súa independencia

Propósitos xerais

1. Apoiar aos países con menor grao de desenvolvemento e aqueles outros que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e desestruturación para que acaden un desenvolvemento auto-sustentable, respectuoso co medio e a biodiversidade e mobilizador de recursos endóxenos, dentro dun marco democrático, de participación das comunidades afectadas e de respecto a todos os seus dereitos humanos.
2. Potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos, prestando unha atención especial ás novas tecnoloxías, para así reforzar a súa estrutura produtiva e favorecer un desenvolvemento non dependente.
3. Contribuír á xustiza e á equidade das relacións comerciais, políticas e estratéxicas na comunidade internacional, contempladas desde a prevención dos conflitos sociais e as súas causas e o fomento do diálogo intercultural.
4. Atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que requiran da cooperación externa, tanto mediante a axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional.
5. Impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desen-

volveremento e a sensibilización da sociedade galega coas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas.

6. Promover a sensibilización das institucións de cara a unha aproximación progresiva ao mínimo ético do 0,7% dos recursos propios.

Obxectivos internos

1. Fortalecemento técnico e humano da unidade responsable da política de axuda.
2. Ampliación e ordenación dos instrumentos dispoñibles pola cooperación galega.
3. Compromiso para desenvolver un Plan Anual de Avaliacións Externas da Axuda.
4. Elaboración dunha Memoria Anual pública sobre a política galega de cooperación ao desenvolvemento.

Obxectivos de realización

1. Crecemento continuado dos recursos dedicados á axuda ao desenvolvemento
2. Concentración da axuda arredor dos países prioritarios, outorgando maior atención aos países máis pobres
3. Concentración da axuda arredor dos sectores prioritarios
4. Apoio ás actividades de sensibilización e educación para o desenvolvemento, e fomento do fortalecemento do tecido institucional dos actores da axuda
5. Fomento de iniciativas conxuntas de diversos actores

Os instrumentos da axuda definidos no borrador do Plan Director 2005-2008 son:

1. Convocatorias de subvencións para proxectos de ONGD
2. Convocatoria de axudas para actividades de sensibilización e formación en temas de cooperación ao desenvolvemento
3. Convocatoria de axudas para proxectos de universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior
4. Convocatoria de axudas para consolidación e fortalecemento de ONGD
5. Convocatoria de axudas extraordinarias
6. Convenios marco
7. Convenios de cofinanciamento
8. Convocatoria de bolsas de prácticas de cooperación internacional en Unidades de Cooperación Exterior (UCE) da AECI
9. Convocatorias de bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento en dependencias da propia Xunta e en OTC

Na actualidade a política pública autonómica en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento dispón dun marco legislativo definido pola Lei 3/2003, unha estrutura institucional específica na materia, uns instrumentos de planificación da axuda e uns órganos de participación e consulta con outros actores da cooperación internacional.

Cadro 4

A política autonómica de cooperación ao desenvolvemento



Fonte: Elaboración propia

- Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

As accións das institucións locais na Cooperación Internacional para o Desenvolvemento foron sempre bastante febles. De feito só tres concellos (Vigo, Lugo e Oleiros) adicaron regularmente partidas orzamentarias anuais. Desde decembro de 1997, os concellos e deputacións canalizan parte das súas achegas á cooperación internacional a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Este organismo fundouse co obxectivo de coordinar as políticas na materia, mediante a xestión dun fondo común. Cada socio do fondo aporta unha cantidade mínima e comprométese a acercarse progresivamente ao 0,7%. Na actualidade só o Concello de Oleiros dedica o 0,7% do seu orzamento para cooperación internacional. Este fondo común dedícase a proxectos concretos de cooperación e evita a dispersión de axudas que individualmente consideradas

son reducidas, permitindo así a participación na cooperación internacional dos concellos pequenos.

En setembro de 2005 formaban parte do Fondo Galego os seguintes Concellos e Deputacións: A Cañiza, A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Pobra do Caramiñal, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Bueu, Cabanas, Caldas de Reis, Cambre, Cangas, Carballo, Carral, Castrelo do Val, Cedeira, Cerceda, Cuntis, Culleredo, Fene, Ferrol, Gondomar, Guitiriz, Lousame, Lugo, Manzaneda, Moaña, Mondoñedo, Mos, Mugardos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco de Valdeorras, O Irixo, O Porriño, O Rosal, Oleiros, Ourense, Serra de Outes, Poio, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Redondela, Rianxo, Ribadavia, Rodeiro, Sada, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago, Sarria, Soutomaior, Vereia, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Viveiro e as Deputacións de A Coruña, Ourense e Pontevedra. O que fai un total de 73 Concellos e 3 Deputacións. A incorporación de novos socios é constante desde a creación do Fondo.

Gráfica 2
Socios incorporados ao Fondo Galego.
Datos segundo ano de incorporación

Fonte: elaboración propia cos datos do IGADI






Gráfica 3
Evolución do número de socios incorporados ao Fondo Galego

Fonte: elaboración propia cos datos do IGADI

- Os outros actores da cooperación internacional ao desenvolvemento

A Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, recoñece como axentes da cooperación, alén das administracións autonómica e local e as ONGDs, ás Universidades, os sindicatos, as empresas, as comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.



Cadro 4.
A política autonómica de cooperación ao desenvolvemento

Fonte: elaboración propia

[4]

Ficha das organizacións

Damos conta, no seguinte capítulo, da información aportada polas 40 ONGDs que participaron no estudo a través da ficha que lles foi remitida. A presentación dos datos segue a orde na que se estruturou o cuestionario nos seguintes apartados:

Apartado 1: Datos descritivos

Apartado 2: Estrutura organizativa

Apartado 3: Funcionamento

Apartado 4: Comunicación e participación

Apartado 5: Recursos financeiros

Apartado 6: Proxectos e actividades

Apartado 7: Intercooperación

Apartado 8: Coordinadora Galega de ONGDs


Apartado 9: Administracións públicas e outras entidades

4.1 Datos descriptivos

• Ano de creación

Con certo retraso a respecto do que aconteceu no estado español, a década dos 90 aglutina os anos do nacemento e consolidación da maioría das ONGDs en Galicia (cerca de 30 das 40 entidades que participaron no estudo xurdiron neses anos), aínda que algunhas entidades comezan o seu traballo nos 80.

Os últimos anos (2000-05) caracterízanse por unha ralentización na creación de novas entidades e tan só son tres as organizacións que se conformaron neste período.



• Ubicación xeográfica

Segundo a súa distribución territorial a provincia da Coruña (55% das entidades) e a de Pontevedra (35%) son elixidas como sedes da maioría das ONGDs. Catro entidades teñen o seu domicilio social nas provincias de Lugo e Ourense.

As grandes cidades que conforman o *Arco Atlántico* concentran á maioría das organizacións que traballan na nosa comunidade; son trinta as ONGDs que teñen a súa sede repartidas entre as cidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña. O resto (dez organizacións) están ubicadas noutras capitais provinciais ou vilas.

Concello	Entidades	%
Provincia da Coruña (22)		
A Coruña	10	25,0
Santiago	10	25,0
Abegondo	1	2,5
Neda	1	2,5
Provincia de Pontevedra (14)		
Vigo	10	25,0
Pontevedra	1	2,5
Gondomar	1	2,5
O Grove	1	2,5
Vilanova de Arousa	1	2,5
Provincia de Lugo (3)		
Lugo	1	2,5
Chantada	1	2,5
Monforte de Lemos	1	2,5
Provincia de Ourense (1)		
Ourense	1	2,5
TOTAL	40	100

Táboa 3
ONGDs en Galicia.
Distribución por
concellos. Números
absolutos e
porcentaxes.

Fonte: elaboración propia

• **Ámbito de actuación**


A maioría das entidades desenvolven os seus proxectos en máis dun ámbito territorial. A medida que o espazo xeográfico de actuación se fai máis amplo (a excepción do ámbito europeo) é maior o número de organizacións dedicadas á cooperación ao desenvolvemento.

O escenario internacional é o espazo de traballo de 26 das entidades enquisadas. Tan só catro ONGDs teñen o ámbito europeo como obxectivo das súas actividades e que compaxinan co internacional.

Entidades que desenvolvan o seu traballo única e especificamente nun espazo concreto son poucas. De carácter autonómico hai catro: Amarante, Contos Solidarios, Implicad@s e Coopera. Cun ámbito exclusivamente local atopamos á Fundación Montecelo (non temos en conta a Cáritas por ter unha presenza en todo o territorio autonómico).

Gráfica 5
Entidades en Galicia
segundo ámbito
de actuación. Datos
absolutos.

Fonte: elaboración propia
cos datos do IGADI




• Casa matriz

O feito de que case a metade das 40 entidades que participaron no estudo funcionen como delegacións en Galicia mostra a relevancia que adquiren organizacións estatais e/ou internacionais na nosa comunidade, ao mesmo que da conta do auxe de entidades propiamente galegas.

A maior parte das delegacións teñen a súa casa matriz nas cidades de Madrid e Barcelona. A súa distribución por provincias quedaría conformada tal e como mostra o seguinte gráfico:

Gráfica 6
Distribución da mostra segundo
a localización das sedes centrais.
Números absolutos.

Fonte: elaboración propia



• Grupos locais


O traballo das entidades galegas veuse activamente desenvolvido nos últimos tempos ampliando a súa presenza a diferentes localidades. A aposta pola creación de redes locais constatan o interese das ONGDs por estar presentes non só nas grandes cidades senón nas principais vilas galegas.

A década dos 90 veu marcada pola aparición dos primeiros grupos locais, se ben nos últimos anos se constata unha actividade moi intensa no nacemento e consolidación destes espazos. E 21 dos 50 grupos locais comezan a súa andaina no 2000.

O ano 1999 (sete grupos) e o 2004 (dez grupos) resultan especialmente frutíferos na constitución de grupos locais.

Gráfica 7
Distribución da mostra segundo a década de constitución dos grupos locais.

Fonte: elaboración propia



A preferencia polas grandes cidades marca a traxectoria de creación dos grupos locais, e seguen sendo Vigo (12), Santiago (10) e A Coruña (8) as localidades elixidas pola maioría das organizacións. Pontevedra e Lugo contan, en cada un dos casos, con sete grupos locais e vilas como Carballo, Narón e Arousa destacan como novos asentamentos de traballo das ONGDs galegas.

O número de grupos locais cos que contan as organizacións varía. Non todas as entidades teñen a mesma presenza nas diferentes cidades e vilas galegas. A media sitúase en tres grupos locais por ONGD se ben hai organizacións que posúen unha estrutura de 9 entidades ou máis (mesmo Cáritas e Cruz Vermella contan

Concello/Comarca	Grupos locais
Provincia da Coruña (26)	
Santiago de Compostela	10
A Coruña	8
Ferrol	4
Narón	1
Carballo	1
Costa da Morte	1
Ribeira	1
Provincia de Pontevedra (24)	
Vigo	12
Pontevedra	7
Vilagarcía de Arousa	3
O Grove	1
Baixo Miño	1
Provincia de Lugo (8)	
Lugo	7
Sarria	1
Provincia de Ourense (1)	
Ourense	1

Táboa 4
 Grupos locais.
 Distribución xeográfica.
 Números absolutos.

Fonte: elaboración propia

cun maior número de grupos) e outras teñen unha ou mesmo ningunha (Implicad@s no Desenvolvemento).

O grao de actividade destes grupos enténdese, en xeral, positiva. Das delegacións existentes, considérase que a súa actividade aumentou no 60% dos casos e se mantivo para o 39,3%. Tan só en dúas organizacións consideran que a súa actividade diminuíu nos últimos anos (Veterinarios sen Fronteiras e Solidariedade Internacional-Galicia fan referencia aos grupos que teñen funcionando na cidade de Lugo).

Táboa 5. Distribución dos grupos locais segundo organización, localidade, anos de constitución.

Entidade	Sede Galicia	Grupos	Nº
Acción contra a Fame	Santiago (1997)	A Coruña (2004), Vigo (2003)	2
Acción Social Néboa	Neda (1999)	Narón (2005)	1
Amarante	Pontevedra (1999)	Vigo (2001), Santiago (2004)	2
Ancianos del Mundo	Lugo (1999)	Sarria (1999), Santiago (1999), Lugo (2001)	3
Axuda en Acción	A Coruña (1981)	Santiago (2004), Ferrol (2004), Lugo (2004), Ourense (1995), Vigo (2004)	5
Cáritas*	Santiago (1964)		
Cruz Vermella*	A Coruña	42 localidades	42
Entreculturas Fe y Alegría	Vigo (1999)	A Coruña (2000)	1
Enxeñeiros sen Fronteiras	A Coruña (1993)	Santiago, Ferrol, Lugo e Vigo	4
Inti	Vigo (1998)	Gondomar (1995)	1
Jóvenes del Tercer Mundo*	Santiago (1998)	A Coruña, Vigo	2
Médicos do Mundo	Santiago (1995)	Vigo (2000)	1
Meniños	A Coruña (1996)	Lugo (1993), Ourense (1996), Vigo (1996), Pontevedra (2004)	4
Promoción y Desarrollo	Santiago (1988)	Ferrol (1988)	1
Solidariedade Internacional Galicia	A Coruña (1999)	Lugo (1999), Santiago (1999), Pontevedra (1999), Ourense (2000), Vigo (2000), Baixo Miño (2003), Arousa (2004)	7
UNICEF	Santiago	Lugo (1990), Ourense (1990), A Coruña (1969), Ferrol (1990), Vilagarcía (2004), Ribeira (2004), Vigo (1990), Costa da Morte (1990)	8
Veterinarios sen Fronteiras	O Grove (1987)	Lugo (1993), Pontevedra (2004)	2

* Non contamos cos datos dos grupos locais.

Fonte: elaboración propia

4.2 Estrutura organizativa

A estrutura organizativa das entidades analizadas recolle información referida ao perfil de cinco colectivos:

- **Persoal contratado:** refírese ao grupo de persoas que desenvolven unha actividade con certa permanencia na entidade e están dados de alta na Seguridade Social.
- **Expertos/ colaboradores puntuais:** persoas que pola súa formación ou coñecementos asesoran ou desenvolven un labor de apoio á organización en diferentes áreas de actuación.
- **Voluntariado:** homes e mulleres que desenvolven un apoio directo ás entidades de maneira altruísta.
- **Socios activistas:** colectivo que ademais de contribuír economicamente coa entidade participa activamente nas actividades.
- **Socio cotizante:** a súa relación coa entidade ten lugar, exclusivamente, mediante unha achega económica.

Segundo os datos que se recollen na ficha, o número de persoas que ven colaborando coas entidades de forma máis ou menos puntual, é moi amplo. Os datos, entendemos, poden resultar inflados debido a que as organizacións non desglosaron os efectivos en función dos diferentes perfís polos que se lles preguntaba (por exemplo socios que ao tempo realizan un labor de voluntariado), ou mesmo pola posible confusión á hora de determinar as tarefas que cumprirían cada grupo (que entenden por experto?). Convén, pois, interpretar estes datos con certa cautela xa que a información aportada polas entidades pode mostrar un mapa de recursos pouco axustado á realidade.

Táboa 6. *Estrutura organizativa. Datos segundo número de efectivos e media por entidade.*

Perfil (entre parénteses o número de entidades)	Efectivos		Media por entidade	
	1*	2**	1*	2*
Contratados (19)	267 (180 de Cáritas)	87	14,0	4,80
Expertos/colaboradores puntuais (21)	235 (100 de Cáritas)	135	11,2	6,75
Voluntariado (37)	3.982 (3.000 de Cáritas)	982	107,6	27,27
Socios activistas (21)	1.045 (300 de Jóvenes del Tercer Mundo)	735	49,7	36,60
Socios cotizantes (31)	53.218 (23.500 de Cruz Vermella)	29.771	1.716,0	57,20

*Datos referidos ao conxunto das entidades.

**Excluído os datos de Cáritas, Jóvenes del Tercer Mundo e Cruz Vermella para cada caso.

• Persoal contratado


A metade do persoal contratado desenvolve as súas funcións cun carácter permanente (dos 267 casos 111 pertencen a esta categoría) e o resto de maneira temporal (121 teñen un contrato por obra e servizo).

As entidades non recorren, como práctica habitual, a fórmulas de convenios laborais coas administracións ou entidades públicas. Tan só nove ONGDs contan con persoal en prácticas ou asinaron programas específicos como o Plan Labora.

Mesmo non todas as entidades contan con persoal contratado; os 267 casos corresponden a 19 entidades, 180 pertencerían só a unha ONGD (Cáritas). Datos que temos que ter en conta con certa cautela pois case é seguro que se refiran a persoal contratado para áreas diferentes de cooperación ao desenvolvemento.

A maioría do persoal contratado desenvolve o seu traballo en xornada completa (81,5% dos casos), e o 12% a media xornada.


O 6,4% dedican menos de doce horas á semana á ONGD coincidindo cun perfil de profesionais que exercen a súa actividade como monitores de cursos.



Polo que atinxe ás funcións que desempeña este colectivo, oito de cada dez é considerado técnico da organización. O 12% estarían vinculados á xestión e administración da entidade ou formando parte dos técnicos en terreo. Tan só o 3%

acada funcións directivas. As cuestións de traballo interno da entidade van ser as áreas onde desenvolvan con maior frecuencia as súas funcións, nunha porcentaxe do 46,15%. O 36,26% traballa en cuestións relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e o 13% na área de comunicación. O 4,4% dedícase ao comercio xusto.

O perfil do persoal contratado, segundo grupos de idade e sexo, caracterízase por unha maior presenza do colectivo de mulleres que de homes en case todos os grupos de idade. Diferenzas que se fan máis salientables para o grupo de 41 a 55 anos.




En resumo, estes serían os aspectos que caracterizan ao colectivo de contratados:

- Case a metade (19 de 40) das entidades que participan no proxecto contan con este tipo de persoal que suman 267 persoas.
- O 50% ten un contrato indefinido.
- Oito de cada dez teñen xornada laboral completa.
- Desenvolven funcións técnicas de carácter interno. Apenas teñen presenza nas funcións directivas das entidades.
- Perfil: muller de entre 26-40 anos.

• **Expertos/as**

No grupo de expertos/as (235 efectivos en total, repartidos entre 21 entidades), e en comparación co colectivo de contratados, hai un maior equilibrio entre homes e mulleres. Con todo o grupo de mulleres (53,2%) é maior que o dos homes (46,8%). Por tramos de idade o colectivo de 26 a 40 anos é o máis numeroso (53,2%). Os homes acadan maior presenza que as mulleres no grupo de 41 a 55 anos.



A cooperación ao desenvolvemento é a área de actividade central para 36,7% dos expertos seguido do traballo interno (35,5%), e a área de comunicación (16,7%).

Táboa 7
Expertos/as. Áreas de traballo. Datos en porcentaxes

Área de traballo	% persoal experto
Interna	35,5
Comunicación	16,7
Coop. desenvolvemento	36,6
Comercio xusto	11,2
Total	100


Fonte: elaboración propia

A dedicación media de tempo dos/as expertos/as é de 24 horas mensuais, aínda que no caso de dedicarse ás funcións de carácter interno aumentan as horas de traballo (media de 27,36 horas ao mes)

• **Voluntariado**

É no colectivo de voluntarios onde a presenza das mulleres acada unhas porcentaxes moi superiores aos homes. Dos cerca de 3.800 casos, 2.900 serían mulleres.

As diferenzas por grupos de idade son aínda mais significativas nos grupos de 26 a 40 anos (nove de cada dez son mulleres) e no grupo de 41 a 55 anos.




O tempo de dedicación ao traballo voluntario acada unha media de 26,5 horas mensuais.

Segundo as áreas de actividade, o colectivo de voluntarios estaría presente maioritariamente no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, cunha dedicación media de oito horas á semana.

- **Socios/as**

Igual que acontece noutros grupos, no colectivo de socios as mulleres son maioritarias, dobrando a súa presenza respecto ao número de homes en todos os grupos de idade. Unicamente no tramo de máis de 56 anos as diferenzas recórtanse e os homes acadan unha porcentaxe do 45%.




4.3 Funcionamento

Abordamos no seguinte apartado os datos que dan conta das cuestións referidas ao funcionamento das ONGDs no que respecta ás áreas de traballo nas que se estruturan, a composición dos seus órganos de traballo e dos seus espazos de participación.

- **Forma xurídica**

O 64% das entidades adopta como forma xurídica a asociación, seguido polo 26% que son fundacións. Tan só se recollen dous casos de entidades que funcionan como instituto sen ánimo de lucro.




• Áreas de traballo

No que respecta aos departamentos ou áreas de traballo existentes, ordenamos as respostas formuladas na ficha en base á seguinte tipoloxía para poder facilitar a interpretación das respostas:

- Área de proxectos: recolle os proxectos desenvoltos polas entidades referidos nos seguintes ámbitos: cooperación ao desenvolvemento, axuda humanitaria e de emerxencia, educación e sensibilización e outros.
- Recursos humanos e voluntariado: xestión do capital humano da organización e captación de voluntarios.
- Xestión e administración
- Formación e calidade
- Comunicación: campañas
- Captación de fondos e relacións institucionais
- Dirección
- Participación

Atendendo á esta tipoloxía, 26 das 40 entidades contan cunha área de xestión e administración, do mesmo xeito o desenvolvemento de proxectos está presente en 24 das ONGDs que participaron no estudo.

Destacar o escaso desenvolvemento que teñen os departamentos relacionados coa formación e mellora da calidade e xestión, ou mesmo as accións dirixidas á acadar unha maior participación do persoal nas accións e deseño da política das entidades.



• Órganos sociais

As asembleas (25 entidades) e xuntas directivas (28) son elixidas pola maioría das entidades como espazos de coordinación e dirección das ONGDs. Fórmulas que son compatíbeis para 23 das 40 entidades que cubriron a ficha.

O padroado será a fórmula elixida para oito organizacións. Ademais os grupos de traballo están presentes en 18 organizacións, que compaxinan este espazo coa asemblea (8 entidades), a xunta directiva (14) e o padroado (das oito entidades, dúas contan con estes órganos).

Outros espazos aos que fan referencia son os comités permanentes (1), grupos locais (1) ou os encontros (1).

• Asemblea

A media de participantes neste órgano acada a cifra de 37 persoas por entidade (993 persoas repartidas entre as 25 organizacións que contan con esta estrutura) se ben as diferenzas en canto número de participantes por organización son salientables (dende os oito membros no caso da ONG Mi Perú ata as 240 persoas de Cáritas). De feito a moda (estatístico que recolle o dato que aparece máis veces repetido) é de oito persoas por asemblea. Atendendo á súa composición segundo o xénero, as mulleres acadan unha maior representación (56%) fronte aos homes (44%).

A periodicidade das xuntanzas é, na maioría dos casos, de carácter anual, tal e como sinalan dez entidades. Catro organizacións xúntanse dúas veces ao

ano e por debaixo deste tempo tan só unha organización recoñece convocar a asemblea unha vez ao mes.

Cunha periodicidade máis irregular, catro entidades reúnen na asemblea de maneira espontánea cando consideran oportuno.

- **Padroado**

O padroado, igual que a xunta directiva, vai limitar o número de participantes como poden convocar outros espazos. De feito a media de participantes neste órgano é de 8 persoas. A organización que conta cun menor número de membros é InteRed (5 persoas) e a Fundación Cume é a que aglutina a máis xente (14 participantes).

A presenza das mulleres (46%) é menor ca dos homes (54%).

Polo que atinxe a periodicidade das xuntanzas, estas celébranse con maior asiduidade que as asembleas e das oito entidades que contan co padroado, cinco celebran as súas reunións trimestralmente, e mesmo hai organizacións que celebran as xuntanzas con carácter bimestral.

- **Xunta directiva**

Son 28 as entidades que contan con este órgano cunha media de sete persoas por entidade. Segundo a composición en función do xénero, as mulleres acadan unha maior representación (51,3%) que os homes (48,7%).

Existen organizacións nas que a xunta directiva a compoñen tres persoas (ONG Mi Perú) e outras que chegan a contar con 21 integrantes (Cruz Vermella).

A fórmula da xunta directiva facilita, con maior frecuencia, a convocatoria de xuntanzas. De feito a maioría das entidades mantén as súas reunións cada tres meses (11 casos) e mesmo de maneira mensual (4 casos). Son tres as entidades que celebran as súas reunións cunha frecuencia dunha vez ao ano.

Un dos aspectos que recolle a ficha facía referencia ao grao de renovación dos órganos directivos das entidades. Respecto das 22 organizacións que contestaron a esta pregunta os resultados reflicten unha certa actividade de cambio nas directivas nos últimos cinco anos. Na maioría dos casos esta renovación aconteceu nos últimos tres anos sendo o 2004 o ano elixido pola maioría das entidades.

O número medio de persoas novas que entraron a formar parte deste órgano é significativo (catro) se temos en conta que a media das persoas que a integran é de oito.

- **Grupos de traballo**

Os grupos de traballo constitúen un espazo ao que recorren con frecuencia as entidades para abordar con maior dedicación proxectos e actividades a desenvolver. De feito son 38 as organizacións que contan formal ou informalmente con esta estrutura.

As áreas de sensibilización e comisión técnica de seguimento dos proxectos son maioría nas entidades.

Área de traballo	Grupos de traballo
Comisión técnica	8
Sensibilización	7
Voluntariado	5
Cooperación ao desenvolvemento	4
Organización de actividades	3
Educación	3
Administración/contabilidade	3
Acollida/apadriñamento	2
Captación de fondos	1
Consumo responsable	1
Incidencia	1
Total	38

Táboa 8
Grupos de traballo segundo áreas. Datos en números absolutos.

Fonte: elaboración propia

O número de grupos de traballo que existen nas entidades é variable, se ben na maior parte dos casos sitúanse entre un e tres áreas. Tan só atopamos dous casos que superasen os catro grupos.

O número de persoas que van conformar estes grupos acada unha media de sete participantes, se ben hai entidades que contan con grupos por riba das dez, e mesmo das quince persoas.

As mulleres acadan unha maior representación (62,4%), case chegan a dobrar en canto número aos homes (37,6%).

A celebración de xuntanzas realízase con maior frecuencia que noutras formas de traballo tal e como sinalan máis da metade das entidades (cando menos unha vez ao mes e mesmo por debaixo desta frecuencia).

• Outros espazos de traballo

Neste caso tan só tres organizacións informaron utilizar outras fórmulas denominadas grupo de asociados ou comité de xestión. Espazos que manterían reunións de carácter mensual.

Na seguinte táboa recollemos de maneira resumida os datos máis significativos dos órganos nos que se estruturan as ONGD.

Táboa 9. Órganos de funcionamento. Datos absolutos e media de participantes por entidade.

Estrutura	Número órganos	Número total integrantes	Media por entidade	Representación	
				Mulleres	Homes
Asemblea	25	933	37	56,0%	44,0%
Padroado	8	48	8	46,0%	54,0%
Xunta directiva	28	197	7	51,3%	48,7%
Grupos de traballo	38	230	6	62,4%	37,6%
Outros	3	73	24	60,0%	30,0%

Fonte: elaboración propia

• Grao de representación das delegacións en Galicia

Faciamos referencia no apartado anterior á importante presenza das delegacións de ONGDs estatais ou internacionais na nosa comunidade. Neste apartado analizamos a capacidade de xeración de proxectos e grao de autonomía que teñen as delegacións galegas respecto das casas matrices.

Das 19 entidades que funcionan como delegacións obtivemos resposta de 12 ONGDs respecto deste capítulo. No que atinxe ao grao de representación que teñen nos órganos de goberno estatais, seis entidades confirman participar na xunta directiva, e dúas no padroado e nas reunións de delegados. O comité foi sinalado por tres organizacións.

Órgano	Ratio	%
Xunta Directiva	1 de 7	14,38
	1 de 21	4,76
	2 de 21	9,52
	2 de 9	22,22
	1 de 8	12,50
Total Xunta Directiva	7 de 66	10,60
Comité Nacional	6 de 56	10,71
	1 de 7	14,28
Total Comité Nacional	7 de 63	11,11
Asemblea Xeral	41 de 1.588	2,58
	47 de 750	6,26
	2 de 30	6,66
Total Asemblea Xeral	90 de 2.368	3,80
Padroado	1 de 13	7,69
	0 de 12	0,00
Total Padroado	1 de 25	4,00
Reunión delegados	1 de 15	6,66
	1 de 15	6,66
Total Reunión delegados	2 de 30	6,66
Comité iniciativas	1 de 10	10,00
Total Comité iniciativas	1 de 10	10,00
Total	108 de 2.562	4,21

Táboa 10
Participación das
delegacións na
estrutura estatal.

Fonte: elaboración propia

A delegación de Unicef en Galicia forma parte da xunta directiva e do comité, a organización Cruz Vermella está presente na asemblea e no comité nacional e Arquitectos sen Fronteiras participa en tres espazos de traballo (xunta directiva, comité de iniciativas e asemblea nacional).

O ratio de participación ven marcado polo número de representantes das entidades con delegación en Galicia sobre o total de persoas que compoñen o órgano a nivel estatal.

• Grao de autonomía


a. Xestión interna

No que respecta á área de Xestión interna, as valoracións, en xeral resultan positivas, e as entidades coinciden en sinalar o relativo grao de autonomía co

que traballan respecto das casas matrices. Salvo no caso das accións que teñen que ver coas campañas publicitarias (cunha media de 3.40 sobre 5) no resto das áreas as puntuacións medias superan o 3.50.

Gráfica 15
Grao de autonomía nas tarefas relacionadas coa xestión interna da entidade. Valoración media.

Fonte: elaboración propia




b. Proxectos de cooperación/axuda humanitaria

É nesta área onde as delegacións posúen unha menor autonomía, tal e como se desprende das valoracións que outorgan as entidades. Tan só a fase de seguimento acada unha puntuación media por riba dos tres puntos sobre cinco. A implementación e seguimento de proxectos acada unha media por debaixo dos tres puntos.

Gráfica 16
Grao de autonomía na elaboración de proxectos de cooperación e axuda humanitaria. Valoración media.


Fonte: elaboración propia



O apartado *outros* tan só foi sinalado por unha entidade, que otorga unha valoración dun punto á xestión de convocatorias

c. proxectos de sensibilización /educación ao desenvolvemento

Resulta este apartado o que mellor valoracións recolle e as puntuacións medias superan os catro puntos. O apartado mellor valorado fai referencia a outros (media de 4,75) e que aglutinan as accións de organización e difusión de actividades.



4.4 Comunicación e participación na organización

• Mecanismos de comunicación

Formulouse este apartado co obxectivo de coñecer as ferramentas que existen nas entidades dirixidas a difundir as actividades e proxectos das organizacións, así como os mecanismos de participación existentes, e valoración en canto a súa efectividade.

As cartas ou actas son emitidas por 35 das 40 entidades que participaron no estudo, seguidas da páxina web (33 casos). As revistas e boletíns son editadas por 23 organizacións. A asemblea aberta (19) e as listas por internet (16) resultan os medios menos sinalados.

No apartado *outros* houbo entidades que fixeron referencia ao “boca a boca”

o aos medios de comunicación (radio e a prensa escrita), como ferramentas máis empregadas polas ONGDs para a difusión dos seus proxectos.

Respecto do grao de efectividade concedido aos diferentes medios, as puntuacións otorgadas reflicten, en xeral, unha moi boa valoración e nunha escala do 1 ao 5 todas as medias sitúanse por riba dos tres puntos. Destacar a relevancia que adquire o boca a boca e as listas de internet. A menor puntuación é para a asemblea aberta.

Recursos	Número de entidades	Puntuación media
Revistas	23	3,85
Boletíns	23	3,81
Cartas/actas	35	3,74
Web	33	3,79
Asemblea aberta	19	3,40
Listas Internet	16	4,42
Outros: boca a boca, prensa...	3	4,67

Táboa 11
Recursos de comunicación.
Grao de efectividade.
Datos en medidas.

Fonte: elaboración propia

Son poucas as entidades que contan con fórmulas de participación dos socios e colaboradores fóra dos espazos formais. As xuntanzas de traballo, o desenvolvemento de actividades e as cartas, son as ferramentas máis utilizadas, tal e como sinalan catro entidades. Outros espazos aos que fan referencia son os cursos, eleccións, encontros e asembleas e os medios de comunicación.

Respecto do grao de efectividade que estas ferramentas teñen no fomento da participación nas entidades, os datos mostran unha preferencia polos espazos que facilitan un contacto directo e de intercambio de ideas como o desenvolvemento de proxectos (xestión de programas) ou as xuntanzas de traballo.

No que atinxe aos sistemas empregados para a captación de socios e voluntariado, son as redes de coñecidos (32 casos de 40) e os programas de formación (26 casos) os mecanismos empregados con maior frecuencia. Outras fórmulas como as campañas publicitarias e internet son utilizados pola metade das entidades enquisadas. Máis lonxe (17 casos) encontramos os propios programas de desenvolvemento.

Fórmulas de participación	Número de entidades	Puntuación media
Xuntanzas de traballo	4	4,00
Xestión de proxectos	2	5,00
Consello asesor	1	-
Asembleas	1	1,00
Encontros	1	3,00
Cursos	1	5,00
Charlas	1	3,00
Eleccións	1	4,00
Actividades	4	3,50
Novas tecnoloxías	4	4,50
Cartas	3	3,66
Revistas	1	4,00
Medios de comunicación	1	3,00

Táboa 12
Fórmulas de
participación e
valoración.

Fonte: elaboración propia

A excepción das campañas publicitarias e o desenvolvemento de programas, as ferramentas de captación están presentes case por igual nas entidades. Pola contra o grao de efectividade non é o mesmo para un e outro colectivo. En xeral resultan máis efectivas estas fórmulas para atraer persoal voluntario que para a incorporación de novos socios e socias. A rede de coñecidos acada a mellor valoración en ámbolos dous casos.

Táboa 13. Sistemas de captación e grao de efectividade. Datos absolutos e en medias.

Sistemas de captación	Nº de entidades que empregan estes medios		Grao de efectividade	
	Socios	Volunt.	Socios	Volunt.
Campañas publicitarias	22	15	3,18	3,47
Internet	21	25	3,05	3,36
Redes de coñecidos	32	32	3,97	4,03
Programas desenvolvemento	17	15	3,47	3,47
Programas de formación	26	30	3,42	3,53
Outros: centro de recursos, actividades...	2	6	3,50	3,17

Fonte: elaboración propia

• **Mecanismos de mellora na xestión das organizacións**

Vintecinco das corenta entidades contan cun sistema de avaliación dos proxectos e das actividades que desenvolven. Os informes de control e o plan de calidade están presentes en case a metade das organizacións. Os plans estratéxico e de seguimento acadan unha menor presenza.

Táboa 14. Mecanismos de mellora e tipo de xestión. Datos en porcentaxe.

Tipo de proxecto	Xestión			
	Externa	Interna	Mixta	Total
Plan estratéxico	6,7	66,7	26,7	100
Plan de seguimento	7,1	78,6	14,3	100
Avaliación	-	68,0	32,0	100
Informe de control	5,9	82,4	11,8	100
Plan de calidade	-	37,5	62,5	100
Outros: auditoría, etc.	50,0	-	50,0	100


Fonte: elaboración propia

A metade destes mecanismos (47,9%) son avaliados internamente, é dicir dende a propia organización. O 33,6% contan cun sistema de xestión externa e o 18,5% é mixto (co apoio de expertos externos).

Segundo os datos da ficha, seis de cada dez ONGDs que contan cun plan de calidade, recorren ao apoio externo para o seu deseño. Os informes de control (82,4%) e os plans de seguimento (78.6%) son executados, preferentemente, a través das propias entidades.

Gráfica 18
Ferramentas de mellora.
Datos absolutos.

Fonte: elaboración propia



4.5 Recursos financeiros

- **Ingresos**

Respecto do apartado de ingresos facemos unha primeira achega segundo os distintos capítulos ou fontes de financiamento, ben recibidos a través das distintas administracións así como dos ingresos xerados polas actividades e servizos ofertados dende as ONGDs.

Das 40 entidades que participaron no estudo obtivemos información, respecto deste apartado, dun total de trinta. As dez organizacións que non cubriron este apartado alegaron non contar cos datos actualizados no momento de cubrir a ficha.

Convén aclarar que os datos presentados neste capítulo recollen a información tal e como nos foi remitida polas entidades para a súa análise. Neste sentido houbo entidades que nos achegaron información de maneira agregada, para o conxunto da organización, e non para a delegación en Galicia. É o caso de Axuda en Acción, polo que non teremos en conta esta ONGD á hora de analizar a información dos recursos financeiros. Situación similar é a de Cáritas que achega información respecto de proxectos de intervención social máis alá dos propiamente dedicados á cooperación ao desenvolvemento

Na seguinte táboa presentamos os ingresos das ONGDs segundo as distintas fontes de financiamento de maneira agregada. A cifra total de ingresos para o conxunto das entidades é de 5.625.742 euros se deixamos fóra do computo a Axuda en Acción e Cáritas. Tomando esta cifra como referencia a media de ingresos para as entidades sería de 140.643 euros.

Non todas as entidades reciben os mesmo ingresos, organizacións que acadan cifras máis modestas serían Tierra de Hombres ou Compromiso y Misión (non chegan aos 5.000 euros), mentres que a Fundación CUME contan coas cantidades máis altas (2.578.903).

Atendendo á procedencia pública ou privada dos ingresos recibidos polas entidades, o 32,1% procede de fondos públicos e o 67,9% de achegas privadas.

Táboa 15. Distribución dos ingresos. Datos en euros e porcentaxes.

Ingresos públicos		Ingresos privados		Total	
euros	%	euros	%	euros	%
1.806.017	32,1	3.819.724	67,9	5.625.742	100

Fonte: elaboración propia

A seguinte táboa recolle información dos ingresos públicos segundo as fontes de financiamento.


Tipo de Administración	Importe euros
Administración europea	8.734
AECI / Ministerio de Asuntos Exteriores	503.290
Outros Ministerios	6.000
Administración autonómica	1.237.684
Administración local (deputacións e concellos)	50.309
Total	1.806.017

Táboa 16
Distribución dos ingresos segundo tipo de administración. Datos en euros.

Fonte: elaboración propia

Case o 70% dos ingresos recibidos das AAPP proceden da Administración autonómica, seguido da AECI (un único proxecto desenvolto pola Fundación Cume).

Respecto dos ingresos privados, a táboa 15 amosa como a maior partida corresponde coas aportacións de particulares e cotas dos socios. Sumando estas dúas cantidades a porcentaxe é de case o 83% dos ingresos privados das ONGDs galegas.



Gráfica 19

Ingresos públicos. Datos en porcentaxes.

Fonte: elaboración propia


Entidade	Importe euros
Doazóns particulares	2.239.508
Doazóns empresas	61.596
Cotas socios/as	923.762
Venta de bens e servizos	296.918
Institucións privadas sen ánimo de lucro	136.175
Outros	161.764
Total	3.819.724

Táboa 17
Aportacións privadas.
Datos en euros.

Fonte: elaboración propia

As cotas anuais abonadas polos socios acadan cifras moi variables dende os 18 (ONG Mi Perú ou Ancianos del Mundo) aos 300 euros (Jóvenes por la Cooperación Internacional). Con todo a media sitúase nos 62 euros anuais. Mesmo se establecen cotas libres ou voluntarias.

Os ingresos recibidos polas ONGDs non só teñen lugar a través de achegas económicas tamén poden ter forma de especie mediante aportación de empresas ou particulares. No que respecta ás entidades que participaron no estudo, 11 ONGDs recibiron axudas por este concepto. O tipo de apoio é moi amplo, dende a cesión de locais ata achegas de material escolar, roupa, equipos sanitarios ou alimentos.



A procedencia das doazóns é moi variada, dende empresas alimentarias, farmacéuticas ou centros comerciais, ata medios de comunicación e obras sociais.

	Porcentaxe
Cesión locais/mantemento	21,9
Material hixiénico/sanitario	15,6
Material informático/telefónico	15,6
Publicidade	12,5
Roupa	9,4
Material escolar	6,3
Alimentos	6,3
Mobiliario	6,3
Xoguetes	3,1
Actividades gratuitas	3,1
Total	100

Táboa 18
Doazóns en especies.
Datos en porcentaxes.

Fonte: elaboración propia


• Gastos

No apartado de gastos, recellemos os datos aportados polas ONGDs segundo a súa distribución os distintos apartados que recolle a táboa 17. Aclarar que a cifra de gastos totais non coincide co sumatorio das partidas de gastos xa que houbo entidades que non os desglosaron. Deste xeito, hai unha variación de 1.668.483 euros se temos en conta un ou outro criterio.

Gastos	Euros
Proxectos de cooperación	838.944
Axuda humanitaria e de emerxencia	409.897
Educación e sensibilización	228.055
Publicacións e investigación	35.642
Presión política	400
Formación	57.238
Administración interna	20.429
Outros	118.927
Sumatorio das partidas	1.709.536
Gastos totais declarados polas entidades	3.378.019
Diferenza	1.668.483

Táboa 19
Gastos. Distribución por capítulos.
Datos en euros.

Fonte: elaboración propia



Gráfica 21
Distribución dos fondos.
Datos en porcentaxes.

Fonte: elaboración propia

O 49% dos gastos das ONGDs son dedicados a proxectos de cooperación, seguidos dos gastos de proxectos de axuda humanitaria (24%) e de educación e sensibilización (13%).

4.6 Proxectos e actividades

• Número e tipo de actividades

Para contabilizar o número de actividades desenvoltas polas ONGDs galegas empregamos como fonte de información principal os cuestionarios que nos remitiron as propias ONGDs. Aclarar que o número resultante non recolle o total de actividades desenvoltas polas ONGD en 2004, polas seguintes razóns:

- Non todas as ONGDs contestaron ao cuestionario.
- Hai ONGDs que contestaron ao cuestionario pero que deixaron en branco o apartado correspondente ás actividades ou non indicaron todas as que realizaron. Cuestión que pode deberse a que non realizaron ningunha actividade en 2004 ou que téndoa/as realizada/as, optaran por non explicitalas ou non explicitar algunha das realizadas¹.

As actividades desenvoltas foron financiadas en parte ou totalmente con fondos da administración autonómica, outras administracións públicas, obras sociais das caixas de aforros, por entidades privadas, ou ben foron desenvoltas exclusivamente cos fondos propios das ONGDs.

O número total de actividades realizadas é de 106. Destas, algo menos da metade (50) foron proxectos de cooperación ao desenvolvemento e arredor dun terzo (33), proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento. As accións humanitarias e as de formación foron 7 en ambos casos.

Houbo dúas actividades relacionadas con publicación de memorias e informes internos. Consideramos máis oportuno englobalas na categoría específica de fortalecemento e consolidación organizativa (9 actividades).


1 A organización Cáritas respondeu ao cuestionario, pero non desglosou no apartado de actividades, as accións propias de cooperación internacional das globais de acción social, polo que os datos desta ONGD non poden ser analizados.

2 Os datos referentes a actividades proporcionados por Cáritas Diocesana de Santiago non están desagregados, polo que non se poden contabilizar as accións específicas de cooperación internacional para o desenvolvemento.


Táboa 20. Tipos de actividades desenvoltas polas ONGDs. Datos absolutos.

	Coop.	Axuda	Sensib.	Formac.	Fortal.	Total
Acción contra a Fame	2		3			5
Acción Social Néboa	1					1
ADECO Galicia	1					1
Amarante	2		2			4
Amigos da Terra - Xuventude	1		1		1	3
Anciáns do Mundo	2		2			4
Amigos Escaes-Perú	1					1
Arquitectos sen Fronteiras	1					1
Asoc. de Solidariedade "Salvador Allende"						0
Axuda en Acción	3		1			4
Bicis pola Paz	2		2			4
Cáritas ² Diocesana de Santiago						
Compromiso y Misión	6					6
Coopera - Jóvenes para la Cooperación Internacional al Desarrollo	4		2	2		8
Cruz Vermella	3					3
Ecos do Sur	3					3
Educación sen Fronteiras						0
Entreculturas-Fe e Alegría	1		1			2
Enxeñería sen Fronteiras	2		2	1		5
Estudantes Galegos para a Axuda Social - EGAS -		1				1
Farmacéuticos Mundi	1		1			2
Fundación Cume	1	5			1	7
Fundación Montecelo						0
Fundación para o Desenvolvemento da Enfermería (FUNDEN)						0
FUNDAI - Fomento e Unificación de Axudas á Infancia	1				1	2
Geólogos del Mundo						0
Huérfanos Misión Mishikishi "Humi"	1					1
Implicad@s no Desenvolvemento	3		2		1	6
Intered	1		1	1	2	5
Inti	1		1			2
Jóvenes del Tercer Mundo (J.T.M.)			1	1		2
Médicos do Mundo - Galicia	1		1			2
Médicos sen Fronteiras				1		1
Meniños, Fundación para a Infancia			1			1
ONG Mi Perú			1			1
Promoción y Desarrollo						0
Solidariedade Internacional Galicia	3	1	3		1	8
Terra de Homes España			1			1
Unicef Comité Galicia	1		3	1	2	7
Veterinarios sen Fronteiras	1		1			2
Total Tipo de Actividade	50	7	33	7	9	106

Fonte: elaboración propia



Menos da metade (dezaseis) das ONGDs que respostaron ao cuestionario desenvolveron en 2004 tres ou máis actividades. Dezasete fixeron unha ou dúas actividades e seis declaran non ter feito ningunha en 2004. As ONGDs que máis proxectos executaron en 2004 foron: Solidariedade Internacional-Galicia (8), Coopera- Jovenes para la Cooperación Internacional (8), Unicef-Galicia (7) e Fundación CUME (7).




Vinteseite ONGDs levaron a cabo proxectos de cooperación ao desenvolvemento. As ONGDs que máis proxectos executaron foron: Compromiso y Misión (6).

Menos da metade (dezaseis) das ONGDs que respostaron ao cuestionario desenvolveron en 2004 tres ou máis actividades. Dezasete fixeron unha ou dúas actividades e seis declaran non ter feito ningunha en 2004. As ONGDs que máis proxectos executaron en 2004 foron: Solidariedade Internacional-Galicia (8), Coopera- Jovenes para la Cooperación Internacional (8), Unicef-Galicia (7) e Fundación CUME (7).

Gráfica 24
Número de ONGDs que desenvolveron algún tipo de actividade. Datos absolutos.


Fonte: elaboración propia



Vinteseite ONGDs levaron a cabo proxectos de cooperación ao desenvolvemento. As ONGDs que máis proxectos executaron foron: Compromiso y Misión (6) e Coopera (4). Tres ONGDs realizaron accións de axuda humanitaria, sendo a Fundación CUME a que levou a cabo maior número de proxectos (5). Vinte e unha realizaron proxectos de sensibilización e de educación para o desenvolvemento, destacando Acción contra a Fame, Solidariedade Internacional-Galicia e Unicef-Galicia con 3 proxectos cada unha. Seis organizaron actividades de formación e sete desenvolveron accións destinadas a consolidación e fortalecemento organizativo.


- **Distribución xeográfica dos proxectos de cooperación e axuda humanitaria**

En 2004, 27 das 39 ONGDs analizadas levaron a cabo 50 proxectos de cooperación e 7 de Axuda Humanitaria. As zonas xeográficas preferentes de actuación das ONGDs galegas son América do Sur (22 proxectos), e América Central/Cari-be (14 proxectos). Séguelle África con 13 proxectos. Na Europa do Leste e Asia/Oriente Medio, desenvolvéronse 4 proxectos en cada un dos casos.



Gráfica 25
Distribución dos proxectos
por zonas xeográficas.
Datos en porcentaxes

Fonte: elaboración propia




Gráfica 26
Distribución de fondos por
zonas xeográficas. Datos en
números absolutos.

Fonte: elaboración propia

Os países nos que se desenvolveron máis proxectos foron Perú, Cuba e Bolivia. Alén de América Latina, destino preferente da cooperación internacional das ONGDs galegas, os países de fala portuguesa de África concentran sete proxectos, tres en Angola e catro en Mozambique. En total, xunto cos tres proxectos desenvolvidos en Brasil, nos países lingüisticamente próximos a Galicia desenvolvéronse dez proxectos.

En canto á concentración de fondos, a área xeográfica que máis fondos concentra é Centroamérica (52%), seguida de América do Sur (28%) e África (17%).



Gráfica 27
Distribución dos fondos
por zonas xeográficas.
Datos en porcentaxes

Fonte: elaboración propia

Táboa 21. Fondos executados polas ONGDs en proxectos de cooperación. Datos absolutos.

País	Fondos executados	Proxectos	Fondos medio por proxecto ³	ONGDs por país
Perú	555.399 ⁴	10	69.424	8
Cuba	289.632	5	57.926	4
Bolivia	198.085	5	39.617	4
Mozambique	276.021	4	69.005	2
Brasil	7.053 ⁵	3	3.526	2
Angola	82.000	3	27.333	2
Nicaragua	199.000	3	66.333	3
Romanía	Sen datos	3	-	1
Sahara Occ.	Sen datos	2	-	2
Ecuador	Sen datos	2	-	1
O Salvador	259.000 ⁶	2	259.000	2
Colombia	42.858	2	21.429	2
Etiopía	7.206 ⁷	2	-	1
Palestina	64.000	2	32.000	2
India	10.739	1	-	2
India-Filipinas	4.000	1		
México	65.000	1	65.000	1
Guatemala	634.000	1	634.000	1
Haití	20.000	1	20.000	1
Rep.Dominicana	61.415	1	61.415	1
Rep.Dem.Congo	123.963	1	123.963	1
Albania	42.000	1	42.000	1
Zambia	1.200	1	1.200	1
Total	2.968.571	57		


Fonte: elaboración propia

- 3 Para todos os casos nos que fallan datos económicos dun ou máis proxectos a media faise só co número de proxectos dos que hai datos económicos.
- 4 A cifra refírese a 8 proxectos. 2 proxectos sen datos económicos.
- 5 A cifra refírese a 2 proxectos. 1 proxecto sen datos económicos.
- 6 A cifra refírese a 1 proxecto. 1 proxecto sen datos económicos.
- 7 A cifra refírese a 2 proxectos. 1 proxecto sen datos económicos.


No que atinxe á distribución por países, e tendo en conta que se contabilizan proxectos nos que non se indicou o orzamento, Guatemala (21,7%), Perú (19,6%), Cuba (9,9%), Mozambique (9,5%) e O Salvador (8,9%), son os países que máis fondos das ONGDs galegas recibiron. Estes cinco países concentran o 69,6% da axuda.

• **Sectores de poboación e traballo dos proxectos de cooperación e axuda humanitaria**

Os proxectos da cooperación internacional galega desenvolvéronse nun amplo e plural abano de sectores de traballo. Os sectores de traballo nos que máis proxectos se levaron a cabo foron o de infraestruturas (10), saúde-saúde reproductiva (9), acción humanitaria-alimentación (7) e educación (7). O resto dos proxectos distribuíronse da seguinte maneira:




En canto á distribución dos proxectos por sectores de poboación, case a metade dos proxectos (26) foron destinados a poboación xeral. Nos sectores de refuxiados/vítimas de conflito, infancia e mulleres leváronse a cabo seis proxectos. É preciso sinalar que moitas ONGDs non especificaron os destinatarios das accións, polo que a categoría de *poboación xeral* pode estar sobredimensionada. O resto das accións distribuíronse da seguinte maneira:



Gráfica 29
Distribución dos proxectos por sectores de poboación. Datos en números absolutos.

Fonte: elaboración propia




Gráfica 30
Destinatarios das accións dos proxectos de cooperación. Datos en porcentaxes.

Fonte: elaboración propia

• **As accións de sensibilización e de educación para o desenvolvemento**


Durante o 2004, 23 das 40 ONGD analizadas levaron a cabo 33 accións de sensibilización e educación para o desenvolvemento (EPD). As temáticas e os/as destinatarios/as das campañas amósanse nas gráficas 31 e 32. A poboación galega en xeral foi a destinataria de algo máis da metade das accións de sensibilización e EPD. A infancia e os/as mozos/as e estudantes foron os destinatarios da metade restante.

As principais temáticas das accións foron as relacións Norte/Sur e a EPD en xeral, seguido da temática relacionada coa infancia.




Gráfica 31
Destinatarios das accións de sensibilización e EPD. Datos en porcentaxes.

Fonte: elaboración propia



Gráfica 32
Destinatarios das accións de sensibilización e EPD. Datos en números absolutos.

Fonte: elaboración propia



Gráfica 33
Temática das accións de sensibilización. Números absolutos.

Fonte: elaboración propia


• **As accións de formación e de consolidación e fortalecemento organizativo**


As accións contabilizadas na categoría de formación ascenden a sete e refírense a programas de promoción e formación permanente do voluntariado, formación en proxectos de cooperación e seminarios temáticos. Pola súa parte, as accións recollidas como consolidación e fortalecemento organizativo foron nove e refírense a accións de expansión territorial da organización, edición de páxinas web, campañas de captación de recursos, mantemento de servizos básicos da ONGD, publicación de memorias, creación de centros de documentación, información e formación.

O 70% dos proxectos recibiron algún tipo de financiación pública (56%) ou privada (14%). O 30% restante foi financiado integramente polas ONGDs. Un terzo (36) da totalidade dos proxectos foi financiado pola Administración autonómica. As obras sociais das caixas e outras entidades privadas financiaron 15 proxectos e os concellos e as deputacións, ben individualmente ben a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, financiaron 14 accións.

Gráfica 34
Tipo de financiación dos proxectos.
Números absolutos.

Fonte: elaboración propia





4.7 Intercooperación

Recollemos no seguinte apartado as cuestións que dan conta das relacións de traballo e redes de colaboración que se establecen entre as diferentes ONGDs que desenvolven as súas actividades na área da cooperación ao desenvolvemento. Do mesmo xeito abordamos as experiencias e valoracións das organizacións que realizan proxectos con outras administracións ou institucións privadas.

• Colaboración entre ONGDs

Polo que atinxe aos proxectos desenvoltos en colaboración con outras ONGDs, este parece ser un campo escasamente traballado a xulgar polo escaso índice de resposta que obtivemos. Tan só trece entidades contestaron a esta pregunta se ben é certo que o tipo de colaboración semella frutífero a xulgar polo número de proxectos desenvoltos (22).

Das trece entidades que valoraron este apartado, sinalar que o número total de ONGDs coas que traballaron é de dezaioito, aínda que o número de proxectos alcanza os 22 xa que se teñen desenvolto varios programas coa mesma entidade.

Un feito significativo é a relación que se establece con moitas entidades que non teñen sede na nosa comunidade (contrapartes nos países destinatarios dos proxectos), ou mesmo hai organizacións que traballaron con delegacións da mesma entidade noutras comunidades.

Polo que atinxe aos proxectos desenvolto entre as entidades con sede en Galicia, facer referencia ás relacións que se establecen entre as organizacións cercanas que seguen unha liña de traballo, ben temática ou máis de carácter filosófica entre elas.

Táboa 22. Cooperación entre entidades. Datos absolutos.

ONGDs	Entidades coas que traballaron	Número de proxectos
Acción Social Néboa	Kuraq Ayni	1
ADECO Galicia	ADECO Bilbao	1
Axuda en Acción	Comité Antisida/Médicos do Mundo	3
Bicis pola Paz	Países Solidarios/A Cova da Terra/Axunica	3
Compromiso y Misión	TOAR Rumanía	4
Coopera- Xóvenes para a Cooperación Internacional	Cooperación Internacional/ Universitario Axuda Social	1
Estudiantes Galegos para a Axuda Social (EGAS)	Fundación CUME	2
FUNDAI (Fomento e Unificación de Axudas á Infancia)	Desarrollo Intg Children Internacional	1
Fundación CUME	EGAS	1
Huérfanos misión Mishikishi	Cáritas	2
Implicadas/os no Desenvolvemento	Amarante	1
Jóvenes del Tercer Mundo	Fundación Juan Soñador	1
Solidariedade Internacional-Galicia	Solidariedade Galega	1
Total entidades 13	Total entidades 18	Total 22

Fonte: elaboración propia

Polo que atinxe ao tipo de proxectos desenvolto, estes van dende campañas de apadriñamento de nenos, organización de campamentos, construción de centros, etc.

En xeral a valoración respecto do grao de colaboración alcanzado na realización dos proxectos, é moi positivo. A media para o conxunto dos proxectos é de 4,6 sobre 5.

• Colaboración con outras entidades

Respecto dos proxectos desenvolto con colectivos de ámbito local, o índice de resposta é máis baixo que cando se lle pregunta polo proxectos de colaboración con outras ONGDs. A maioría das colaboracións foron con administracións locais ou institucións sociais.

Son oito as ONGDs que teñen desenvolto algún proxecto deste tipo, resultando os concellos (4 casos) as obras sociais das caixas de aforro e as universidades (dous casos) as entidades máis sinaladas. Tan só unha ONGD (Axuda en Acción) desenvolveu un proxecto cunha entidade de carácter civil, como foi cunha asociación de Mulleres Rurais.

O tipo de proxectos emprendidos vai dende a organización de cursos de formación ou charlas ata campañas e xornadas de comercio xusto.

A valoración en canto á satisfacción respecto do grao de colaboración é moi positiva e nunha escala do 1 ao 5, a media alcanza os 4,6 puntos.

4.8 A Coordinadora Galega de ONGDs

Recollemos no seguinte apartado as opinións e propostas formuladas polas ONGDs respecto do labor desenvolto pola Coordinadora atendendo ás seguintes áreas de traballo:

- Promoción e coordinación de actividades conxuntas entre os seus membros.
- Facilitadora de relacións coas entidades públicas e privadas.
- Planificación formativa.
- Información.
- Asesoramento.



Todas as áreas obteñen unha moi boa valoración, situándose as medias por riba dos tres puntos nunha escala do 1 ao 5. As áreas que obteñen as valoracións máis positivas fan referencia á xestión de información (media de 4,30), ao traballo emprendido pola Coordinadora como axente facilitador de relacións e proxección pública (media de 3,90) e a labor de asesoramento (media de 3,73). A área de formación (3,47) e de coordinación de actividades conxuntas entre os membros (3,48) recolle medias máis baixas.

Non só se trataba de coñecer a valoración outorgada á Coordinadora nas diferentes áreas de traballo, ao tempo, tratábase de recoller as propostas formuladas dirixidas á mellora do seu traballo interno e externo. Estas foron as cuestións que achegaron:

Sensibilización social:

- Enténdese necesario acadar unha maior proxección pública dos proxectos e actividades que veñen realizando as ONGDs nos países do Sur. Para iso demándase unha maior presenza nos medios de comunicación respecto das noticias e actividades dirixidas á cooperación ao desenvolvemento.
- Neste sentido fórmulase a necesidade de desenvolver unha estratexia de comunicación de maneira coordinada, consensuando, entre as organizacións, as accións de sensibilización e as estratexias para levalas adiante.
- Fórmulouse a proposta de elaborar materiais didácticos de cara a sensibilización dos sectores máis novos da poboación.

Promoción e coordinación de actividades conxuntas entre os seus membros:

- Promover espazos de encontro entre ONGDs para o deseño e desenvolvemento de actividades conxuntas.
- Fomentar foros de intercambio de experiencias entre ONGs
- Crear un fondo común de recursos e ferramentas de traballo das ONGDs.
- Fortalecer as relacións e as dinámicas de traballo entre os membros da Coordinadora.
- Diseñar unha programación conxunta de actividades que permitise que as accións non coincidan no tempo.

Facilitadora das relacións con entidades públicas e privadas:

- Valorar, na formalización de convenios, os diferentes modos de xestión de cooperación das organizacións.
- Promover reunións coas distintas administracións e as ONGDs.
- Desenvolver unha estratexia de maior presión para aumento de partidas orzamentarias adicadas á cooperación por parte das institucións públicas e privadas galegas.

Formación:

- Implementar un plan de detección de necesidades formativas entre as organizacións para adecuar a oferta dos cursos ás necesidades das entidades.
- Planificar as actividades formativas para que non coincidan no calendario co desenvolvemento de outras actividades.
- Ampliar a oferta formativa: dotar de máis recursos á formación no ámbito da infancia marxinada, nos cambios da lei de subvencións, no campo da xestión de proxectos, de captación de fondos. Ao tempo coméntase a necesidade de dotar aos cursos de máis contidos prácticos.
- Outro aspecto sinalado dirixese á formación básica para voluntariado.

Información:

- Potenciar as novas tecnoloxías (páxina web e correo electrónico) como ferramentas útiles de intercambio de información e foro de opinións.

Asesoramento:

- Artellar un equipo técnico de asesoramento de carácter permanente que preste apoio ás organizacións.

Implicación dos socios:

- Procurar unha maior implicación das ONGDs con maior proxección.
- Facer que todas as organizacións se sintan representadas pola Coordinadora.
- Conseguir unha representación real de todo o sector das ONGDs.
- Desenvolver máis proxectos no campo da acción humanitaria.

4.9 Administracións públicas e entidades privadas

Neste último apartado da ficha recolleemos a valoración que as ONGDs fan dos proxectos de colaboración coas administracións públicas e outras entidades.

Achegarémonos previamente á valoración outorgada polas entidades ás distintas administracións. Sinalar, en xeral, a baixa puntuación que reciben as Administracións públicas se as comparamos con outros ítems avaliados ao longo da ficha. De feito a puntuación media máis alta non chega aos tres puntos, nunha escala do 1 ao 5.

En concreto a valoración máis baixa recae na administración europea (media de 1,50); seguida das deputacións (media de 1,82) e da administración central (2,06). Os organismos mellor valorados son a administración autonómica (2,97) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (2,73).


Polo que atinxe ás deputacións, as valoracións mais baixas son para a Deputación de Lugo e Ourense (media de 1,5 en ambos casos). A de Pontevedra recibe unha media de 1,77 e a da Coruña resulta a mellor valorada (2,54).

No caso dos concellos, as ONGDs consideran o seu labor escasamente desenvolvido e a valoración media sitúase no 2,50.

As mellores medias recaen nas **entidades privadas**: é o caso das Obras sociais e Fundacións das caixas de aforros (media de 2,91) e *outras* entidades (3,20) que fan referencia ás universidades, colexios profesionais ou parroquias, entre outras.

A maiores, preguntamos ás organizacións que valorasen especificamente aquelas entidades locais coas que tiveran traballado ao longo do 2004, no que respecta ao grao de apoio e interese prestado.

Son os concellos das grandes cidades aos que fan referencia as ONGDs por ter desenvolvido con eles maior número de proxectos. É o caso dos concellos de Santiago, Vigo (colaboraron con nove entidades cada un deles) e da Coruña (valorado por sete entidades). Por detrás atoparíamos ao concellos de Pontevedra, Lugo, Oleiros e xa máis lonxe concellos de tamaño medio como Culleredo, Ames, O Porriño, etc.



Polo que respecta ás valoracións respecto do apoio e interese prestado, os concellos de Oleiros (media de 4 puntos sobre 5) e Lugo (3,66) son os que reciben as mellores puntuacións.

Na seguinte táboa recollemos a referencia en canto número de proxectos desenvoltoos e a valoración outorgada polas entidades.

Concello	Nº de entidades	Valoración media
Santiago	9	3,44
Vigo	7	3,57
A Coruña	7	2,28
Pontevedra	4	2,50
Lugo	3	3,66
Oleiros	2	4,00
Ourense	2	3,50
Abegondo	1	3,00
Ames	1	3,50
Carballiño	1	3,00
Cee	1	4,00
Culleredo	1	4,00
Ferrol	1	3,00
Gondomar	1	3,00
Oroso	1	4,00
Ordes	1	4,00
O Porriño	1	2,00
Verín	1	4,00
Total	45	3,69

Táboa 23
Proxectos con
concellos e valoración
do apoio prestado
Datos absolutos e en
medias.

Fonte: elaboración propia

4.9.1 Proposta para a Administración autonómica.

As propostas formuladas polas entidades respecto daquelas cuestións que se poderían mellorar por parte da administración autonómica no ámbito da cooperación ao desenvolvemento dirixense a:

Participación:

- Acadar unha participación máis activa das ONGDs nas accións de planificación da política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento; artellar espazos de encontro e activar espazos de participación.
- Fomentar a participación das ONGDs na organización de actividades, formativas e xornadas.

Calidade e seguimento dos proxectos:

- Maior interese e seguimento, por parte da administración dos resultados dos proxectos desenvolto.
- Adoptar mecanismos de transparencia na xestión de recursos e proxectos.

Simplificación de trámites:

- Axilizar os trámites: non ter que xestionar cada ano a mesma documentación.
- Simplificar as bases para a concesión de subvención.
- Maior flexibilidade na solicitude de adianto de fondos propios.
- Mellorar os criterios de concesión de axudas: adaptar os criterios para o acceso ás subvencións ás necesidades e peculiaridades das ONGDs pequenas.

Asesoramento técnico:

- Crear mecanismos de apoio e asesoramento técnico dirixido á concesión de axudas de carácter estatal e europeo.
- Fomentar a posta en marcha dun equipo de apoio e asesoramento: moitas entidades non contan con persoal especializado no funcionamento da administración.

Fortalecemento do sector:

- Apoiar ás ONGDs galegas.
- Fortalecemento das delegacións en Galicia das ONGDs estatais.
- Investir en accións formativas que melloren a eficacia e capacidade de xestión dos membros das organizacións (técnicos, directivos e voluntariado).
- Dotar de locais e recursos de apoio ás entidades.

Sensibilización e presenza social:

- Mellorar as canles informativas para achegar os proxectos á sociedade: maior visibilidade e presenza social, fomentando unha presenza máis activa e permanente nos medios de comunicación.
- Incrementar os fondos destinados á sensibilización.
- Desenvolver accións de sensibilización e de xestión ética da produtividade dirixidas ao sector empresarial.
- Facilitar e promover a difusión e sensibilización na poboación.
- Maior presenza no medio rural.

Voluntariado:

- Xestionar e apoiar unha rede de voluntariado en países onde existen proxectos de desenvolvemento.

- Crear un fondo dirixido a cubrir as necesidades do colectivo de voluntariado.

Estrutura organizativa da Administración e relacións:

- Maior dotación orzamentaria e de persoal na administración.
- Deseñar plans estratéxicos diferenciados e adaptados ás peculiaridades das entidades en función dos proxectos realizados (desenvolvemento, sociais, de axuda humanitaria, etc)
- Coherencia das políticas da Xunta de Galicia cos valores éticos e de cooperación ao desenvolvemento.

[5]

Grupos de discusión e análise

Expóñense as valoracións, percepcións e os discursos de persoas da sociedade civil e voluntarios sobre as ONGDs

5.1 Grupos de discusión

Conformáronse tres grupos de discusión cos seguintes perfís:

Grupo Ferrol

Sexo e idade	Participaron 5 mulleres e un home con idades comprendidas entre os 35 e 53 anos.
Lugar de residencia	Concellos da área de Ferrolterra.
Nivel de estudos	Catro teñen estudos primarios e dúas estudos secundarios.
Situación laboral	Tres son desempregadas, dúas traballan por conta propia e o home está xubilado.
Relación coas ONGDs	Tres contribuen economicamente de maneira puntual e o resto non manteñen ningún tipo de colaboración.

Grupo Vigo

Sexo e idade	Dous homes e dúas mulleres con idades comprendidas entre os 33 e os 41 anos.
Lugar de residencia	Vigo.
Nivel de estudos	Unha licenciada, unha diplomada e un home con estudos básicos.
Relación coas ONGDs	Un dos participantes fixo unha aportación puntual e o resto non mantén ningún tipo de relación.

Grupo Lugo

Sexo e idade	Conformado por cinco mulleres e un home con idades comprendidas entre os 26 e os 56 anos.
Lugar de residencia	Lugo.
Nivel de estudos	Unha ten estudos secundarios e o resto estudos universitarios.
Situación laboral	Dous son desempregados, unha traballa como bolseira e dúas son funcionarias.
Relación coas ONGDs	As cinco colaboran con algunha entidade: dúas son socias cotizantes e tres participan nas actividades.

Estas son as principais ideas e debates que se deron en torno á cooperación ao desenvolvemento: imaxes, valoración e percepcións sobre as ONGDs.

- No discurso confúndese, en xeral, as ONGDs coas ONGs e con outras organizacións da sociedade civil.

Coa excepción do grupo de discusión formado por persoas con vinculación a organizacións da sociedade civil, os participantes tenden a identificar conxuntamente ONGDs e ONGs e mesmo con outro tipo de organizacións. Nas diferentes intervencións, as alusións e os exemplos referidos a organizacións como Cáritas, Greenpeace, asociacións de mulleres, grupos ecoloxistas,... son constantes. Segundo vai avanzando o debate, vaise perfilando a diferenciación entre as ONGDs e as ONGs.

Cando ás/aos participantes se lles require que dean algún nome de ONGD so acertan a citar as máis importantes.

No grupo de discusión formado por persoas vinculadas ás organizacións sociais, si se diferencian as ONGDs doutras organizacións do terceiro sector e mesmo identifícanse distintos tipos de ONGDs: relixiosas/laicas, grandes/pequenas, ONGDs con diferentes concepcións do que debe ser a cooperación, delegacións de ONGDs estatais/ ONGDs galegas.

As ONGDs tamén se diferencian polas súas **orientacións políticas e ideolóxicas**:

“ Non hai ningunha ONGD que se defina politicamente, e que diga, eu son marxista, ou socialdemócrata, ou o que sexa, pero logo por detrás si que responden a algunha fonte” GD Lugo

“Dentro das ONGDs hai diferenzas. As ONGDs son tamén grupos políticos” GD Lugo

“Moitas ONGDs si que teñen afinidade política, non partidista, pero si política. E hai ONGDs que se definen politicamente de xeito moi claro.” GD Lugo

- Existe unha valoración positiva do labor das ONGDs

Asociada á idea da **axuda aos demais**:

“As ONGDs son necesarias e fan unha labor importante” GD Vigo

“As ONGDs van facer que o mundo esté mellor” GD Vigo

“Traballan para a sociedade e para xente necesitada” GD Lugo

“As ONGDs están formadas por xente que dá moito aos demais e que valoran traballar polo ben dos demais” GD Ferrol

Mesmo como **espazos** de potenciación da **participación** cidadán:

“ Son as canles de participación máis importantes que hai agora mesmo e na que moita xente se quere implicar como unha alternativa” GD Lugo

“Eu, en xeral, considero ás asociacións positivas, desde o momento que favorecen a integración da poboación nunha dinámica social diferente. Desde este punto de vista as ONGDs si que son positivas. Hai un sector de poboación que ao mellor podería estar na casa vendo a TV e que sen embargo decide entrar nunha ONGD e non se conforma con asociarse politicamente” GD Lugo

E de **implicación** individual:

“Penso que é xente moi desinteresada” GD Ferrol

“É xente de mentalidade aberta” GD Ferrol

“É xente nova que está concienciada e é máis solidaria” GD Ferrol

“É xente que traballa moi duro, que colabora e se mollan moito” GD Ferrol

Os participantes recoñecen unha contradición entre a valoración positiva da implicación individual e colectiva e o feito de que as ONGDs estean **aliviando problemáticas** que deben ser resoltas polos grandes poderes políticos e económicos:

“Eu teño sentimentos un pouco encontrados respecto ás ONGDs. Por un lado está claro que dada a situación que hai dentro da sociedade na que vivimos, noutras cidades e noutras países, é normal que a xente queira facer algo para cambialo (...) pero a situación de subdesenvolvemento depende dos países, do campo político e económico, e as organizacións deste tipo, cos bos sentimentos das xentes que o forman e non sei ata que punto deben poñer os seus proxectos de desenvolvemento en marcha” GD Lugo

“Entendo que haxa xente que teña bos sentimentos, pero é unha cuestión que hai que resolver a nivel político e económico” GD Lugo

- Pero tamén consideran que as ONGDs poden xerar efectos negativos ou ter condutas censurables:

Por canto poden considerar o seu traballo como unha inxerencia nos países onde interveñen:

“Son países pobres pero onde hai xente válida e que sabe o que hai que facer.(...) saben perfectamente cal é o seu problema e como hai que solucionalo e o feito de ir desde un

país máis rico e crer que sabemos facelo todo, e tratar de organizar a sociedade a súa maneira, é o xeito de caer en inxerencia.” GD Lugo

“Non todas as ONGs son iguais. En moitos casos, o seu labor representa unha inxerencia no país que pretende beneficiar, xa que se modifican hábitos de consumo, hábitos de conduta, nesas poboacións.” GD Lugo

Porque poden promover modelos de relación que non son xustos e novas formas de dependencia ou porque perviven modelos asistencialistas:

“E o que está claro é que hai a quen lle interesa que ás ONGs nos temas de desenvolvemento están para facer caridade porque sigue interesando que se difunda a idea de que nós que somos moi bos vaíamos alí con cartos e digamos, pobriños, como non teñen máis.” GD Lugo

- Queda patente o descoñecemento con respecto á utilización das axudas, o uso dos cartos, o funcionamento interno, os resultados e a desinformación en xeral, que provocan desconfianza na xente.

“Non ter coñecemento de onde van os teus cartos e que se fai con eles é unha cousa que te desapega” GD Vigo

“Hai moi pouca información de cómo funcionan ese tipo de ONGDs” GD Vigo

“A min gustaríame dar un euro diario para axudar un neno, pero sempre te atopas con iso; A quen llo vas dar? Chegaralle ou non lle chegará? (...) ao mellor chéganlle 20 ou 30 céntimos.” GD Ferrol

“Moitas veces sábese que os fondos non chegan todo o que deberían” GD Lugo

“Vexo moita desinformación e dáme medo” GD Vigo

A desconfianza frustra os desexos de colaborar de implicarse no traballo das ONGDs. Se estes problemas se solucionaran a xente implicaríase máis:

“Yo quiero saber lo que se hace y a quién se hace.(...) incluso estaría involucrada en una y poder ayudar, pues me gusta. Me gusta colaborar y pues si yo tengo unos beneficios y puedo hacer que otra gente disfrute pues que también los tenga. Pero si no hay transparencia, lo que dices tú (...) pero si desconozco la información que debo tener pues yo no me involucro nada. Si tienes la información suficiente y ver en un año lo que ha cambiado y pues tienes un contacto así mas directo pues vale, pero hacerme por hacerme pues no.” GD Vigo

“Tú a mi no me puedes estar pidiendo dinero para un niño si yo no sé a donde va. Porque si yo sé que va a ese niño, o a esa familia, yo apporto. Pero tú no sabes a donde va.” GD Ferrol

Exixencias de eficacia. Os participantes nos grupos de discusión cren que a colaboración cunha ONGD debe estar supeditada ao logro duns resultados:

“O pouco que fixeches, ti fixeches un esforzo por axudar a alguén, gústache que ao cabo dun ano, ver a quén axudaches, como lle cambiou a vida, e iso animache por suposto a seguir axudando e a involucrarte máis. (...) que ensinen ao cabo dun ano o que cambiou.” GD Vigo

“Que dixeran o que fixeron do ano anterior a este cos cartos que nos destes, pois fixemos tres pozos, dúas escolas, o que sexa. Vou axudarte, para que o ano que ven fagades o dobre.” GD Vigo

- Nos discursos está presente a exigencia de transparencia e información con respecto á utilización dos recursos, o funcionamento interno, ás relacións laborais dentro da ONGD ou o desenvolvemento dos proxectos

“Que se explique a onde vai ou o que se fai ou máis transparencia, máis información, iso é o que eu creo que falta. (...) Un pouco de transparencia de soldos, de como está composta a organización e despois como se leva o desenvolvemento no exterior” GD Vigo

“A parte de colaborar con algunhas, xa que colaboras esixe transparencia” GD Vigo

“Yo creo que la gente de la calle, que podemos ayudar a esas personas, deberíamos de tener acceso a esa información, a que se hace con ese dinero, como vive esa persona.” GD Ferrol

“E máis información tamén. E ao mesmo tempo mirar que algunhas non traten de enganar á xente, porque ás veces díse que se monta unha ONG sen ánimo de lucro e que necesita unha aportación para tal fin, e logo resulta que non vai para iso.” GD Ferrol

- **As administracións, pero tamén o conxunto da sociedade civil**, deberían controlar a legalidade e a transparencia no sector de ONGDs. As administracións deben colaborar e apoiar máis ao sector pero non poden controlar, tutelar ou premiar/castigar arbitrariamente ás ONGDs.

“Yo creo que lo que falta es también un poco de implicación del estado para controlar esas donaciones, a donde van, en que se invierte, y fiscalizar un poco, que supervise que ese dinero va a donde se dijo publicamente.” GD Vigo

“Tampouco o estado pode intentar premiar ou castigar a certas ONGs. Non podería controlalas, e sen embargo é o que está facendo. Só debería de haber auditorías externas e sociais.” GD Lugo

- Formúlanse críticas á utilización do **marketing e a publicidade** enganosa e de certas imaxes e mensaxes para captar a atención.

“Cuando ves las imágenes de “Ayuda a no se qué”, y ves las imágenes más cruentas, que igual ahora ya estamos acostumbrados a ver ese tipo de imágenes pues más sangrantes y lo ves hasta comiendo y dices ya te da igual, porque estás acostumbrado a ver esas imágenes... Parece que te ponen la parte más terrorífica de la enfermedad que tienen para que dones más y para mi eso no es efectivo, porque para mi es una publicidad, no se como decirte, engañosa o que realmente muestra lo que ellos quieren que tú veas.” GD Vigo

“A min dáme a sensación de que cando por exemplo che poñen unha imaxe así máis impactante desa enfermidade, dese momento determinado, un pouco para que a xente chame a axudar... Non me gusta ese tipo de publicidade.” GD Vigo

“Volviendo a las campañas informativas. A mi algunas me parecen violentas y agresivas. Porque a mi ver a un niño del tercer mundo trabajando como un hombre de 50 años... Yo creo que juegan un poco con la sensibilidad del espectador y creo que esa no es forma de trabajar. Debería de haber información de otro tipo, como revistas...” GD Ferrol

- **Críticas á perversión dos valores solidarios por parte das empresas** que colaboran coas ONGDs para obter beneficios: de imaxe, fiscais, publicidade,...

“E tamén hai marcas comerciais que un pouco o que están facendo é imaxe, promoción, publicidade, marketing, que ás veces que están aí en letras grandes e dis “vale fenomenal”, pero tampouco...” GD Vigo

“Mira Telecinco, a campaña 12 meses, 12 causas, qué che explican? Si cumpren o cupo de solidariedade deles pero non sei que fan, se Telecinco da millóns para un programa ou simplemente dar publicidade gratis.” GD Vigo

“Non entendo como eses proxectos están financiados por aquelas mesmas empresas que están provocando que eses países estean empobrecidos. É para eles un lavado de cara, porque teñen beneficios fiscais invertindo en proxectos de desenvolvemento. Eses bancos aínda por riba sacan beneficio a nivel económico porque lles desgrava. Parece que está de moda ser solidario.” GD Lugo

- As ONGDs deberían mellorar a súa **estratexia de comunicación coa sociedade**.

Coméntase que as ONGDs grandes manteñen unha relación distante coa sociedade pois so están presentes a través da súa presenza nos medios de comunicación e das grandes campañas. Esta presenza é moitas veces puntual pois limitase a campañas de Nadal ou en grandes catástrofes. Pero **non existe un contacto próximo e directo**, a pe de rúa, coa sociedade.

“Eu persoalmente creo que as ONGs que máis se coñecen están totalmente alonxadas da realidade. Aparecen e desaparecen. Coñezo poucas cousas das que fan, pero nótase moito en determinadas épocas, a aparición de determinados anuncios.” GD Lugo

“Un pouco de comunicación coa sociedade, saber un pouco ti como veciño ou como cidadán pois saber qué opcións tes para enrolarte e se estás enrolado nunha delas, pois saber qué se fai, que (...) . Se non estás dentro non sabes o que (...)” GD Vigo

“As ONGs que teñen un volume de capital importante son as que teñen acceso a eses medios de imprenta para tódalas campañas, TV, radio, prensa escrita, e despois as outras, as modestas, cada vez están máis alonxadas. Hai cousa de dez anos estaban máis presentes na vida social de Lugo e foron un pouco perdendo a súa presenza.” GD Lugo

Hai ONGDs pequenas e de ámbito galego que teñen unha presenza social máis directa pero teñen máis dificultades para chegar a amplos sectores da sociedade

“Outra cousa que me parece importante é a forma de participar. Porque hai ONGs que esperan xente de xeito masivo, que deixen cartos e outras que propician as propias relacións humanas entre eles. Por iso é importante o da avaliación que falaba antes, porque podemos estar de acordo na finalidade, pero despois, ao longo do proceso ves que hai xente que o interpreta dun xeito e xente que o interpreta doutro.” GD Lugo

“As que teñen a sede en Galicia, si que teñen unha forma distinta de afrontar os proxectos, porque están máis cerca da realidade, son máis de participación.” GD Lugo

“Si, son máis próximas e ao mesmo tempo coñecen perfectamente o entorno no que están , para despois realizar accións. (...) teñen máis facilidade para comprender problemáticas étnicopolíticas de todos os países, cousa que non teñen as organizacións a nivel estatal. Están máis sensibilizadas porque xa o viviron. Cando ti tes un problema na que non podes desenvolver a túa cultura e vas traballar a outro país e atópaste con esa mesma problemática, xa tes unha experiencia adquirida.” GD Lugo

- **As ONGDs poñen parches, coas súas actuacións non van modificar o estado das cousas.**

As condicións estruturais do sistema son as que xeran os problemas que as ONGDs tratan de solucionar. Só os Estados poden modificar estas condicións estruturais.

“Pone parches pero no arregla, las ONGs no valen para... son parches. Lo otro tendrían que arreglarlo los Estados con el 0’7%.” GD Vigo

“Se os estados funcionasen como deben, as ONGs non terían razón de existir. Eu creo

que deberían de ser os estados os que solucionasen os problemas, porque son os que teñen o poder, as estruturas, a xente, os cartos. Pero como os estados non cumpren, a xente organizase como pode.” GD Ferrol

Agora ben, poden desenvolver unha labor moi eficaz nos eidos da presión política, a mobilización e a denuncia social, a información, a sensibilización e a educación para o desenvolvemento. As ONGDs poden constituír un contrapoder.

“Fálase das ONGs como parche. Ata certo punto, depende de cal sexa. Falábase do tema da inxerencia, e en moitos casos o tratamento dunha problemática, supuxo unha sensibilización e unha presión sobre un tema que era de interese global” GD Lugo

“Por iso non todas as ONGs son iguais, estou pensando, (...) por exemplo, onde grazas á labor do voluntariado fíxose unha especie de presión e un contrapoder, que de non existir non teriamos outro tipo de información.” GD Lugo

“Hoxe por hoxe, para min a súa razón de ser é facer de altofalante desas situacións que o estado se nega facer. Véxoas máis como grupo de presión e sensibilización e incluso de acción no local, que no que se están convertendo.” GD Lugo

“Despois por outra parte, dannos a coñecer cousas que nin se nos habían pasado pola cabeza, porque se nos falan por exemplo da ablación do clítoris, que nin sequera se nos ocorria que puidese seguir sucedendo, pois ábrenche un pouco os ollos. Máis que como forma de axuda económica, como forma de axuda moral, pensar no apoio moral para esas mulleres.” GD Ferrol

5.2 Grupos de análise

Co obxectivo de incorporar a visión de voluntarios/as e colaboradores, formáronse tres grupos de análise, técnica que permite recoller reflexións máis cualificadas desde as vivencias e experiencias destes colectivos.

Grupo A Coruña

Sexo e idade	Participaron 5 mulleres e un home con idades comprendidas entre os 25 e 45 anos.
Nivel de estudos	Todos contan con estudos superiores.
Situación laboral	Tres traballan por conta allea, unha está desempregada e outra forma parte do persoal dunha ONGD.
Relación coas ONGDs	Tres levan máis de sete anos como voluntarias, unha cinco e outra ano e medio. Colaboran en campañas de sensibilización, comercio xusto e formación.

Grupo Santiago

Sexo e idade	Participaron 5 mulleres e un home con idades comprendidas entre os 21 e 25 anos.
Nivel de estudos	Os cinco son universitarios.
Situación laboral	Ningún deles traballa.
Relación coas ONGDs	O tempo que levan desempeñando traballo voluntario vai dende os dous anos ata os cinco meses. Dous desenvolveron actividades como técnicos en terreo e o resto desenvolven tarefas de sensibilización e de organización interna.

Grupo Vigo

Sexo e idade	Participaron 4 mulleres e 2 homes con idades comprendidas entre os 26 e os 40 anos.
Nivel de estudos	Cinco son licenciadas e un ten estudos de FP.
Situación laboral	Catro están empregadas por conta allea, unha é desempregada.
Relación coas ONGDs	Un leva 10 anos como voluntario, dous levan catro e tres levan un ano. Catro realizaron actividades de cooperación no terreo, dúas participan en accións de EPD. Dous fan labores de apoio á organización interna da ONGD. Todas/os participaron en accións de sensibilización e información, recadación de Fondos.

Que razóns son as que levan á xente a formar parte e dedicar o tempo nunha ONGD?, existen diferenzas entre entidades á hora de elixir con quen traballar?, que tipo de actividades desenvolven?, ata que punto os voluntarios se senten identificados coa ONGD...? Estas foron algunhas das cuestións que se abordaron nos grupos de análise.

- As razóns ou **canles de entrada** nunha ONGD apuntan á efectividade das redes máis cercanas: de amigos, familiares, compañeiros de traballo ou estudos.

“A mi me habló una amiga ya hace como 10 años o más, acerca del apadrinamiento de los niños, o sea, yo ya tengo una ahijada desde hace, pues eso, del 93. Y a raíz de ahí conocí gente en esta asociación y entonces me metí en la asociación un poco para también hacer algo más que no solamente dar dinero en un banco para que llegue al niño, ...” GA A Coruña

“Eu, pois cando estiven na Universidade tiña unha compañeira que está colaborando cunha asociación de nenos con parálise cerebral..., entón pois sensibilizoume digamos a min tamén un pouco para colaborar e facer algo, e despois pois coñecín a unhas rapazas coas que estudei na carreira e están nunha ONG” GA Vigo

Tamén o desenvolvemento da profesión.

"Eu son mestra nun colexio marista... Entón, os irmáns maristas, ademais da educación e ter colexios, teñen unha ONG que é SED e nós desde o colexio traballamos puntualmente e colaboramos con esta ONGD, cos nenos" GA Vigo

" Yo por formación profesional, lo que es el ámbito social me encanta y el ultimo año de carrera me apetecía pues eso conocer alguna ONG, alguna asociación, para poder hacer actividades. Y ese año unas amigas nuestras se fueron de "vacaciones solidarias" con Solidariedade Internacional, y era una ONG de cooperación al desarrollo y por ellas empecé este tipo de actividades" GA A Coruña

"Nosotros empezamos hace ya bastantes años, como 10 años, un grupo de compañeros farmacéuticos, simplemente viendo pues como se tiraba y se desperdiciaban tantos medicamentos aquí. Y en aquella época, se podía enviar medicamentos reciclados a otros países sin ningún problema y creímos que éramos el sector más apropiado para realizarlo de una manera correcta." GA A Coruña

A elección das ONGDs é equiparable (e ás veces compatible) á opción de comprometerse con **proxectos comunitarios** doutro tipo: ANPAs, ONGs de traballo con colectivos en risco de exclusión...

Ás veces **unha viaxe** é determinante.

"Eu marchei o verán pasado a Honduras e a partir de aí pois me enganchei un pouquiño" GA Vigo

"Bueno, pois eu fixen unha viaxe a Perú e a partir de ver alí unha realidade pois cheguei aquí e creei a ONG onde estou traballando eu" GA Santiago

As **motivacións** son diversas, e teñen moito que ver con inquietudes persoais en moitos casos asociadas aos desexos de axuda aos demais:

"As motivacións son moitas: unha inquietude persoal, coñecer unha realidade distinta, outras bastante relacionada co meu (...) moitas veces sendo mestra esquecía os nenos, é curioso pero é así, esquecía os nenos, esquecía a educación e esquecía moitas veces os valores que un quere transmitir na educación. Entón, non é que sexa a cooperación coa ONG vincularme a unha busca de valores, non é que estean esquecidos, pero si dalgunha maneira lembralos." GA Vigo

"Ademais de inquietudes persoais, pois de axuda, dunha certa búsqueda interior e outras cousas máis persoais." GA Vigo

"Yo comencé porque quería conocer gente y un poco involucrarme con los demás, y que fuera una actividad pues buena para la sociedad, cualquiera que fuera, y da la

casualidad pues que me trajo así a estos ámbitos no remunerados que me atraen pues bastante.” GA Vigo

“Yo, la verdad es que siempre me gustó ayudar a los demás.” GA A Coruña.

A relación persoal é a clave: entre as persoas implicadas; cos destinatarios dos programas. A relación, o coñecemento e a vivencia persoal é a que muda a valoración e ‘activa’ o compromiso.

“Creo que para eles o máis importante non é que eu estivese con eles ensinándolles a ler e a escribir senón que eu estivera alí, nada máis. Simplemente que alguén de fóra, de Occidente, dun sitio desenvolvido, “¿Europa? ónde queda iso?”. (...) Que venga allí a pasar un tempo para estar con ellos, no que les vayas a ensinar como se lava la ropa, ni como se come, ni como se escribe, ni como se lee, simplemente el estar con ellos. Yo, esos niños lo más tal era el contacto.” GA Vigo

“Hacen falta unas pancartas para dentro de dos días porque vamos a hacer una manifestación urgentemente, bueno en casa por la noche haciendo las pancartas entre dos. Nos pasamos ahí la noche comiendo una pizza y hacemos unas pancartas hechas a mano y todo va, y la gente funciona y tal, y lo que quieres hacer lo sacas adelante, (...) y esa misma organización llega un momento que necesita esas mismas pancartas para mañana y ya habla con imprenta y se las traen ya mañana y solo tiene que discutir el tesorero con el de la imprenta para que se las tenga hechas ya, porque le dé mas trabajo pintarlas, porque ya tiene esos recursos, y tal, y entonces las personas que son las esencia de la ONG se pierden.” GA Vigo

“Y se pierde el objetivo real. A ver, yo creo que el objetivo de cualquier ONG son las personas, las personas más necesitadas, sean donde sea, pero son las personas. Cuando estamos hablando de grandes niveles parece que nos olvidamos de las personas.” GA Vigo

“Yo se que cuando voy allí yo se el nombre de las personas con las que trabajo, yo hablo con ellos, se como viven, se lo que sienten. A mi, yo vivo mi experiencia muchas veces a través de ellos. No se me olvida nunca por quien lo estoy haciendo, porque estoy ahí en el contacto diario, lo que decía ella. Yo estuve en una comunidad, La cuesta de la virgen, y ¿es muy importante que en La cuesta de la virgen tenga agua? Si, es muy importante, pero cuando yo hablaba con ellos no me decían que lo importante era tener agua, me decían que lo importante para ellos era sentir que no estaban olvidados en el mundo. A mi no se me olvida eso ni el contacto. Yo creo que la parte que organiza pierde ese objetivo de las personas.” GA Vigo.

- Tamén se valora a **confianza** no seo da **organización**, as relacións que se establecen cos compañeiros e a liberdade e autonomía á hora de desenvolver as actividades.

"Eu penso que é moi importante que a persoa se sinta cómoda na ONG. Por exemplo, no caso na que eu pertenzo é moi importante que aínda que non exista unha estrutura moi formal, si que existen uns lazos afectivos importantes. Entón, para nós unha reunión de traballo non deixa de ser unha reunión de compañeiros e amigos, e iso fai que, bueno, pois eses lazos nos unen e nos manteñen traballando " GA A Coruña

"Y si que es muy importante esa sensación de grupo. Desde luego hay un mismo objetivo para las personas que se unen pero luego ese grupo se tiene que ir limando y se tiene que entender." GA A Coruña

Para as/os voluntarias/os a organización "**defínese por ser de voluntarias/os**" fronte a un funcionamento máis equiparable ao empresarial.

"Penso que cando un grupo máis reducido de persoas e que non se lle paga por ese traballo senón voluntariado, un é máis consciente de porque fai iso. Sen embargo, canto máis grande sexa, canto máis grande sexan as cantidades de diñeiro, canto máis grandes sexan as expectativas, esquecese máis de por que se fai e para que se fai e vólvese todo máis burocrático." GA Vigo

"Por lo menos en las delegaciones se da mucho ese caso y es normal, porque la gente que es voluntaria lleva algo dentro, el hacer las cosas a cambio de unas satisfacciones que no son el dinero da un empuje, yo creo que a veces espectacular." GA A Coruña

"Es que ese yo creo que es el problema, entonces, esto del voluntariado es un concepto más o menos nuevo, antes no existía, ni tanta gestión del voluntariado, o sea cada uno hacía lo que podía, esto es una cosa nueva." GA Vigo

• As ONGDs **non cambian o mundo**. Achegan un gran de area. Dedícanse en gran parte a poñer **parches**, pero teñen relevancia.

"(...) A min a sensación que me deu é que funcionamos como parches, se na comunidade na que eu estaba non había auga, pois unha campaña para lograr levar auga ou as letrinas, ou o que sexa, un parche." GA Vigo

"Na miña ONG pois tamén me sinto un pouco así, como parcheando, pero eu penso que hai outras ONGs que si que se dedican a facer forza desde os políticos ou desde a xente que realmente ten cartos para solucionar o problema.." GD Vigo

"(...) as pequenas ONGs e moitos de nós que traballamos en proxectos de cooperación concretos si que nos sentimos que efectivamente que as ONGs están a parchear pero tamén penso que hai outras ONGs cuxo obxectivo está en facer fronte, ou cambiar o mundo, non cambiando as pequeniñas cousas, senón facendo fronte onde hai que facer fronte que é nos grandes estamentos." GA Vigo

- As opinións con respecto á **profesionalización** das ONGDs son diversas:

“Luego hay mucha gente que vive de las ONGs, que ese es otro tema, es otra manera de vivir como otra cualquiera. Hay gente que está voluntaria pero hay gente que no.” GA Vigo

“Es que ahí tienes que meter gente que cobre un sueldo, porque de algo tienes que vivir, ya no es solo voluntariado. Sería vivir de eso, ¿entiendes? Que después, en el vivir de eso haya jerarquía y pues medio quilo al mes no me parece normal, ¿entiendes? Yo se a donde vas tu. Pero si en una ONG los que están organizando eso, se dedican a eso exclusivamente, por supuesto tienen que tener un sueldo para vivir, porque tienen que vivir.” GA Vigo

“Hay unas necesidades y la pasta tenía que ir por ahí. Hay mucha gente que está viviendo del tema (...) todo lo que tiene que ver con el Tercer Mundo, para mi tendría que ser trabajo voluntario, o sea, el dinero tendría que ir directamente al Tercer Mundo y no quedarse por aquí en cosas intermedias.” GA Vigo

“No noso caso ata hai un ano non tiñamos persoal laboral, éramos todos voluntarios desde o primeiro ata o último. Pero o crecemento da organización fixo imposible que os voluntarios asumisen esa tarefa (...) fíxose necesario unha persoa que estivera pendente oito horas ao día (...) de todas as cousas que acontecían na organización. E si, imprimirlle ese carácter pois máis profesionalizado en certos aspectos que require, por exemplo, formulación de proxectos, convocatorias (...) Eu penso que si e por suposto o voluntariado tamén é necesario.” GA A Coruña

- A **publicidade e a imaxe**, fronte á acción e a transparencia.

“Eu penso que é certo que se nós aquilo que recadamos fora integramente para aquelas persoas que o necesitan sería estupendo, se todo o mundo tomase conciencia realmente de que hai persoas que o necesitan e sen necesidade de publicidades nin de pedir ou solicitar axudase, sería estupendo.” GA Vigo

“Yo no quiero decir “es que no hace falta publicidad”, si que hace falta, pero que no sea como el principal objetivo, pero que el dinero no se vaya en publicidad.” GA Vigo

“(...) entiendo que se haga sensibilización pero que no sea la propaganda como el objetivo. Yo creo que aquí se lleva mucho la imagen.” GA Vigo

“(...) parto dunha ONG moi pequena, onde temos moitos problemas para conseguir recursos. Precisamente o problema que vemos nos é que nos investimos moi pouco en publicidade e ate agora non tiñamos ninguén que non fora voluntario e estou de acordo en que o que hai que procurar sempre é que vaia ao cen por cen dos cartos, ao proxecto (...) O que pasa é que moitas veces iso tamén é un freo no propio desenvolvemento do proxecto.” GA Vigo

“Está claro que si una determinada ONG, sea profesional o no, el objetivo, la mentalidad de la gente que colabora en ella no es voluntario, entre comillas, no es conseguir el cien

por cien, sino conseguir el auto lucro, pues pierde sentido la propia ONG, por definición. Otra cosa es que se vuelva imprescindible o prácticamente imprescindible el pagar profesionales e incluso tener profesionales contratados.” GA Vigo

“(…) son imprescindibles los dos, eso está clarísimo que sí. Lo cual no quiere decir que el personal remunerado no sea también trabajador y haga al contrario en un momento de necesidad.” GA A Coruña

“Sí, por ejemplo, hay que sacar dinero, a veces habrá que sacar dinero con algo con lo que no estés de acuerdo, pero es justamente eso, tendrás que utilizar parte de tus recursos para duplicar. ¿Que esa no es la idea de la ONG? Es cierto. ¿Que la idea utópica de la ONG es aquello que recogemos el cien por cien? Sí. Pero es que desgraciadamente las ONGs funcionan en un determinado contexto y en un determinado mundo.” GA Vigo

- **A necesidade de fondos**, cando trae consigo a rivalidade e **competencia** entre organizacións.

“Son competitivas entre ellas mismas.” GA Vigo

“Eu teño unha sensación, (...) que en principio calquera voluntario se sentiría igual de ben facendo o mesmo traballo en calquera organización, porque en principio o traballo do voluntario é chegar ás persoas. Sen embargo ás veces da a sensación de que entre as organizacións non ocorre así. Entón se a organización A ten un proxecto aquí e a organización B ten un proxecto xusto ao lado, non se lles ocorre que é o mesmo proxecto, non, son proxectos rivais que van competir en financiación, que van competir en esforzos, que compiten en voluntarios.” GA Vigo

“A nivel de organización un dáse conta que cando van a pedir unha subvención todo o mundo pide a subvención para o seu proxecto aínda que sexa o mesmo e xusto ao lado.” GA Vigo

- As/os voluntarias/os participantes nos Grupos de Análise reflexionaron sobre a **imaxe** que a sociedade ten do seu traballo:

“Non se vé o noso traballo” GA A Coruña

“Todo el mundo asocia el trabajo del voluntariado a irte a otros países” GA A Coruña

“(…) yo creo que es que no se entiende la labor del voluntariado.” GA Santiago

“(…) cuando alguien te plantea cualquier cosa de una ONG lo más rápido que puedes pensar es dónde va el dinero, o simplemente pensar que realmente tú no lo puedes hacer porque te salga de dentro. (...) Y si creo que en ese aspecto somos un poco incomprendidos.” GA A Coruña

“Cuando te cuenta de primera mano lo que hace o no hace, si no, yo creo que no lo valoras. Eu creo que si se paran a pensar se valora, o que pasa que non o pensan.” GA Santiago

“Ou igual cando sae na televisión cando o maremoto de Asia, e saen aí, que van subindo no avión, que van cargados con víveres, a xente dirá “ah, pois mira, estes tíos que ben” e tal, pero porque llos poñen na tele e saen porque senón non, pois non.” GA Santiago
“Dúas cousas, por unha parte creo que a xente ao mellor si valora o traballo dos voluntarios, pero por outro lado o que falaron eles de que hai moitas desconfianza cara as ONGS. Entón, si moi bonito o traballo pero eu non me meto porque eu non confío. E por outro lado xa falando doutra cousa relacionado con como se ven os voluntarios desde o ámbito do traballo, do educador social, do traballador social, o que se fala é que o voluntario quita moitos postos de traballo (...)” GA Santiago

- Os voluntarios identifican **diferenzas entre ONGDs**.

Desde a perspectiva do voluntariado, o máis importante é o traballo que realizan, e non a organización coa que o fan.

“(...) penso que como voluntario a min ao final o que me importa é a persoa final que recibe axuda (...) Eu non vou dar apoio psicolóxico á persoa, porque eu non son psicólogo nin teño nin idea, non é o meu rol nesta ONG nin noutra, pero dentro do traballo que eu podo facer a min dáme igual desenvolvelo desde unha ONG X ou Y porque nun caso será Juan quen reciba a miña axuda e noutros será Pedro, pero son dúas persoas coa mesma necesidade porque é o que eu lles podo aportar, e nese senso dáme igual que desde unha que desde outra.” GA Vigo.

Diferenzas ONGDs grandes e pequenas: as grandes dispoñen de asalariados, infraestrutura, influencia política, maior acceso á subvencións e contratos de publicidade, máis confianza ante as empresas e os cidadáns, ... As pequenas carecen destes medios. Son máis voluntaristas e tamén máis próximas, con menor impacto pero máis visibles. Enténdese que nas pequenas hai máis facilidades para a participación e para aportar na toma de decisións.

Mesmo coméntanse as **diferenzas ideolóxicas** ou de perspectivas con respecto ao significado da cooperación para o desenvolvemento. Existen ONGDs cun enfoque da cooperación ao desenvolvemento baseado no paternalismo, na escasa énfase no “proceso da comunidade”, sen enfoques globais e integridades. ONGDs da primeira ou segunda xeración.

“(...) digamos que algunhas ONGDs traballan así: dan pero no momento no que desaparece ou se necesitaba axuda, desaparece e sen embargo outras traballan a comunidade. Iso si que me parece unha ideoloxía distinta de traballo das ONGDs.” GA Vigo

As veces hai pouco respecto ás culturas das comunidades. Perigo de colonización cultural.

“Muchas veces, por ejemplo, la iglesia imponía una serie de ideas o una colonización cultural o le dabas algo a cambio de algo y esto es muy difícil no caer en ello. O sea que a veces pasa un poco eso, que vas allí con tus ideas un poco súper tal pero ellos tienen otra (...) bueno a mi es una cosa de las que más miedo me da y de ir allí con nuestra invasión cultural (...)” GA Vigo

[6]

ENTREVISTAS

A expertos e persoas vinculadas ao sector da cooperación internacional en Galicia

As persoas entrevistadas foron identificadas desde o giap e a Coordinadora como axentes clave ou expertos no sector da cooperación en Galicia:

- **Expertos:**
 - Carlos Teijo. Facultade de Dereito. Universidade de Santiago de Compostela.
 - J.M. Sobrino Heredia. Facultade de Socioloxía. Universidade da Coruña.
 - Xulio Ríos. Director do IGADI.
 - Enrique Castelló Mayo. Vicedecano da Facultade de Xornalismo. Universidade de Santiago.
- **Medios de comunicación:**
 - Xose Luis Vilela. Director adxunto de La Voz de Galicia.
 - Xaime Leiro. Xornalista de El Correo Gallego.
 - Belén Puñal. Xornalista de Tempos Novos.
 - Tino Santiago. Xornalista da RTVG.
 - Anxo Quintela. Director de Vieiros.
- **Entidades sociais:**
 - Xosé Veiras. Federación Ecoloxista Galega.
 - Alejandro Gómez Soler. Autismo Galicia.
- **Administración local:**
 - Nidia María Revalo Gómez. Deputación de Pontevedra.
- **Xunta de Galicia:**
 - Pilar García Quince. Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.
- **Entidades privadas**
 - Maite García Serra. Obra Social de Caixa Galicia

6.1 Medios de comunicación

Un dos aspectos centrais e presente nos contactos mantidos coas ONGDs ten que ver coa escasa presenza e o descoñecemento do sector por parte da cidadanía. Neste sentido considerábase central o papel e apoio dos medios de comunicación na divulgación da cooperación ao desenvolvemento entre a sociedade civil.

Coa idea de contrastar esta cuestión e outras suscitadas, mantivemos varios encontros con profesionais de diferentes medios de comunicación con maior proxección na nosa comunidade para recoller a súa visión e apuntar claves que puideran achegar ás ONGDs á actualidade informativa. Abordamos pois as cuestións xurdidas nas entrevistas de maneira autónoma respecto das cuestións formuladas dende outros entrevistados por entender que se centran nunha temática moi concreta como é presenza das noticias relacionadas coa cooperación internacional nos medios de comunicación e a súa estratexia de sensibilización social.

Medios de comunicación e cooperación para o desenvolvemento

- Hai unha coincidencia xeneralizada respecto da centralidade dos medios de comunicación na difusión e achega ao público de todas as cuestións relacionadas coa sociedade civil. Sobre todo porque hoxe en día o que non está nos medios non forma parte do debate social.
- Durante anos o tratamento dos medios de comunicación ás ONGDs estivo alicerzado na transmisión dunha concepción asistencialista e unidireccional da cooperación internacional, alén de ocupar importantes espazos as catástrofes humanitarias e desastres naturais. Obviáronse os aspectos máis críticos dos discursos e prácticas das ONGDs.
- O tratamento que os medios fixeron das ONGDs non só se centrou na marxinación informativa de determinadas prácticas e discursos, senón no propio tratamento dado á información. O feito de que a información se recolla na sección de "Sociedade" (caixón *desastre* nalgúns medios), ou nun dominical ou suplemento, fai que a temática das ONGDs dalgunha maneira se banalice e perda toda a carga política, reivindicativa ou crítica.
- Ante o tratamento que os medios daban as ONGDs galegas, estas foron moi pragmáticas adaptándose á realidade e optando por moverse a nivel de contactos persoais con xente que traballaba nos medios sen ocupar postos de dirección e responsabilidades na liña editorial, coas excepcións de ONGDs que tiña acceso a estes niveis.

A situación en Galicia

- O terceiro sector non está na axenda informativa galega. Pódese dicir que non hai censura por este tipo de información, o que si hai é relegamento, considerándose información *branda* que se ten que abrir camiño.
- Por parte dos MMCC hai maior interese nos últimos anos por achegarse á información humana e de servizos.
- As ONGDs procuran mostrar ao público a súa mellor imaxe (loita pola xustiza social, etc.) pero teñen lagoas, na medida en que son pouco transparentes (organizativamente, gastos, etc.) e se considera un sector moi confuso.
- Non hai un xornalismo especializado nestas temáticas, porque nin é reclamado por un tipo de lectores, nin é rendíbel para os medios. Pode haber en Galicia algún medio con maior disponibilidad a mellorar o tratamento da información relacionada coas ONGDs, pero non hai, entre os importantes, case ningún con interese obxectivo plasmado nunha liña editorial.

ONGDs con maior presenza

- En xeral as ONGDs grandes teñen moita máis transcendencia no sector da información. En parte por contar cunha estrutura de comunicación máis profesionalizada e por saber penetrar ben nos medios.
- A área local recolle, con máis frecuencia que noutras seccións, noticias referidas ao sector (en parte por non existir un área especializada dentro dos xornais que se faga eco das ONGDs ou polo interese do xornalista da rúa; se a el lle interesa pode metela como noticia dentro da sección local).
- A parte das entidades mais consolidadas ou grandes, outros actores que teñen maior presenza informativa son as organizacións que fan traballo asistencial ou de caridade.

Que opinión teñen os medios de comunicación das ONGDs?

- Como idea central apuntase á escasa relación entre os medios de comunicación e as ONGDs
- Por outra banda non existe unha política comunicativa dende as ONGDs dirixida aos medios. As entidades non coñecen a lóxica de funcionamento dos MMCC (non se trata de facer unha nota de prensa, hai que saber como envia-

la, facer un seguimento dela, insistir, etc). A escasa presenza ven condicionada porque as entidades non contan con persoal especializado.

- Considérase un sector moi dividido; son moitas as entidades que perseguen os mesmos obxectivos. Non existe unha estratexia coordinada de comunicación por parte das ONGDs en Galicia.
- O que si considera é que ten mellorado o contacto máis directo con moitas entidades, moitas das veces porque detrás das súas actividades contan co apoio ou aval social de profesionais ou xente de certo prestixio. Deste xeito destaca que a relación dos medios coas entidades ten que ver máis cos contactos persoais que se manteñen dende os medios de comunicación.
- Respecto da relación mantida entre os medios de comunicación e as ONGDs, considerase moi escaso o contacto na súa función de informantes clave ou expertos. Recórrese con maior frecuencia a outras entidades (Universidade, etc).
- As ONGDs están pouco profesionalizadas e especializadas nas relacións cos medios de comunicación. Na maioría dos casos non contan cun gabinete de comunicación, e moitas das veces os comunicados e notas que pasan á prensa son engorrosos, dificultando o traballo do xornalista. Tampouco optimizan os recursos e as posibilidades que ofrece Internet, a creación de redes, etc.

Implicación dos MMCC?

- Aínda que son moitas as actuacións que cómpre desenvolver si existe certa preocupación e interese por parte dalgún medio por dar alcance das noticias relacionadas coa cooperación internacional. Sinálase o caso de Vieiros, diario dixital que conta con información e enlaces a organismos ou entidades que traballan no sector da cooperación.
- O mesmo medio está a traballar na posta en marcha do Canal Solidario, espazo onde recoller as noticias e enlaces de webs relacionadas co movemento da altermundialización.

Propostas

- As noticias relacionadas coa sociedade civil deberan acadar maiores cotas e protagonismo nos espazos informativos e nos programas que manteñen audiencia. Enténdese que darlle maior cabida a este tipo de información pode-

ría xerar redes de encontro entre colectivos e poñer en valor as actividades e proxectos que se están a facer na nosa comunidade.

- Atendendo a esta situación puidera ser de interese constituír un foro ou lugar de encontro onde poder formar aos profesionais e onde as ONGDs poidan aprender certos recursos que lles sexan de utilidade. Mesmo tentar que o colectivo de voluntariado traballe este tema dentro das entidades.
- Desenvolver talleres conxuntos ONGDs-Medios, a maiores e contactos estábeis, implicación na formación dos xornalistas neste ámbito da Facultade de Xornalismo e do Colexio de Xornalistas.
- Considérase necesario manter un contacto cos directivos dos medios de comunicación. A Coordinadora Galega debería ser quen promovera estas iniciativas desde o lado das ONGDs.
- Unha estratexia que podería ser de interese sería a de aproveitar as experiencias e vivencias dos colaboradores ou técnicos en terreo a través dos novos espazos de comunicación que ofrecen as novas tecnoloxías como é o caso dos blogs. Esta podería ser un fonte de información para os medios dixitais.
- Diseñar ferramentas que orienten a estratexia das ONGDs nas relacións cos medios de comunicación como podería ser un silabario que recolla as normas básicas para traballar con eles.

6.2 Administración e entidades de cooperación

Achegamos a continuación os aspectos centrais que xurdiron nos contactos mantidos con outros informantes, aglutinando aos representantes da administración, de entidades de cooperación e expertos que desenvolven o seu traballo no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Características do sector en Galicia

Cuestións xerais:

- Apúntase a excesiva fragmentación do sector en parte condicionada pola existencia de moitas entidades que teñen que competir polos poucos recursos dedicados á cooperación na nosa comunidade.

- Fálase tamén da falta dunha estratexia conxunta desde as ONGDs para ter capacidade de presionar aos poderes públicos e as estruturas dos partidos.
- Hai poucas experiencias de ONGDs que teñan capacidade organizativa, económica ou para profesionalizar minimamente determinado tipo de actividades que son fundamentais para elevar a calidade da cooperación. As ONGDs pequenas ou que nacen sen planificación resultan inviables polas carencias organizativas e de temporalidade dos seus apoios. Son entidades formadas, na maioría dos casos, por grupos de activistas e que non sobreviven a medio-longo prazo.
- O escaso nivel de profesionalización das ONGDs galegas e a dependencia do traballo voluntario dos membros puidera significar que moitas veces non haxa continuidade de certas actividades. Estas carencias dificultan o acceso aos fondos e programas debido ás dificultades técnicas á hora de acceder ás convocatorias.
- Desde Galicia a cooperación faise naqueles países onde xa están intervindo outros actores. É preciso reflexionar desde nós mesmos, qué podemos facer ou en qué podemos complementar ou reforzar o que se está facendo e facer máis fincapé naqueles países que temos máis próximos por razóns culturais e aportar o valor engadido do coñecemento e cercanía cos países lusófonos.

As ONGDs galegas:

- As ONGDs locais responden con maior efectividade á realidade social, na medida en que contan con maior capacidade para a implicación do tecido social, derivado, en parte, pola súa dependencia das bases. Cuestión que non se da nas ONGDs grandes onde a propia inercia mantén a organización (a carencia de recursos nunha delegación compénsase co traballo noutras localidades).
- Na nosa comunidade non se pode falar dunha ONGD galega de referencia con presenza noutras comunidades. O escenario da cooperación ao desenvolvemento en Galicia caracterízase por ONGDs galegas configuradas como grupos locais e pequenos, e delegacións de ONGDs estatais con escasa autonomía.

As delegacións:

- As ONGDs que funcionan como delegacións estatais dependen, en boa parte dos socios cotizantes, pero a penas contan con activistas e gozan de escasa autonomía á hora de desenvolver proxectos propios.
- Estes aspectos van dificultar o traballo de sensibilización, de contacto coa cidadanía e de implicación da base social.

Coordinación entre entidades

- Coincídese en sinalar a falta de proxectos conxuntos entre entidades, mesmo as axudas que se sacan desde a administración que promoven a cooperación entre ONGDs, moitas das veces, non cumpren os requisitos esixidos.
- Non existe unha práctica de traballo coordinado entre as ONGDs con outras entidades da sociedade civil. Enténdese que é unha oportunidade desaproveitada na medida en que as relacións co tecido social poden favorecer a concienciación e aproximación coa sociedade. Esta falta de coordinación repercute na calidade da cooperación e na posta en marcha de proxectos de maior calado.
- Hai moitos colectivos que tamén están actuando e non son ONGDs pero traballan en temas que poden sacar moito proveito e a súa repercusión social é mais forte porque teñen máis rede.

Presión política e presenza social

- As ONGDs non están desenvolvendo unha posición crítica ante a falta de apoio da administración; é o caso do 0,7%. Vense febles e non son capaces de poñerse en valor nin de ver o seu poder na sociedade.
- En xeral, hai un descoñecemento por parte da cidadanía sobre a actuación e funcionamento das ONGDs. Cuestión que se ve reforzada porque os proxectos que desenvolven fóra de Galicia a penas teñen visualización entre a poboación galega.
- Moita xente ten unha visión das ONGDs como entidades que son pouco transparentes porque non saben mostrarse á xente, aínda que a sociedade acepta ben o labor que están a desenvolver na sociedade.

A cooperación ao desenvolvemento na política autonómica

- Hai carencias en canto aos recursos dedicadas á cooperación desde a Administración. Carencias en canto ao número de persoas que traballan na administra-

ción e que ven limitada a súa capacidade para dar saída a todas as accións que habería que emprender. Mesmo incluso para facer o seguimento dos proxectos teñen que facerse a través da contratación de servizos externos.

- Existen tamén moitas limitacións polos trámites excesivamente ríxidos que hai que seguir. É moi pouco o tempo do que se dispón e moi limitados os recursos humanos para aprobar proxectos, analízalos e seguílos de cerca.
- O actual sistema de distribución dos fondos públicos favorece unha competencia entre as ONGDs. Situación que puidera mellorar se houboese unha concentración de fondos en menos proxectos o que obrigaría ás ONGDs a elaborar proxectos de forma conxunta e evitaría a proliferación de entidades inviables a medio-longo prazo.
- Coincídese en sinalar as melloras que cómpre facer nos sistemas de planificación e avaliación de proxectos que se empregan desde a Administración.
- Enténdese necesario a existencia dun espazo de encontro e traballo conxunto entre os diferentes actores que traballan no sector. Neste sentido o Consello Galego de Cooperación puidera ser un órgano central na aposta por crear estruturas de encontro entre os diferentes axentes, sen embargo, a súa composición deixa fóra a actores relevantes da sociedade civil.

As potencialidades:

- Durante os último anos o nivel de conciencia en torno á cooperación internacional por parte da Xunta de Galicia foi crecendo, aínda que non chega aos niveis doutras comunidades autónomas.
- Aprobeuse a Lei de Cooperación por unanimidade e deseñouse o Plan Director.
- Valórase positivamente a traxectoria dos proxectos presentados no que respecta á súa calidade e innovación. Aínda así, coincídese en que son moitas as melloras técnicas que se poderían facer.
- A relación entre as ONGDs e a administración é cordial e existe un diálogo permanente e continuo.
- Desde a administración promóvense liñas de subvención dirixidas a entidades sociais e privadas sendo moi positiva a súa resposta e cada vez preséntanse máis proxectos.

Outros axentes

Universidade

- Enténdese que as universidades galegas poderían aportar moito máis no ámbito da cooperación internacional. No caso da Universidade de Santiago non hai equipos consolidados nin existe unha estratexia de apoio á cooperación ao desenvolvemento; as escasas iniciativas dependen do interese do persoal docente, PAS e alumnos/as.
- A Universidade da Coruña evolucionou desde un primeiro momento de ausencia de interese cara os temas relacionados coa cooperación ao desenvolvemento e voluntariado, nos primeiros anos dos 90, a contar cunha estrutura e persoal permanente que se dedica, non só a fomentar a celebración de cursos ou seminarios, senón tamén a xestionar o labor do voluntariado entre os universitarios.
- Existe unha rede interna e un potencial de masa crítica que cómpre activar entre o colectivo universitario e a influencia que iso pode ter nunha cidade.

Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

- Os concellos son percibidos como entidades que carecen de iniciativas cara a cooperación, non formando parte dos seus obxectivos no deseño de políticas municipais.
- Por iso é ben valorado o labor de coordinación dos fondos locais e sumarse a todos aqueles procesos que permitan xerar sinerxías
- O traballo do Fondo Galego é moi importante xa que moitos concellos por eles sós non poden e non teñen persoal para xestionar. O Fondo serve para crear un mínimo de estrutura local e serve de nexos de unión entre as administracións.

Obras sociais e fundacións de Caixas de aforro:

- As liñas abertas desde estas entidades son valoradas positivamente.

Desafíos nos próximos anos

Definición dunha estratexia conxunta:

- Posta en marcha dun proceso de introspección, e de pensar desde Galicia: que podemos facer para enriquecer as políticas de cooperación?. Cómpre aproveitar as vantaxes e capacidades propias.

- Introducir a cooperación nas dinámicas da xestión pública e incentivar un maior compromiso por parte dos actores públicos e privados..
- Mellorar a capacidade organizativa; necesidade de ser máis transparentes, achegar información á cidadanía, aos socios, mellorar o nivel de profesionalización das ONGDs máis pequenas. Políticas de comunicación serias e complicidade dos medios.
- Acadar unha maior presenza social a través de actividades con visualización na rúa, manifestacións, exposicións, etc.

Dotación de recursos e apoio:

- Capacitar ao persoal técnico na captación de fondos públicos e privados, facendo máis atractivas e innovadoras as propostas de proxectos.
- Aposta, desde a administración, por políticas ou procesos que reforen aos actores organizados que permitan un salto cualitativo das ONGDs e aproveitar mellor os recursos.
- Posta en común dos recursos (humanos e materiais) que existen nas entidades pero tamén desde as administracións e institución públicas
- Aínda que as entidades precisan dun apoio e asesoramento para a presentación dos proxectos, non ve que a administración deba cumprir ese papel. Entende que puidera ser mellor prestarlle unha liña de apoio á Coordinadora e que fora ela a que fixera ese servizo que gozaría de maior independencia.

Implicación e participación do sector:

- O novo escenario político é considerado unha oportunidade onde a cooperación ao desenvolvemento acade un compromiso máis forte coa dotación de recursos pero tamén cunha nova maneira de facer política implicando ao tecido social na estratexia de definición e activación dunha sociedade máis solidaria e máis xusta.
- Apostar porque Galicia abandee a cooperación nos países africanos lusófonos e que as entidades galegas poidan sumar esforzos coas contrapartes portuguesas e entre as dúas poidan acceder aos fondos europeos conxuntamente.
- Cómpre implicar ás redes locais na cooperación, traballar coas estruturas municipalistas e cos seus técnicos/as e convertelos en axentes de cooperación.

A cooperación directa debería centrarse nos casos nos que non existe tecido asociativo para traballar determinados tipos de proxectos.

- Cómpre fomentar a participación cidadá que é un tipo de cooperación que ninguén fai. Igual que os concellos non se poden dedicar a facer axuda humanitaria porque non teñen capacidade para iso.
- Hai que reforzar os elementos máis duradeiros e políticos, capacitar aos líderes locais, construír espazos de diálogo político e de xestión democrática, cousa que se podería facer desde os nosos concellos

[7]

Grupos de investigación acción participativa

Integrado por membros de ONGDs, da Coordinadora Galega, representantes da Administración autonómica e profesionais que desenvolven o seu traballo no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. A través de xuntanzas de traballo elaborouse un diagnóstico do sector e propuxéronse liñas de accións dirixidas a mellorar a situación actual.

Recollemos, neste apartado, as ideas, debates e propostas formuladas desde o GIAP nas cinco xuntanzas de traballo que mantivemos ao longo do proxecto. Ao final do documento pódense consultar as actas.

Nacemento

Escenario político:

- A década dos oitenta en España caracterizouse pola eclosión das ONGDs que atoparon un escenario político favorecedor como foi a consolidación da democracia.
- No caso galego, non será ata mediados dos noventa o momento de creación de ONGDs. Situación que pode explicarse non só polo aumento da sensibilidade social, senón tamén por unha serie de acontecementos ligados á acción institucional: o incremento dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento e as esixencias legais de inscrición no rexistro de ONGDs da Xunta de Galicia para o acceso a estes fondos.

O papel das administracións:

- A influencia do desenvolvemento das Autonomías non explica na súa totalidade o proceso de nacemento de entidades nas diferentes comunidades, na medida en que ámbitos de traballo como o voluntariado ou a sensibilización, tiñan unha xestión descentralizada antes de que as Comunidades Autónomas comezasen a regular sobre estas materias e a definir requisitos de actuación.
- Mesmo non se pode falar dunha relación unidireccional como factor de promoción e desenvolvemento das ONGDs desde a Administración cara estas pois a actividade de moitas das entidades tamén estimulou o posicionamento e sensibilización da Administración cara á cooperación ao desenvolvemento.
- Por parte das ONGDs valórase o papel das Administracións, non só por contar cunha liña de subvención aos proxectos, tamén polo coñecemento e interese que moitos responsables políticos mostran polos temas relacionados coa cooperación, materializados na estabilidade destas liñas de apoio e mesmo na evolución temporal destas variables.

Evolución

Do asistencialismo á cooperación:

- O nacemento e evolución das ONGDs corre parello ás transformacións que se producen na propia concepción da cooperación ao desenvolvemento. Neste senso, os inicios dunha visión asistencialista e de caridade, supuxeron que as primeiras organizacións nacesen ao amparo da Igrexa.
- De feito a evolución desde un marcado carácter asistencialista das ONGDs nos seus primeiros momentos ata a idea de cooperación ao desenvolvemento tal como hoxe a entendemos non se consolidaría ata moito tempo despois.
- Neste sentido considérase que houbo organizacións que foron mudando pero iso non aconteceu noutras e mesmo algunhas que nacen na actualidade poden inscribirse no tipo de ONGD de primeira xeración.
- O predominio da visión asistencialista e caritativa e a importancia do empoderamento dos destinatarios da axuda nas relacións Norte-Sur, serían elementos caracterizadores dos dous extremos no proceso de transformación das ONGDs.

Novas maneiras de facer:

- Cambios que tamén afectaron na adopción de novos modelos de xestión organizativa e de mellora na calidade na medida en que se viron presionadas por unha demanda social que esixe un maior nivel de eficiencia e transparencia na xestión dos proxectos que desenvolven.
- Adoptar un modelo organizativo diferente axudaría a acadar un maior grao de influencia e capacidade de presión a nivel político e social.

ONGDs e transformación social

- As ONGDs non teñen unha ideoloxía especificamente política como fin que as diferencie unhas doutras. Isto non significa que no se defendan uns determi-

nados valores, un modelo socioeconómico alternativo e unhas reivindicacións políticas transformadoras. É certo que existen ONGDs cun perfil máis consultor e menos reivindicativo, pero non é este o único modelo existente.

- A finalidade de transformación social sería o elemento identificador común. O obxectivo xenérico dunhas sociedades máis xustas pode considerarse como o núcleo dunha ideoloxía común a todas as ONGDs.
- O que particulariza ás ONGDs é a súa especialización nun determinado campo de actividade, e é esta especificidade no desenvolvemento dun tipo de traballo concreto o que permite vincular a organización coa base social que a sostén.
- Neste sentido, os elementos diferenciadores que existen entre as entidades, explicarían as preferencias das persoas que se incorporan a elas.

O sector en Galicia

Excesiva atomización

- As características que definen ao sector de ONGDs en Galicia serían a diversificación e atomización das entidades; a maior parte das organizacións serían bastante pequenas.
- A maiores outro elemento ten que ver coa falta de coñecemento e natureza de moitas entidades cunha traxectoria de vida moi curta. Entidades que, estando inscritas nos rexistros legais e cumprindo todos os requisitos esixidos polas administracións para optar a fondos, a penas teñen visibilidade e presenza social.

Países de actuación

- No que atinxe aos países de actuación, existe un elemento común ás ONGDs galegas que é a súa vinculación preferente cos estados de fala portuguesa, o propio Perú e os países de destino tradicional da emigración galega, do mesmo xeito que en España existe unha sensibilidade especial con América Latina.

Delegacións

- Respecto ao proceso da proliferación de entidades que funcionan como delegacións da casa matriz este veuse favorecido pola instauración do estado autonómico e a posibilidade que se lles presenta ás organizacións de optar a

fondos autonómicos. Moitas ONGDs grandes non terían delegacións se non existise a actual configuración territorial do Estado.

- No mesmo sentido as entidades víronse obrigadas a adaptarse ás regulacións das institucións para beneficiarse das axudas. As delegacións de ONGDs importantes contan xa desde fai dous ou tres anos con máis medios e mesmo con persoal contratado, pero ata entón os recursos foron bastante escasos. Considérase esta escaseza de medios a principal razón da debilidade das ONGDs galegas, aínda que nos últimos anos a situación mellorou.
- Pola contra existe unha forte dependencia das delegacións, no que atinxe á tarefas de xestión, respecto das casas matrices. Apúntase que as delegacións contan con escasa autonomía á hora de presentar proxectos propios no ámbito da cooperación e da axuda humanitaria, deixando máis liberdade nas actividades de sensibilización. Moitas delegacións dirixen a súa actividade central á captación de fondos, mentres que as relacións Norte-Sur establécense, maioritariamente, desde a casa matriz.
- A traxectoria das ONGDs galegas é aínda curta, pero existe a determinación de avanzar cara unha maior autonomía e acadar un maior nivel de incidencia e de capacidade transformadora da realidade galega. Ao estar aínda nunha etapa de nacemento é lóxico que as delegacións se apoiem nas casas matrices, pero pouco a pouco irán cambiando a forma de traballar.

ONGDs e captación de voluntariado:

- Coincidese á hora de comprender que o colectivo do voluntariado vexa máis atractivas ás ONGDs pequenas, pois nestas o seu traballo resulta máis visible. As características deste tipo de entidades lles posibilita participar na definición do traballo e na formulación das accións desenvolvidas na entidade.
- Mentres, nas ONGDs pequenas existe unha maior vinculación persoal co proxecto, nalgunhas entidades moi grandes, o colectivo de voluntarios e o persoal da delegación teñen pouca marxe para influír na configuración do proxecto na medida en que este xa vén definido desde a casa matriz, limitándose moitas veces a unha presentación “mecánica” do mesmo ante a Administración. Isto pode explicar o maior apego do colectivo coas formas de traballar das ONGDs pequenas, pois nelas séntese máis protagonista.

- Apúntase os dous elementos que debe definir a implicación dun/ha voluntario/a nunha ONGD: voluntariedade (o que supón habilitar campos de traballo flexibles onde definir a súa implicación de acordo coas súas posibilidades e as da ONGD), e que non sexa utilizado para cubrir postos de traballo remunerados. Considérase que as ONGDs, na maioría dos casos, non teñen definida unha estratexia a seguir que permita unha mellor adaptación do voluntariado.
- Respecto do sistema de captación este segue a ser unha das principais áreas de traballo das entidades, á que lle están dedicando cada vez máis esforzos. Destacar a mellor valoración que se fai daqueles sistemas de captación máis informais (redes de coñecidos , etc.) fronte aos máis formais e os de maior impacto (internet, campañas publicitarias)

Relacións entre entidades: estratexias necesarias para xerar alianzas

- Como mellora na estratexia de sensibilización e achega á cidadanía?. Considérase central contar cun apoio máis decidido por parte dos diferentes medios de comunicación. Mesmo coméntase a necesidade de establecer unha estratexia de implicación do ámbito educativo (comunidade educativa en xeral e universidades) para achegar o sector á poboación xuvenil.
- Respecto da colaboración con colectivos locais (entidades veciñais, de mulleres, educativas, etc.), valórase a proximidade cos seus obxectivos e filosofía de traballo e a maior simpatía que espertan nas ONGDs na medida en que se visualizan como factores de cambio e concienciación social. Valórase a facilidade relacional destes colectivos atendendo á súa dimensión local e á posibilidade que abren na contactación con outros actores que traballan no mesmo ámbito.
- Por outra banda recoñécese o interese por acadar unha estratexia relacional coas fontes de poder económico, que poden axudar, cos seus donativos ou ingresos, ao desenvolvemento de proxectos que levan acabo as ONGDs,.

[8]

A modo de reflexi3ns

1. A medida que os problemas na nosa sociedade aumentan, vai crescendo unha demanda social que esixe un maior nivel de implicación dos poderes públicos, das entidades privadas e axentes sociais ante novos retos de xustiza social. Cómpre pois aproveitar un **escenario social comprometido** que pode facilitar o desenvolvemento de accións de sensibilización e xestar proxectos de maior calado e implicación cidadá.

As accións de presión política precisan dunha posición máis decidida por parte das ONGDs dirixidas a mudar a estratexia das administracións no ámbito da cooperación ao desenvolvemento e de aposta por unha sociedade activa e solidaria. Nese sentido as entidades deben poñer en valor as súas experiencias e os coñecementos, así como a capacidade de xeración dunha masa crítica que obrigue a redefinir novas maneiras de facer política.

Do mesmo xeito cómpre aproveitar o novo **escenario político** que se presenta en Galicia. Os profesionais técnicos e decisores políticos abren o camiño a un novo marco estratéxico onde formular novos retos de traballo conxunto desde a administración baixo criterios solidarios e nun marco de compromiso ético dos poderes públicos.

2. Para afrontar este reto faise preciso asumir un exercicio de **autocrítica** no sector das ONGDs. Afrontar as debilidades que nel existen e aproveitar as súas potencialidades. Formúlase a necesidade de abordar este proceso cunha implicación e complicidade do sector que sexa quen de traballar con maior grao de coordinación e asumindo novos retos no futuro.
3. A **atomización** do sector, as dificultades por parte de moitas ONGDs de manterse no tempo, con serias dificultades para acceder aos recursos ou que simplemente atenden a un proxecto persoal, preséntase como un modelo insostible.

Nese sentido cómpre por en marcha novas lóxicas relacionais que aposten pola creación de sinerxías entre as entidades. Ao tempo faise preciso afortalar un tecido que precisa dun apoio organizativo que aposte por estruturas locais e que sexa quen de lograr un maior nivel de autonomía das delegacións e de implicación destas coa sociedade galega.

4. O **descoñecemento e falta de confianza** que xenera o sector da cooperación ao desenvolvemento entre a sociedade, precisa dunha estratexia de apertura e transparencia no que respecta ás lóxicas de traballo das ONGDs e que dé conta dos logros e obxectivos conseguidos. Activar mecanismos de información por parte das organizacións, ao tempo que deseñar estratexias de colaboración cos medios de comunicación, pode axudar a mellorar a imaxe das entidades, e chegar á sociedade o traballo e actividades que veñen desenvolvendo.
5. Ao fío de afondar nas liñas de **colaboración** entre entidades, e na procura desa cercanía e visibilización social, formúlase a necesidade de aproveitar o tecido social galego e potenciar as redes e sinerxías entre as ONGDs e outros colectivos sociais. O feito de contar cun entramado civil consolidado, en continuo crecemento e con proxectos e ideas innovadoras, preséntase como un

potencial escasamente aproveitado desde o sector da cooperación ao desenvolvemento. Son moi poucas as experiencias que nese sentido se teñen acometido na nosa comunidade desaproveitándose o capital social existente.

6. **Procesos colaborativos** que contan con moi pouca presenza entre as propias ONGDs. A falta dunha cultura de traballo en común adoece non só na presentación e desenvolvemento das accións, tamén na escasa aposta polo intercambio de experiencias, recursos, etc. Cómpre romper coas lóxicas individualistas e liderar un novo proceso de traballo conxunto entre as entidades.
7. Aínda que a política levada adiante pola administración autonómica no ámbito da cooperación ao desenvolvemento ten mellorado nos últimos anos, existen carencias que dificultan a posta en marcha dunha **estratexia a longo prazo** que se faga eco das peculiaridades do sector en Galicia.

A **aposta máis decidida** desde os poderes públicos pola cooperación, significa dotar de máis orzamentos e de recursos técnicos e humanos que aseguren unha calidade das accións a desenvolver. A medida que aumentan os proxectos, precísase de máis recursos e novas formas de facer. Implantar sistemas de seguimento, axilizar os trámites burocráticos, adaptar os criterios ás necesidades das entidades e crear redes de traballo conxunto coas entidades e organismos. Pero non só se trata de implantar melloras no ámbito organizativo, senón de formular proxectos innovadores, xerar novos espazos, posicionarse como actores centrais que faciliten a coordinación entre os diferentes axentes no ámbito da cooperación internacional en Galicia.

8. Existen **ferramentas e espazos** recentemente creados (Plan Director, Consello Galego de Cooperación, etc.) que xorden coa vocación de sentar as bases para acadar unha maior calidade e reforzar a cooperación internacional en Galicia. A posta en marcha destes procesos precisa dun seguimento e actualización continua que impulse unha participación activa e decidida desde os diferentes actores implicados (administracións, ONGDs, colectivos sociais, sindicatos, entidades privadas, universidades, etc.)
9. A **profesionalización** do sector: achegar novas maneiras e métodos organizativos, de innovación dos proxectos, aproveitar o potencial humano que existe na nosa comunidade, potenciar espazos de diálogo e encontro desde as entidades públicas e privadas que a xeración de sinerxias nunha estratexia conxunta. Reforzar o papel das administracións locais e doutros axentes públicos e privados e as súas experiencias no sector.
10. Finalmente, cómpre fortalecer o traballo que vén desenvolvendo a **Coordinadora Galega de ONGDs** como espazo de encontro e articulación do sector. A necesidade de garantir unha planificación conxunta dos proxectos, que reforce experiencias e posicione ao sector galego coa súa impronta en accións que fortalezan social e politicamente ás comunidades destinatarias das súas accións, precisa dunha estrutura forte que coordine o traballo conxunto e diálogo entre as ONGDs e destas co entramado institucional e social galego.

[9]

Material de traballo:
Actas do giap e xornadas.
Ficha organizacional

Acta da Xornada de Presentación do Proxecto

Mércores, 27 de Outubro de 2004, edificio da EGAP. Santiago de Compostela.
Comeza a xuntanza ás 19:00 horas e remata ás 21:00

Relación de participantes:

- **ONGDs**

José Manuel Pérez Otero (Ayuda en Acción), Xulio López Pérez (Amigos da Terra), Mayte Vidal Abalo (Entreculturas), Carolina Campos Álvarez (Solidariedade Internacional de Galicia), Beatriz López Quintás (Acción contra a Fame), Amalia Álvarez Vega (InteRed), César Machado Fernández (Promoción y Desarrollo), Ana Crespo Nuño (Humanismo e Democracia), M^a Carmen Alborés Maceiras (Manos Unidas), Sonia Aristegui Romay (Intermón Oxfam), Fernando González Pereira (Compromiso y Misión), Maika Beltrán Moreiras (Veterinarios sen Fronteiras-Vetermon), José Luís Luena Pérez (Jóvenes del Tercer Mundo), Félix Castro Latorre (Amarante), J. Antonio Palma (InteRed/CGONGD) Lucía Tojo Otero (ONG Mi Perú), Mikel Urqiola García (Unicef Comité Galicia), María Paz Gutiérrez (Solidariedade Internacional de Galicia), Margarita Pérez Herraiz (Solidariedade Internacional de Galicia), Dora Vieiro Nogueira (Seminario Galego de Educación para a Paz), Felipe Matilla Romero (Farmacéuticos Mundi),

- **Administración autonómica**

Pilar García Quince e África López Souto (Secretaría Xeral de Relacións coa U.E e Cooperación Exterior. Xunta de Galicia).

- **Coordinadora Galega de ONGDs**

Emilio Martínez Rivas

- **Equipo de investigación**

Ana Lorenzo, Rosa Muñiz e Xavier Sánchez (CIDADANIA)

Orde do día:

- **Presentación** a cargo de: Emilio M. Martínez Rivas da Coordinadora Galega de ONGD, África López Souto representante da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior e Rosa Muñiz e Ana Lorenzo, CIDADANIA, equipo responsable do estudo.
- **Definición de áreas de investigación prioritarias.** O obxectivo é responder a preguntas como: Que é o que máis nos interesa coñecer do propio sector? Que carencias de información ou coñecemento poden estar sendo escollos no traballo das ONGs?... A metodoloxía empregada apoiárase na participación activa de todas as persoas, a través de grupos pequenos, e da posterior posta en común. As conclusións serán incorporadas como obxectivos do estudo.
- **Presentación dos mecanismos de participación.** Este punto consiste na proposta de conformación dun grupo de investigación acción participativa e na presentación doutras canles de participación no estudo.

A xuntanza comezou coa intervención de Emilio Martínez Rivas facendo unha breve presentación do Proxecto *Informe Cero do Sector das ONGDs en Galicia*, destacando a importancia que o estudo ten para un mellor coñecemento do sector e da centralidade que adquire a participación das ONGDs de cara o éxito do proxecto. A continuación interveu África López, quen destacou a relevancia que o estudo supón na orientación e deseño

de accións que desde a administración se poden desenvolver no sector.

CIDADANIA fixo unha presentación dos aspectos máis importantes do proxecto destacando os obxectivos do mesmo, as metodoloxías a empregar e as distintas fases nas que se vertebra.

Despois da presentación, conformáronse grupos de traballo de cara á identificación daquelas áreas de investigación prioritarias e obxectivos que as organizacións consideran debe de recoller ou abordar o proxecto. Unha vez identificadas as propostas houbo unha posta en común. Estas son as propostas formuladas e que presentamos ordenadas por áreas:

Proxectos e destinatarios

- Reflexionar respecto do que entendemos por *cooperación*. Temos todos o mesmo criterio?.
- Coñecer a apreciación que os destinatarios dos proxectos (países do Sur) teñen das ONGs.
- Trazar un mapa de sectores de intervención (emerxencias, desenvolvemento local, inmigración, muller, etc). Que se está a facer?.
- Sectores de intervención prioritarios. Que habería que facer?.

Voluntarios/as colaboradores/as

- Recoller información respecto dos factores que inflúen na decisión dunha persoa á hora de colaborar cunha ou outra ONG.
- Coñecer o peso que ten nun voluntario a ideoloxía/filosofía da ONG, á hora de colaborar con ela.

- Cal é a capacidade, sostibilidade e implicación real do voluntariado?.
- Analizar o nivel de profesionalización e coñecemento do persoal contratado e voluntario.
- Contar cun perfil dos voluntarios/as e outros colaboradores; nivel económico, cultural, profesión, ideoloxía, estado civil, situación familiar, ocio, etc.

Coñecemento e cooperación entre ONGs

- Cal é a capacidade de mobilización en conxunto do sector?.
- Damos importancia á cooperación entre as distintas ONGs?.
- Cal é o nivel de coñecemento real que ten o sector respecto do traballo que están desenvolvendo outras ONGs?.
- Quen estamos? Que facemos? Como podemos colaborar?.
- Grao de interese das ONGs en cooperar entre si en Galicia e no exterior.
- Por que hai multiplicidade de ONGs en vez de fomentar a integración de entidades e proxectos?.
- Experiencia de relacións entre ONGs en Galicia e no exterior
- Cauces para o traballo en rede
- Nivel de dependencia respecto doutros sectores: económico, administración...

O traballo do día a día

- Facer un diagnóstico dos problemas e maneiras de resolver a xestión interna das ONGs
- Análise interna e externa do sector.
- Grao de dependencia existente entre as asociacións ou delegacións das casas *matrices* á hora de traballar, actuar...

- Coñecer, desde unha perspectiva cualitativa os obxectivos e medios cos que contan as ONGs en Galicia. Debilidades do sector.

Como nos ven

- Coñecemento, percepción e credibilidade social. Para iso poderíase recoller a visión de entidades do ámbito empresarial, universidades, medios de comunicación, etc.
- Estamos a cumprir a nosa razón de ser? Grao de cumprimento de obxectivos.
- Relacións ONG-sociedade: a sociedade utilízanos para cumprir os fins que formulamos as ONGs ou somos un instrumento a disposición da sociedade?
- Somos un reflexo da sociedade? Por que non arrastramos á sociedade?

A continuación o equipo de investigación explicou os aspectos máis importantes dos mecanismos de participación que se desenvolverán ao longo do proceso, prestando especial importancia á conformación dun grupo de investigación acción participativa: cómo se configura, cales son os seus obxectivos e cales as metodoloxías de traballo. De cara a súa articulación solicitouse ás persoas presentes a implicación das organizacións que representan no grupo de i-a-p. Mesmo pedíuselles que sinalasen aquelas outras organizacións ou sectores que, desde o seu punto de vista, sería de interese participasen no grupo.

Acta da primeira xuntanza do Grupo de investigación-acción participativa

Mércores, 1 de decembro de 2004, local da Coordinadora Galega de ONGDs.
Santiago de Compostela
Comeza a xuntanza ás 19:00 horas e remata ás 21:00

Relación de participantes:

- ONGDs
 - José Manuel Pérez Otero (Axuda en Acción), Maika Beltrán Moreiras (Veterinarios sen Fronteiras-Vetermon), Mikel Urquiola García (Unicef Comité Galicia), Dora Vieiro Nogueira (Seminario Galego de Educación para a Paz), Félix Castro Latorre e Belén Rei Mariño (Amarante), Paula Herranz (Fundación Cume), Ramón Esteso (Médicos do Mundo), Mauro Cid (Devalar Consulting).
- Administración autonómica
 - Pilar García Quince (Secretaría Xeral de Relacións coa U.E e Cooperación Exterior. Xunta de Galicia).
- Coordinadora Galega de ONGDs
 - Mar Lado (Secretaría Técnica)
 - Emilio Martínez Rivas
- Equipo de investigación
 - Ana Lorenzo, Rosa Muñiz e Xavier Sánchez (CIDADANIA)

Orde do día:

- Presentación do proxecto
- Grupo de investigación-acción-participativa: Obxectivos e proposta de planificación do traballo

- Ficha de ONGDs: contraste dos posibles contidos que debera incluír
- Breve informe e reflexión común sobre a traxectoria histórica do sector de cooperación ao desenvolvemento e solidariedade internacional en Galicia

O equipo de investigación fai unha breve explicación do proxecto e dos obxectivos e funcionamento do g-i-a-p. Acordouse fixar o primeiro mércores do mes (cunha frecuencia bimestral) como data de reunión do g-i-a-p, en horario de 19:00 a 21:00 horas.

A continuación procedeuse a analizar a proposta de “Ficha de organizacións” recolléndose as achegas que os participantes formularon.:

Apartado 1. Datos descritivos

- Coa idea de obter un alto grao de resposta acórdase non facer un cuestionario moi extenso, para iso sería bo aproveitar a información de carácter descritiva que se recolle na Guía do sector de 2004 da que dispoñemos en breve. Deste xeito poderase enviar unha ficha personalizada a cada entidade onde os datos descritivos vaian xa cubertos.
- Tamén se apunta o interese por coñecer o grao de autonomía das delegacións galegas con respecto á casa matriz no que se refire a capacidade para xerar actividade. O estudo debe identificar a capacidade propia do sector galego de ONGDs para xerar propostas; a autonomía das organizacións galegas debe

referirse á capacidade para presentar proxectos propios, facer campañas de sensibilización, a vinculación coa Coordinadora. Para iso habería que coñecer qué actividades fai de maneira autónoma a organización e cal corresponde á execución en Galicia de proxectos acordados na casa matriz.

- Coincídese na importancia de observar a distribución territorial dos grupos locais ou delegacións en Galicia no último ano, analizando se se incrementou a presenza destes nos últimos anos, ou se diminuíu ou se mantivo. Esta información podería servir para contrastar hipóteses acerca da configuración ou non das ONGDs en Galicia como un movemento basicamente urbano.

Apartado 2. Estrutura organizativa

- Aclárase que, no caso de ONGDs que son delegacións dunha casa matriz, os datos relativos á estrutura organizativa corresponden á estrutura da delegación en Galicia.
- Con respecto á distinción entre a tipoloxía do persoal considérase que o concepto de colaborador é un tanto amplo e difuso con dificultade de caracterización, optándose polo termo “experto”. Sería necesario precisar máis esta categoría. Apúntase a pertinencia de incluír a categoría “socio-activista”. Acórdase tamén contabilizar esta categoría nos dous apartados correspondentes.
- Tamén se sinalou a posibilidade de incluír no apartado de relación contractual as modalidades de persoal

en prácticas ou do Plan Labora. Diferénciase contratación estacional/non estacional, xornada completa/tempo parcial e indagar que é o que marca a estacionalidade. O importante das distincións na categoría de persoal contratado é saber se son persoas incorporadas á estrutura da ONGD.

- Con respecto á categoría “voluntariado”, cóincídese na posibilidade de elaborar un perfil socioeconómico e educativo/profesional do mesmo. Considérase que o máis rigoroso sería elaborar un cuestionario para ser cuberto polos propios voluntarios, pero isto excede a capacidade actual deste estudo, polo que se incluírá, de forma máis xenérica, no cuestionario de organización.
- Na categoría “socios/as” acordase incluír un apartado relativo ás cotas que se pagan ao ano.
- Advírtese das posíbeis confusións entre as funcións de administración e xerencia e acórdase diferenciar entre tarefas directivas e de xestión e administración.
- Decídese incluír outras subcategorías na área de traballo “cooperación para o desenvolvemento”: comercio xusto, educación para o desenvolvemento, responsabilidade sociocorporativa de empresas. Iso permitiranos obter unha visión máis completa do conxunto de actividades das ONGDs.

Apartado 3. Funcionamento

- Sinalase a importancia de especificar, no caso de aquelas organizacións que traballan en máis campos que a

cooperación para o desenvolvemento (Cáritas, Cruz Vermella), as estruturas, persoal, fondos,... que se dedican exclusivamente a esta actividade.

- No apartado relativo aos órganos nos que se estrutura a organización, decídese manter as categorías de asemblea ou patronato e xunta directiva e deixar aberta a pregunta para que cada ONGD especifique os seus órganos. No caso das delegacións en Galicia de ONGDs estatais ou internacionais, considérase oportuno contabilizar a presenza de representantes da delegación galega nos órganos da casa matriz.

Apartado 4. Comunicación e participación na organización

- Con respecto aos distintos sistemas de comunicación que se recollen na ficha, considérase que a valoración dos mesmos en canto a súa efectividade é moi subxectiva.
- Acórdase incluír as categorías “voluntariado” e “traballadores” na pregunta relativa á existencia de fórmulas de participación non formal para socios e colaboradores.
- Así mesmo, cóincídese na pertinencia de incluír unha pregunta relativa as ferramentas de xestión interna da organización (plano estratéxico, plano de traballo anual, plano operativo, avaliación sistematizada,...). Acórdase incluír unha pregunta relativa á existencia de axentes externos (expertos, representantes da coordinadora autonómica,...) nas fases de planificación e avaliación.

Apartado 5. Recursos financeiros

- No apartado relativo a ingresos agrúpanse as categorías Administración central e AECL, aparece tamén o apartado de Outros ministerios; o mesmo para a categoría de vendas de servizos incluíndose a venta de bens. Recóllense tamén os ingresos derivados de institución sen ánimo de lucro.
- En relación aos Gastos agrúpase axuda humanitaria e de emerxencia e a de Comunicación redefínese como Gastos xerais. Recóllese tamén o apartado de Presión política.
- Acórdase non incluír como ingreso a valorización das donacións en especie ou no seu caso contabilízalas separadamente dos ingresos monetarios.
- No caso de programas con carácter plurianual, tómase como ano de referencia á hora de contabilizar ingresos o ano de aprobación.

Apartado 6. Descrición de proxectos

- Con respecto a descrición de proxectos infórmase de que existen documentos nos que xa aparece dita información. Proponse entregar os cuestionarios xa cubertos naqueles apartados dos que dispoñamos de datos.

Ante a falla de tempo, acordouse adiar o debate sobre a evolución histórica do sector en Galicia para a próxima xuntanza. Remata a reunión á hora arriba indicada.

Acta da segunda xuntanza do Grupo de investigación-acción participativa

Mércores, 2 de Febreiro de 2005, Aula A da Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela
Comeza a Xuntanza ás 19:00 horas e remata ás 21:00

Relación de participantes:

- ONGDs
 - José Manuel Pérez Otero (Axuda en Acción), Maika Beltrán Moreiras (Veterinarios Sen Fronteiras-Vetermon), Félix Castro Latorre e Belén Rei Mariño (Amarante), Paula Herranz (Fundación CUME), Mayte Vidal Abalo (Entreculturas), Carolina Campos (Solidaridad Internacional), Fidel Martín Rocha (Cruz Vermella Española), Virginia Romero Sobral (Devalar Consulting), Francisco Hurtado (Ecos do Sur), Ramón Estesos (Médicos Mundi) José Antonio Palma Río (InteRed), José Luís Luena (Jovenes del Tercer Mundo), Jose Esteller (Acción contra a Fame) María Mar Gómez (IGA-DI), Jose Luis Quintela (Intermón-Oxfam).
- Administración autonómica
 - Pilar García Quince (Secretaría Xeral de Relacións coa U.E e Cooperación Exterior. Xunta de Galicia).
- Coordinadora Galega de ONGDs
 - Mar Lado (Secretaría Técnica)
 - Emilio Martinez Rivas
- Equipo de investigación
 - Ana Lorenzo, Rosa Muñiz e Xavier Sánchez (CIDADANIA)

Orde do día:

- Reflexión sobre a evolución histórica e a identidade do sector en Galicia
- Ficha de ONGDs: contraste dos contidos que debera incluír

O equipo de investigación fixo unha breve presentación en audiovisual na que se recollían as datas de fundación das ONGDs que operan en Galicia e unha comparación entre décadas da evolución no nacemento destas entidades.

Ao fío desta exposición suxeríuselles aos e ás participantes iniciar unha reflexión sobre a historia do sector en Galicia. As opinións e reflexións estruturáronse en torno aos seguintes temas e preguntas:

- Razóns que explican as pautas, dinámicas e ritmos da evolución histórica do sector e as diferenzas cualitativas e cuantitativas nas diferentes épocas.
- A proliferación de ONGDs nos últimos anos está estreitamente ligada ao aumento da sensibilidade no seo da sociedade como reacción a unha determinada realidade social, pero tamén se cre que esta sensibilidade xa existía moito antes do crecemento do número de ONGDs aínda que este fenómeno permitiu consolidala.
- A eclosión de ONGDs en Galicia a mediados da década dos noventa, a cal presenta un desfasamento cronolóxico dunha década con respecto á evolución española, explicaríase non só polo aumento da sensibilidade no seo da sociedade, senón tamén por

unha serie de acontecementos ligados á acción institucional: o incremento dos fondos públicos destinados a cooperación para o desenvolvemento e as esixencias legais de inscrición no rexistro de ONGDs da Xunta de Galicia para o acceso a estes fondos.

- Moitos colectivos funcionaban antes, aínda que a súa alta se visibilice neste momento, precisamente por inscribirse no rexistro de ONGDs da Xunta de Galicia e así poder acceder a uns fondos públicos en crecemento.
- Considérase que existe unha relación bidireccional desde a administración cara ás organizacións pois a actividade das ONGDs tamén estimulou o posicionamento e organización da Administración neste campo.
- Destácase a importancia de factores políticos como a consolidación da democracia en España. Coincídese na importancia deste factor, pero resáltase o feito de que moitos estados europeos xa contaban con sistemas democráticos consolidados moito antes da proliferación de ONGDs, polo que debe relativizarse o potencial explicativo deste factor sen discutir a súa condición de factor necesario.
- Existiron nos distintos momentos de xurdimento das ONGDs elementos identitarios e referencias mobilizadoras comúns?. Perviven na actualidade esas referencias comúns ou diversificáronse?
- O marcado carácter asistencialista foi unha característica das ONGDs nos seus primeiros momentos; a idea do desenvolvemento tal como hoxe a

- entendemos non se consolidaría ata moito tempo despois.
- Nos primeiros momentos para traballar nas organizacións bastaba con ter intencións de traballar e colaborar, hoxe esíxese un certo nivel de eficiencia.
 - As ONGDs non teñen unha ideoloxía especificamente política como fin que as diferencie unhas doutras, pois o seu obxectivo é atender unha necesidade social. O que as particulariza é a súa especialización nun determinado campo de actividades, e é esta especificidade o que permite vincular a organización coa base social que a sostén.
 - A ausencia de ideoloxía especificamente política, non significa que non se defendan uns determinados valores e un modelo socioeconómico alternativo e unhas reivindicacións políticas transformadoras. É certo que existen ONGDs cun perfil máis consultor e menos reivindicativo, pero non é este o único modelo existente.
 - A finalidade de transformación social sería o elemento identificador común. O obxectivo xenérico dunhas sociedades máis xustas pode considerarse como o núcleo dunha ideoloxía común a todas as ONGDs.
 - De cara a unha maior comprensión das diferenzas entre ONGDs, apúntase a funcionalidade dunha teoría que constata a existencia de catro xeracións de ONGDs. O predominio da visión asistencialista e caritativa e a importancia do empoderamento dos destinatarios da axuda nas relacións Norte-Sur serían os elementos caracterizadores dos dous extremos nesta evolución das ONGDs.
 - Considérase que hai organizacións, como Mans Unidas, que foron mudando e fixeron esta evolución, pero iso non aconteceu noutras e mesmo algunhas que nacen na actualidade poden inscribirse no tipo de ONGD de primeira xeración. Existirían ONGDs que non teñen intención de avanzar a través dos diferentes estadios desta evolución.
 - Existe un elemento común ás ONGDs galegas que é a súa vinculación preferente cos países de fala portuguesa e de destino tradicional da emigración galega, do mesmo xeito que en España existe unha sensibilidade especial con América Latina.
 - É importante analizar por qué xorde unha ONGD concreta e cales son as razóns que levan a unha persoa a vincularse cunha ONGD determinada. Apúntase o caso da ONGD Amarante, destacando que os elementos diferenciadores da mesma explicarían as preferencias das persoas que se incorporan a ela; as veces son outro tipo de razóns, como unha viaxe.
 - O nacemento e evolución das ONGDs corre paralelo ás transformacións que se producen na propia concepción da cooperación ao desenvolvemento. Neste senso, cun predomino da visión asistencialista e de caridade, resulta lóxico que as primeiras organizacións nacesen ao amparo da Igrexa.
 - Diversificación e atomización (a maior parte das organizacións serían bastante pequenas) son as características que definen o sector de ONGDs en Galicia.
 - A dependencia con respecto ás casas matrices de Madrid ou Barcelona

e os poucos recursos cos que contan as delegacións galegas, serían outras características a destacar.

- As delegacións de ONGDs importantes contan xa desde hai dous ou tres anos con máis medios e mesmo con persoal contratado, pero ata entón os recursos foron bastante escasos. Considérase esta escaseza de recursos a principal razón da debilidade das ONGDs galegas, aínda que nos últimos anos a situación mellorou.
- Diferenzas entre ONGDs especificamente galegas e delegacións de ONGDs estatais da casa con respecto ao grao de autonomía.
 - Non existe unha pauta común senón que depende da autonomía que permita cada casa matriz. Apúntase que as ONGDs son moi centralistas no “núcleo duro” das súas actividades de sensibilización. Moitas delegacións son na práctica captadoras de fondos, mentres que as relacións Norte-Sur establécense desde as casas centrais.
 - As ONGDs galegas, son plenamente autónomas pero carecen de fondos suficientes para ter unha incidencia que vaia máis alá do ámbito local. As relacións cos destinatarios da axuda son mínimas.
 - Dependere dunha casa matriz non significa necesariamente que o poder non radique en Galicia.
 - A instauración do estado autonómico impulsou a creación de delegacións en cada comunidade autónoma, ante a posibilidade de optar a fondos autonómicos ou a necesidade de adap-

tarse ás regulacións das institucións. Moitas ONGDs grandes non terían delegacións se non existise a actual configuración territorial do Estado.

- A influencia do desenvolvemento das autonomías non é total, pois existen ámbitos de traballo das ONGDs, como o voluntariado ou a sensibilización, que xa funcionaban a un nivel descentralizado antes de que as comunidades autónomas comezasen a regular sobre estas materias e a definir requisitos.
- Sinálase que existen organizacións inscritas no rexistro galego de ONGDs que cumpren todos os requisitos esixidos polas leis para optar a fondos, pero que se descoñece cales son as súas actividades. Agora ben, para ter influencia e capacidade de presión a nivel político e social non basta coa inscrición nos rexistros legais; é preciso adoptar un modelo organizativo diferente.
- Ao estar aínda nunha etapa de nacemento é lóxico que as delegacións das ONGDs se apoiem nas casas matrices, pero pouco a pouco as delegacións irán cambiando a forma de traballar. A traxectoria das ONGDs galegas é aínda curta e a entidade pequena, pero existe a determinación de avanzar cara unha maior autonomía e acadar un maior nivel de incidencia e de capacidade transformadora da realidade social.

A continuación pasouse a debater sobre os contidos da ficha de organizacións. Todas as observacións e modificacións propostas polos participantes foron incorporadas á ficha que será acompañada dun guieiro.

Acta da terceira xuntanza do Grupo de investigación-acción participativa

Mércores, 18 de Maio de 2005, Aula 11 da Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela.
Comeza a xuntanza ás 19:00 horas e remata ás 21:00

Relación de participantes:

- ONGDs
Félix Castro Latorre e Belén Rei Mariño (Amarante), Amalia Álvarez Vega (InteRed).
- Administración autonómica
Pilar García Quince (Secretaría Xeral de Relacións coa U.E e Cooperación Exterior. Xunta de Galicia).
- Coordinadora Galega de ONGDs
Mar Lado (Secretaría Técnica)
- Equipo de investigación
Ana Lorenzo, Rosa Muñiz e Xavier Sánchez (CIDADANIA)

Orde do día:

- Achegamento aos datos da ficha
- Achegamento aos principais discursos presentes nas entrevistas grupais a voluntarias/os de ONGDs

Comeza a xuntanza cunha exposición audiovisual dos primeiros datos da ficha de organizacións que fora enviada ás distintas ONGDs, resaltándose o carácter de achegamento inicial da presentación. A ficha foi enviada, aproximadamente, a 80 entidades, das cales 31 devolvérona cumprimentada, quedando pendente de

recibir outras fichas nas próximas semanas. Desde a equipa técnica considérase satisfactorio o número de ONGDs que contestaron á ficha. Achegamos as táboas e gráficos relativos aos datos que se presentaron na xuntanza, resaltando que unha vez recibidos os cuestionarios que quedan pendentes poderase analizar con maior profundidade a información que nelas se recolle.

Sobre os sistemas de captación de socios/as e voluntarios/as

Ao fio desta exposición, reflexionouse sobre a posible contradición que podería existir entre a valoración outorgada aos sistemas de captación, en especial a rede de coñecidos, cando a súa efectividade non se considera tan elevada como se reflectiu na ficha. A valoración que fixeron as ONGDs é relativa e en comparación cos outros sistemas empregados. Estímase na reunión que se dan baixos niveis de captación que deberan menguar as valoracións acadadas a través da ficha. Aquí, como noutras cuestións, as ONGDs tenden a poñer en valor os pequenos logros e resultados que se van acadando.

Por outra parte, coincídese en destacar a mellor valoración que se fai daqueles sistemas de captación máis informais, (redes de coñecidos), fronte aos máis recentes (internet, campañas publicitarias).

Sobre a opinión que as ONGDs fan do apoio prestado polas distintas Administracións públicas aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento

A baixa valoración obtida por algunhas administracións pode estar relacionada coa distancia, o descoñecemento e as dificultades para acceder ás axudas e subvencións das convocatorias (caso da administración europea). Valoráronse como escasos os recursos dispoñíbeis para a cooperación internacional dalgunhas administracións (deputacións e concellos). Neste senso, considérase que a mellor valoración da Administración autonómica pode deberse tanto a unha maior cercanía ás ONGDs, como ao desenvolvemento de liñas estables de axudas e apoio ao sector. Non só inflúe a contía das axudas económicas, senón o coñecemento efectivo das cuestións relacionadas coa cooperación internacional, a receptividade da administración cara ao sector, a estabilidade das liñas de apoio e a evolución temporal destas variables.

Por último, apuntouse a necesidade de manter unha postura crítica desde as ONGDs respecto ao escaso apoio que as distintas forzas políticas fan á cooperación ao desenvolvemento nos seus programas electorais.

A continuación fíxose unha breve presentación audiovisual dos aspectos máis importantes dos discursos recollidos nas entrevistas grupais feitas a voluntarios/as

ONGDs grandes e pequenas

Coincídese á hora de comprender que o voluntariado valora máis positivamente e que lle parezan máis atractivas ás ONGDs *pequenas*, pois nestas o seu traballo é

máis relevante. As características deste tipo de ONGDs posibilitalles participar na definición do traballo e na formulación das accións desenvolvidas na entidade.

Mentres nas pequenas ONGDs existe unha maior vinculación persoal co proxecto, nalgunhas ONGDs moi grandes, o colectivo de voluntarios e o persoal da delegación galega teñen pouca marxe para influír na configuración do proxecto que xa vén definido da casa matriz, limitándose moitas veces a unha presentación “mecánica” do mesmo ante a Administración. Existen nestes casos poucas posibilidades para a expresión das inquedanzas, opinións e ideas das/os voluntarias/os. Isto pode explicar o maior apego do colectivo coas formas de traballar das ONGDs *pequenas*, pois nelas séntense máis protagonistas. Existe unha valoración moi positiva do carácter voluntario do seu traballo que os define e resalta como grupo dentro da organización.

Voluntariado

Apúntanse os dous elementos que deben definir a implicación dun/ha voluntario/a nunha ONGD: voluntariedade (o que supón habilitar campos de traballo flexibles nos que os voluntarios definen a súa implicación de acordo coas súas posibilidades e expectativas e as posibilidades da ONGD), e que non sexa utilizado para cubrir postos de traballo. Considérase que as ONGDs, na maioría dos casos, non teñen unha estratexia a seguir para permitir a adaptación recíproca co voluntariado.

Destacouse a pertinencia de que o voluntariado asuma a necesidade dunha formación e experiencia previa para o desenvolvemento de certas tarefas e a importancia de evitar o “voluntarismo” cando o seu traballo non é o axeitado.

Remata a xuntanza á hora arriba indicada acordándose adiar o comezo da fase de elaboración de propostas para a próxima xuntanza.

Acta da cuarta xuntanza do Grupo de investigación-acción participativa

Mércores, 29 de xuño de 2005, Aula 17 da Escola Galega de Administración Pública. Santiago de Compostela
Comeza a xuntanza ás 19:00 horas e remata ás 21:00

Relación de participantes:

•ONGDs e Administración

Maika Beltrán Moreiras (Veterinarios sen Fronteiras-Vetermon), Félix Castro Latorre e Belén Rei Mariño (Amarante), Jose Luis Presedo (Entreculturas), Fidel Martín Rocha (Cruz Vermella Española), Virginia Romero Sobral (Devalar Consulting), Ramón Esteso (Médicos del Mundo), Amalia Álvarez Vega (InteRed), José Luís Luena (Jóvenes del Tercer Mundo), Isabel Iglesias (Acción contra a Fame), Anais (Enxeñeiros sen Fronteiras), Estela Mouriño (UNICEF).

• Administración autonómica

Pilar García Quince (Secretaría Xeral de Relacións coa U.E e Cooperación Exterior. Xunta de Galicia).

• Coordinadora Galega de ONGDs

Mar Lado (Secretaría Técnica)
Emilio Martínez Rivas

• Equipo de investigación.

Ana Lorenzo, Xaime Subiela, Rosa Muñiz e Xavier Sánchez (CIDADANIA)

Orde do día:

- Información da situación de execución do proxecto: contraste do listado das persoas a entrevistar.
- Que aspectos apuntan as ONGDs respecto da colaboración con outras entidades e do colectivo de voluntariado?.

O equipo de investigación comentou a realización de entrevistas en profundidade a axentes clave co obxectivo de contrastar información para o proxecto. O listado está conformado por persoas que desenvolven o seu traballo en diversos sectores: administración, medios de comunicación, entidades sociais, etc. Desde o grupo propúxose o interese por recoller a opinión dalgunha entidade ou empresa especializada na xestión e avaliación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento ou de apoio ás ONGDs.

Seguidamente o equipo técnico explicou a lóxica da xuntanza baixo a idea de abordar dúas cuestións que precisan dunha maior análise: unha é a relación entre entidades e outra é o colectivo de voluntariado.

Relación entre entidades

Atendendo á escasa colaboración cos colectivos sociais no deseño de proxectos e de actividades conxuntas, propúxose a elaboración dun mapa relacional de entidades. Esta ferramenta serve para identificar aos distintos actores segundo dúas dimensións: o poder que teñen na sociedade (entendido en forma de capacidade, é dicir, que ten que ver co nivel económico, mobilizador ou dinamiza-

dor social, etc) e o seu posicionamento (próximo, diferente ou antagónico) respecto dos obxectivos da cooperación ao desenvolvemento.

De cara ao deseño do mapa relacional e identificación dos actores dividiuse o grupo en parellas. Unha vez traballadas as propostas e expostas no plenario foise deseñando o esquema ata configurar o mapa relacional:

Seguidamente propúxose ao giap identificar as estratexias necesarias para xerar alianzas de mellora no traballo que desenvolven as ONGDs. Estas son algunhas das cuestións apuntadas:

- ANPAS e Universidade: considérase preciso traballar o ámbito educativo e así poder chegar á mocidade.
- Como mellora na estratexia de sensibilización e achega á cidadanía, considérase central contar cun apoio máis decidido por parte dos diferentes medios de comunicación.
- Respecto da colaboración con colectivos locais (entidades veciñais, de mulleres, educativas, etc), valórase a proximidade cos seus obxectivos e filosofía de traballo e a maior simpatía que espertan nas ONGDs na medida en que se visualizan como factores de cambio e concienciación social. Mesmo se apunta a facilidade relacional destes colectivos atendendo á súa dimensión local e á posibilidade que abren na contactación con outros actores que traballan no mesmo ámbito.

- Por outra banda reconécese o interese por acadar unha estratexia relacional coas fontes de poder económico, que poden axudar coas súas donacións en especie ou monetarias ao desenvolvemento de proxectos que levan a cabo as ONGDs.

Voluntariado

Outro punto a tratar na xuntanza consistía en cotexar e valorar as propostas que as entidades formularon na ficha respecto do voluntariado.

- Considérase necesario un apoio máis decidido e planificado desde a Administración de cara a xestión e formación de voluntariado.
- Establecer as bases para crear un fondo económico dirixido aos voluntarios. Coméntase que o colectivo asume ás veces certos gastos no desenvolvemento do seu traballo.
- Diseñar unha estratexia de xestión e participación dos voluntarios dirixido aos proxectos de desenvolvemento.
- Investir en accións formativas que melloren a eficacia e capacidade de xestión dos membros das organizacións (técnicos, directivos, voluntariado).
- Acadar unha maior presenza e participación das entidades coas administracións na organización conxunta de actividades, seminarios formativos (Fórol, Volunet, etc.).

